

foz

O Concello reforza o servizo de Madrugadores nos seus tres colexios públicos. **Páx. 7**

burela

Un robot desbrozador reforzará os labores de limpeza e desbroce no municipio. **Páx. 11**

a pontenova

O Centro de Atención a Maiores da Pontenova retoma o camiño cara á súa apertura. **Páx. 13**

cervo

Un investimento de 50.000 euros permitirá dotar de saneamento As Cabanas. **Páx. 16**

xove

A área recreativa de Vilachá gañará novas instalacións máis seguras e sostibles. **Páx. 22**

O ensino pide máis

A comunidade educativa reclama investimentos con planificación, prazos e financiamento para modernizar os centros de ensino



Galicia fai fronte ás altas temperaturas

As vagas de calor e os incendios falan de cambio climático real na comunidade. **Páx. 4**

A Deputación pide un cambio forestal

Carmela López reivindica políticas de prevención e investimento continuado. **Páx. 27**

Irmandade San Caetano



Unha romaría que segue facendo comunidade en Celeiro de Mariñaos. **Páx. 19**

Xogar, aprender e medrar



Nenea consolida en Mondoñedo un proxecto para transformar a educación. **Páx. 24**

Jansu-Ujeong



O club que funciona grazas ao compromiso das persoas. **Páx. 29**

Reforzan o dique de abrigo de Burela

As obras no dique consolidan a seguridade dun porto estratéxico para Galicia. **Páx. 30**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

A educación da comarca levanta a voz

O deterioro dos centros educativos reabre o debate sobre a necesidade de reformas integrais fronte aos pequenos arranxos, nunha comarca onde varios colexios reclaman actuacións para adaptar unhas instalacións con décadas de uso

Por Ana Somoza.

O CEIP Vista Alegre de Burela leva anos reclamando unha actuación que vaia máis alá das reparacións puntuais. A comunidade educativa considera que o estado actual do edificio require unha intervención integral e, ante a falta dunha resposta definitiva, decidiu impulsar mobilizacións para visibilizar unha situación que, segundo a presidenta da ANPA, Sara Calvo, “leva demasiado tempo expresándose a través do diálogo, dos escritos e das reunións”.

A responsable da asociación explica que tanto a ANPA como a dirección do centro traballaron durante anos pola vía institucional, elaborando informes e trasladando á Administración unha relación detallada das deficiencias existentes. “Presentamos escritos, fixemos unha memoria acompañada de fotografías e da normativa que xustifica as nosas demandas”, sinala. Porén, ante a ausencia dunha solución global, o Consello Escolar decidiu dar un paso adiante para defender “o dereito do alumnado a estudar nunhas instalacións dignas, seguras e adaptadas ás necesidades educativas actuais”.

DEFICIENCIAS. Segundo Sara Calvo, o problema principal é que o centro “xa non necesita pequenos arranxos, senón unha rehabilitación integral”. O edificio, con máis de catro décadas de antigüidade, acumula dife-



rentes problemas que afectan ao día a día do alumnado e do profesorado. Entre as cuestións máis destacadas están as humidades e filtracións, o deterioro dos baños, as ventás e persianas danadas, unha instalación eléctrica antiga, problemas de accesibilidade, gretas, pavimentos deteriorados e unha pista deportiva sen cubrir. Esta última circunstancia provoca, especialmente nos días de choiva, que moitos recreos teñan que desenvolverse dentro das aulas.

Pero a preocupación da comunidade educativa vai máis alá do desgaste propio dun edificio antigo. Calvo incide especialmente nos aspectos relacionados coa seguridade e coa accesibilidade. “Un colexio debe ser un espazo seguro”, afirma, lembrando que o edificio principal conta con tres plantas e non dispón dun ascensor operativo que permita garantir a mobilidade de todas as persoas que forman parte da comunidade educativa. Tamén reclama revisar o Plan de Autoprotección do centro e garantir que as instalacións cumpren as condicións necesarias para unha correcta evacuación. Ao seu xuízo, estas cuestións “non poden depender de solucións temporais ou de pequenos arranxos”.

APOIO. As mobilizacións realizadas nas últimas semanas recibiron, segundo a presidenta da ANPA, unha resposta moi positiva por parte da veciñanza e da comunidade educativa. “O Vista Alegre é moito máis ca un edificio, é unha gran familia”, destaca. Sara Calvo asegura que sentiron o apoio das familias, do profesorado, do equipo directivo, dos antigos alumnos, dos avós e avoas e de moitas persoas que, aínda sen acudir ás concentracións, trasladaron a súa solida-

riedade. “Hai días difíciles, pero saber que non estamos sós danos forza para seguir loitando”, explica.

“Anos de uso deixaron pegada nunhas instalacións que precisan unha nova etapa”

“Xa non son pequenos arranxos, é necesaria unha rehabilitación integral”

REFORMA. A petición da comunidade educativa é clara: unha rehabilitación integral que permita adaptar o centro ás necesidades actuais. Sara Calvo explica que durante anos se realizaron actuacións concretas para solucionar problemas urxentes, pero considera que “non resolven o problema de fondo”. A situación empeorou, segundo relata, tras coñecerse o rexeitamento no Parlamento dunha proposta para impulsar a reforma. “Recibimos esa noticia con moita decepción e tristeza, porque os problemas seguen estando aí cada día”, afirma. Con todo, asegura que esa decisión non freará a reivindicación. As familias, di, continúan unidas e convencidas de que a demanda é xusta. “Hai preocupación e enfado, pero sobre todo unión”, explica, destacando que ese apoio reforzou a vontade de continuar.

COMPROMISO. Desde a ANPA recoñecen algunhas actuacións realizadas pola Administración,

“As instalacións educativas afrontan o reto de responder ás necesidades actuais do ensino”

“O verán é simplemente unha pausa nas mobilizacións, non no noso compromiso”

como a substitución de luminarias no edificio número dous ou a reparación de canlóns deteriorados. Tamén mencionan o cambio previsto de cinco ventás no comedor e na aula de Pedagogía Terapéutica. Porén, consideran que estas medidas son insuficientes. “Necesitamos unha folla de ruta real, con planificación, prazos e unha intervención global”, reclama Calvo. Tamén cuestiona que problemas como as humidades estean completamente solucionados, xa que asegura que “a auga segue

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077
Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460
Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111
Muras: Pza. da Galeguidades, 11 - 982 500 027
Muimenta: Avda. de Villalba, 38 - 982 504 080
O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198
Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049



saíndo polo mesmo sitio”. A súa petición á Consellería de Educación é que visite o centro e comprobe directamente a situación. “Que vexan cos seus propios ollos o estado real do colexio e que escoiten ao profesorado, ao equipo directivo e ás familias”, solicita.

FUTURO. A chegada do verán supuxo unha pausa nas concentracións, pero non na reivindicación. A ANPA continuará mantendo reunións, buscando apoios e preparando novas accións para o inicio do curso. “O verán é simplemente unha pausa nas mobilizacións, non no noso compromiso”, resume.

Malia as dificultades, Sara Calvo insiste en destacar os valores do CEIP Vista Alegre: un centro con profesorado implicado, familias participativas e alumnado que mantén viva a actividade educativa. Precisamente por iso considera necesario actuar canto antes.

“Cada ano que pasa sen unha intervención real fai que os problemas se agraven”, advirte. Pero máis alá do custo económico, destaca unha consecuencia que considera máis importante: “o tempo”. “Os cursos pasan, os ne-

nos e nenas medran e a infancia non espera”, conclúe.

A presidenta da ANPA lembra ademais que a reivindicación non pretende cuestionar o valor do traballo que se realiza cada día no centro, senón reclamar unhas condicións acordes coa importancia do labor educativo. “Temos un profesorado marabilloso, un equipo directivo implicado e unhas familias que participan e se preocupan”, destaca. Precisamente por esa implicación da comunidade educativa, considera que o colexio merece contar cunhas instalacións á altura do proxecto que desenvolve. Para Sara Calvo, investir no Vista Alegre é tamén investir no futuro de Burela e garantir que as novas xeracións poidan medrar nun espazo seguro, accesible e preparado para os retos educativos actuais.

A comunidade educativa agarda agora que a mobilización permita abrir unha nova etapa de diálogo e que se traduza nun compromiso concreto: un proxecto definido, un calendario e unha partida económica que permita que o Vista Alegre teña as instalacións que, segundo defenden as familias, merece.

OUTROS CENTROS TAMÉN RECLAMAN MELLORAS



A situación do CEIP Vista Alegre de Burela non é un caso illado na Mariña lucense. Outros centros educativos da comarca levan anos trasladando ás administracións problemas relacionados co estado dos edificios, a accesibilidade e a necesidade de actuacións que vaian máis alá das reparacións puntuais.

No CEIP O Vicedo, o principal problema céntrase no estado das ventás dos edificios máis antigos, mentres que en A Pontenova o Concello reclama unha actuación integral para renovar un colexio que acumula medio século de funcionamento sen reformas estruturais de importancia.

Desde o CEIP O Vicedo explican que as fiestras son actualmente a maior carencia do centro. Segundo indican, algunhas están deterioradas e permiten a entrada de auga nalgúns aulas, provocando problemas de humidade. A pesar das actuacións realizadas no interior das instalacións, como traballos de pintura, a situación volve repetirse porque os peches actuais non ofrecen un illamento adecuado.

O centro lembra que os dous edificios afectados teñen arredor de cen anos e que presentan importantes diferenzas fronte á parte máis moderna do colexio, onde as ventás xa foron renovadas. Esta situación provoca contrastes de temperatura entre os distintos espazos, dificultando o confort do alumnado e do profesorado. Desde o colexio consideran que a substitución das ventás debería ser unha actuación prioritaria, xa que permitiría mellorar tanto as condicións das

aulas como a conservación do propio edificio.

A comunidade educativa sinala que non se trata dunha intervención puntual para cambiar algunhas unidades danadas, senón dun problema estrutural que require unha solución global. Ao seu xuízo, manter as actuais ventás antigas seguirá xerando humidades e outras dificultades no funcionamento diario do centro.

Pola súa banda, o alcalde da Pontenova tamén mostrou a súa preocupación polo estado do CEIP do municipio e pola falta, polo momento, dun proxecto definido para acometer unha reforma de maior alcance. O rexedor explicou que trasladou esta necesidade á Xunta durante a visita do delegado territorial e defendeu que o colexio precisa algo máis que pequenas melloras.

Segundo indicou, trátase dun edificio con 50 anos de antigüidade que require unha reforma integral para adaptarse ás necesidades actuais. Desde a Administración autonómica sinalouse a dificultade de executar este ano unha actuación de gran dimensión, aínda que existiría o compromiso de realizar intervencións concretas, como a mellora dos baños, aseos e algunhas ventás.

O alcalde considera insuficientes estas actuacións illadas e insiste en que o centro precisa unha renovación profunda que permita garantir o seu funcionamento durante as próximas décadas. Ademais, lembra a forte vinculación emocional da veciñanza co edificio, polo que varias xeracións pasaron polas súas aulas sen que se acometesen cambios estruturais relevantes.

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³



ENCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



CORBAR MAQUINARIA

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Galicia fronte á calor e os incendios

Xuño bateu récords históricos en Europa occidental, xullo mantivo a sucesión de ondas de calor e os incendios volveron evidenciar que o cambio climático xa condiciona un territorio tradicionalmente asociado a un clima suave

Durante décadas, Galicia viviu coa percepción de ser un refuxio climático dentro da Península Ibérica. Mentres o sur de España soportaba temperaturas superiores aos 40 graos e longos períodos de seca, o noroeste conservaba unha imaxe ligada á humidade, ás precipitacións frecuentes e aos veráns moderados. Porén, esa realidade leva anos cambiando e o verán de 2026 converteuse nun dos exemplos máis claros de que o clima galego tamén está a transformarse. As ondas de calor deixaron de ser episodios excepcionais para converterse nun fenómeno recorrente. Os datos recompilados por organismos como Copernicus (C3S), AEMET, MeteoGalicia ou a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM) apuntan na mesma dirección: Europa quéntase a un ritmo moi superior á media mundial e a Península Ibérica figura entre as rexións máis vulnerables a este proceso.

XUÑO 2026: MES HISTÓRICO

O primeiro gran aviso chegou antes mesmo de iniciarse oficialmente o verán. Segundo Copernicus, xuño de 2026 foi o mes de xuño máis cálido xamais observado en Europa occidental. A temperatura media alcanzou os 20,74 graos, situándose 3,06 graos por riba da media do período 1991-2020. O dato supera incluso os rexistros de xuño de 2025 e do histórico verán de 2003. No conxunto de Europa, xuño foi o segundo máis cálido desde que existen rexistros da serie ERA5. Para a comunidade científica, estes datos non representan unha simple anomalía meteorolóxica, senón unha mostra máis dunha tendencia de quecemento sostido. En España, a AEMET cualificou xuño como o segundo máis cálido desde o inicio da serie histórica en 1961, cunha temperatura media peninsular de 23,3 graos, 3,2 graos por enriba da media climática. Ademais, foi o terceiro xuño máis seco da serie,

cunhas precipitacións que apenas alcanzaron o 39 % do habitual.

A propia AEMET destaca un dato significativo: dos 15 meses de xuño máis cálidos rexistrados en España, 13 pertencen ao século XXI, o que confirma que o aumento das temperaturas xa non responde a episodios illados.

Galicia tampouco escapou desta situación. Durante xuño e xullo encadeou varios episodios de calor intenso que obrigaron á activación de avisos por altas temperaturas. A Xunta, a través de MeteoGalicia, Protección Civil e a Consellería de Sanidade, mantivo activo o Plan de actuación fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde, especialmente dirixido ás persoas maiores, nenos pequenos, embarazadas e pacientes con enfermidades crónicas.

En paralelo, MeteoGalicia emitiu sucesivos avisos amarelos e laranxas, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo, onde as masas de aire cálido procedentes do norte de África provocaron valores pouco habituais. As catro capitais galegas rexistraron temperaturas moi superiores ás habituais. Ourense volveu situarse como a cidade máis calorosa de Galicia, superando amplamente os 40 graos durante varios episodios. Lugo, Santiago e A Coruña tamén alcanzaron máximas que hai apenas dúas décadas resultaban extraordinarias. Se xuño marcou un punto de inflexión, xullo confirmou a tendencia. O interior galego concentrou os rexistros máis elevados, con Ourense alcanzando os 42,5 graos, un dos valores máis altos do ano e moi próximo aos seus récords históricos. Entre finais de maio e comezos de xullo, a estación de Ourense superou os 30 graos en 33 dos 45 días analizados, unha frecuencia inédita para un período que incluía parte da primavera. Lugo rexistrou máximas próximas aos 39 graos, mentres Monforte de Lemos superou os 40 durante os episodios máis intensos. Valdeorras, Verín e O Ribeiro volveron situarse



entre as comarcas máis calorosas da comunidade. Mesmo as cidades costeiras experimentaron temperaturas pouco habituais. Vigo rexistrou 39,1 graos, a temperatura máis alta do século, mentres Santiago, Pontevedra e A Coruña superaron amplamente os 30 graos durante varias xornadas.

OS INCENDIOS

O incremento das temperaturas, unido á escaseza de precipitacións e á baixa humidade ambiental, converte o monte nun combustible extremadamente vulnerable. Durante o mes de xullo, España viviu unha das crises de incendios máis graves dos últimos anos, con miles de hectáreas queimadas e numerosos desaloxos. A situación levou ao Goberno central a declarar a emerxencia de interese nacional polos grandes incendios de Madrid e Ávila. Galicia tampouco permaneceu allea. Ao longo do verán rexistráronse numerosos incendios forestais, varios deles na provincia de Lugo, onde as elevadas temperaturas, o vento e a seca favoreceron a rápida propagación do lume. A Ribeira Sacra continúa sendo un dos territorios que máis preocupa aos especialistas pola combinación dunha orografía complexa, o abandono do territorio e a elevada carga de combustible vexetal.

Os científicos levan décadas advertindo de que o quecemento global non significa simplemente que “faga máis calor”. O verdadeiro cambio prodúcese na frecuencia, intensidade e duración dos fenómenos extremos.

As temperaturas medias aumentan, as ondas de calor son máis frecuentes, os períodos secos prólonganse e as precipitacións concéntranse en episodios máis intensos. Ao mesmo tempo, o mar tamén experimenta

un incremento da súa temperatura superficial, afectando aos ecosistemas mariños.

CAMBIO CLIMÁTICO

Unha das cuestións máis debatidas arredor do cambio climático é ata que punto a actividade humana é responsable do aumento das temperaturas. Neste aspecto, a comunidade científica mantén un consenso practicamente unánime. O IPCC conclúe que é inequívoco que a influencia humana quentou a atmosfera, os océanos e a superficie terrestre desde mediados do século XIX. Esa afirmación baséase en miles de estudos científicos revisados por expertos de todo o mundo e constitúe a maior avaliación internacional realizada ata o momento sobre o estado do clima. As conclusións coinciden coas publicadas pola NASA, a Administración Nacional Oceánica e Atmosférica dos Estados Unidos (NOAA), a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), Copernicus e a propia AEMET. O principal responsable deste proceso é o incremento da concentración de gases de efecto invernadoiro, dióxido de carbono (CO₂), metano (CH₄) e óxido nítrico (N₂O), emitidos maioritariamente pola queima de combustibles fósiles, a industria, o transporte, determinadas actividades agrícolas e a deforestación.

O ECOLOXISMO GALEGO

As organizacións ecoloxistas levan anos advertindo de que Galicia afronta unha transformación profunda do seu territorio se non se reducen as emisións e non se adapta a xestión do medio natural. ADEGA insiste na necesidade de apostar por unha política forestal baseada na diversidade de especies, na recuperación do mosaico agroforestal

e na revitalización do rural como ferramentas fundamentais para reducir o risco de grandes incendios. A entidade leva tempo reclamando unha planificación que priorice a prevención fronte á extinción e que limite a expansión de masas forestais continuas dominadas por especies pirófitas. Nunha liña, Ecoloxistas en Acción Galicia considera que os episodios de calor extremo e os incendios forestais deixaron de ser situacións excepcionais para converterse nunha nova realidade climática. A organización reclama acelerar a transición enerxética, reducir a dependencia dos combustibles fósiles, protexer os ecosistemas e reforzar as políticas públicas de adaptación.

UN RETO PARA A SAÚDE

Segundo o Ministerio de Sanidade e a Organización Mundial da Saúde, as ondas de calor incrementan a mortalidade e as hospitalizacións, especialmente entre persoas maiores, pacientes con enfermidades cardiovasculares ou respiratorias, nenos pequenos e colectivos vulnerables. Os especialistas lembran tamén que a calor extrema pode afectar á saúde mental, reducir a capacidade de concentración e incrementar o risco de accidentes laborais, polo que insisten na necesidade de adaptar horarios e condicións de traballo durante os episodios máis intensos. Os datos do sistema de Monitorización da Mortalidade Diaria (MoMo) do Instituto de Saúde Carlos III, indican que en Galicia 88 persoas faleceron durante o mes de xuño por causas relacionadas coas altas temperaturas, mentres que nos catro primeiros días de xullo contabilizáronse outras seis mortes atribuíbles ao calor. En España, 937 falecementos atribuíbles ás altas temperaturas.

Celebra o teu día

¡¡Facemos que cada momento sexa único!!

Creamos decoracións para eventos

• Bodas
• Comuñóns
• Aniversarios

• Bautizos
• Cumpleanos
• Inauguracións

Consúltanos no 607 043 867 e sigúenos en RR.SS.

Rúa Pardo Bazán, 12 • 27880 • Burela

A Deputación impulsará actuacións en seis estradas provinciais

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación de novos proxectos destinados á mellora da rede viaria provincial nos concellos de Cervo, Mondoñedo e Ourense, unhas actuacións que suman un investimento superior aos 782.000 euros. As intervencións permitirán rehabilitar distintos tramos de estradas provinciais, reforzando a seguridade da circulación e mellorando a conexión entre parroquias e servizos básicos.

En Mondoñedo, a Deputación investirá 255.837,27 euros na renovación do firme de dous treitos das estradas LU-P-3103, que comunica Lindín con Santa María Maior, e LU-P-3106, entre Os Remedios e Romariz por Estelo. Trátase de dúas vías de especial relevancia para a mobilidade entre diferentes núcleos do municipio e para a conexión co concello de Abadín.

No caso de Ourense, o orzamento ascende a 276.688,33 euros para rehabilitar tres tramos da estrada LU-P-3801, que enlaza a capital municipal con O Carme e As Lobeiras. Os traballos realizaranse en diferen-



tes puntos do trazado para mellorar as condicións de circulación ao longo da vía.

Pola súa banda, en Cervo executárase unha actuación valorada en máis de 250.000 euros sobre as estradas LU-P-1503 e LU-P-1505. Na primeira delas, que conecta Río Covo con Vilaestrofe pasando por Trasbar, actuarase entre os puntos quilométricos 2,600 e 4,360, dando continuidade ás melloras acometidas anteriormente pola institución provincial. A intervención permitirá optimizar unha vía moi utilizada polos veciños de parroquias como Trasbar ou Castelo e que facilita o acceso a instalacións deportivas, ao Miradoiro de

Monte Castelo e á conexión coa LU-P-1502, principal enlace con Burela e co Hospital da Mariña.

A segunda actuación desenvólvese na LU-P-1505, que comunica o casco urbano de Cervo coa estrada nacional N-642 e coa parroquia de San Román de Vilaestrofe, onde se renovará un tramo de algo máis de dous quilómetros.

En todos os proxectos previstos realízanse traballos de limpeza e apertura de cunetas, melloras no sistema de drenaxe, corrección de deficiencias puntuais, renovación do firme mediante mestura bituminosa en quente e reposición da sinalización horizontal.

Comeza o Festival Bal y Gay con 14 concertos



A Mariña volverá converterse este verán nun escenario para a música clásica coa celebración da XIII edición do Festival Bal y Gay, que terá lugar ata o 21 de agosto con 14 concertos en diferentes espazos da comarca e unha actuación en Lugo.

A programación desta décimo terceira edición xa comezou e seguirá coa soprano Auxiliadora Toledano e o pianista Javier Carmona o 7 de agosto ás 21.00 horas no Mosteiro de San Salvador de Lourenzá, mentres que o 8 de agosto, ás 20.30 horas, a Basílica de San Martiño de Foz recibirá ao violista Antoine Tamestit e á violinista Alexandra Preucil.

Este primeiro bloque pecharase o 9 de agosto ás 19.30 horas no Auditorio Fuxan Os Ventos de Lugo co concerto do pianista ruso Grigory Sokolov, que suporá o seu regreso a Galicia tras dúas décadas e a estrea do Festival Bal y Gay na capital lucense.

A segunda parte da programación iniciárase o 13 de agosto ás 21.00 horas na Igrexa de Santa María del Campo de Ribadeo coa Real Filharmonía de Galicia, baixo a dirección de César Ramos.

O 14 de agosto ás 20.30 horas, o Auditorio Casa da Cultura de Bu-

rela acollerá a actuación do tenor Santiago Ballerini, a soprano Bertha Perles e o pianista Javier Carmona.

O Pazo de Fontao de Foz será o escenario do concerto do 15 de agosto ás 20.30 horas, protagonizado por Iria Folgado (oboé e corno inglés), Raquel Areal (violín), Sara Areal (violín), Marta Rodríguez Otero (viola) e Millán Abeledo Malheiro (violonchelo).

O segundo bloque rematará o 16 de agosto ás 20.00 horas no Palacio Santa Emilia de Mondoñedo cun concerto-conferencia dedicado a Marcial do Adalid, a cargo de Martín Llade e Clara Corrales, de Radio Clásica - RNE.

O último tramo do festival comezará o 17 de agosto ás 20.30 horas no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo coa pianista Yuliana Avdeeva. O día 18, tamén ás 20.30 horas, o Teatro Pastor Díaz de Viveiro acollerá a actuación de La Ritirata con Josetxu Obregón.

A Catedral de Mondoñedo recibirá o 19 de agosto ás 21.00 horas á Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias, dirixida por Miguel Sepúlveda. O 20 de agosto ás 20.30 horas será a quenda de KamBrass no Museo e Fábrica de Sargadelos de Cervo.

Aba Taano ofrecerá concertos solidarios

A música africana volverá soar na Mariña este mes de agosto cunha programación solidaria destinada a apoiar o traballo da ONG Música para Salvar Vidas, entidade que impulsa proxectos educativos e culturais para menores en situación de vulnerabilidade en Uganda. A iniciativa inclúe actuacións en Lourenzá, Burela e Ribadeo, combinando música, danza e cooperación internacional.

A primeira cita celebrarase o 13

de agosto, ás 20.30 horas, no claustro do Seminario de Lourenzá, coa actuación de Uganda Sticks e Os Grandes Tambores de Ruanda, un espectáculo de percusión e danza tradicional africana que estará acompañado dunha festa con viño, bebidas e petiscos. En caso de choiva, trasladarase ao Multiusos Ponte de Cuñas.

A programación continuará coa xira do grupo vocal Aba Taano,

que ofrecerá concertos o 21 de agosto no Auditorio de Burela, o 22 na igrexa de Ribadeo e o 23 na Concatedral de San Xiao de Ferrol. Toda a recadación destinarase á mesma ONG. As entradas para os concertos de Aba Taano custan 12 euros para o público xeral e 6 euros para menores de 12 anos, podendo adquirirse en Giglon, nos puntos de venda habilitados e, se hai dispoñibilidade, antes de cada actuación.

NOVAS

foz

As festas de San Lourenzo e a Feira de Gando volverán ser as grandes citas de agosto

Foz afronta un gran mes de agosto coa celebración de dúas das citas máis destacadas do seu calendario estival: as festas patronais de San Lourenzo, que se desenvolverán do 7 ao 11 de agosto, e a XII Feira de Gando de Cangas, prevista para o día 16. Música, tradición, actividades populares e propostas vinculadas ao mundo rural protagonizarán unha programación pensada para atraer tanto á veciñanza como aos visitantes.

As festas patronais arrancarán o 6 de agosto cun concerto de Mar Aberto na Praza Rosalía de Castro como antesala do programa oficial. O pregón, a cargo de José Manuel Romero Moreno, Conde de Fontao, abrirá as celebracións o día 7, seguido da actuación de Pantera Rosa. Durante as seguintes xornadas sucederanse as sesións vermú e as verbenas con Eric

Hidalgo Prime, Miramar, Magos, Finisterre, Platinum e América de Vigo. O 10 de agosto, festividade de San Lourenzo, celebrarase a misa solemne, a procesión acompañada por O Feitizo e o tradicional espectáculo de fogos artificiais. O peche chegará o día 11 co concerto do grupo Nostalgia.

O 16 de agosto, a área recreativa de Os Castros, na parroquia de Cangas, acollerá a XII Feira de Gando. O programa incluírá exposición de gando, mercado tradicional, paseos gratuítos a caballo, obradoiros, degustación de polbo, animación musical e sorteos. Pola tarde disputaranse as carreiras de andadura e distintas probas ecuestres, nas que será obrigatorio cumprir a normativa de benestar animal e contar coa documentación e seguro correspondentes.

Foz reforza a atención domiciliaria con máis prazas no Xantar na Casa

O Goberno municipal de Foz levará ao próximo pleno a aprobación dunha addenda ao convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para ampliar de 20 a 35 as prazas do programa Xantar na Casa, eliminando así a lista de agarda existente nos Servizos Sociais. A medida será posible grazas ao incremento da partida destinada ao servizo no orzamento municipal de 2026. A concelleira de Servizos Sociais, Ana Rojo, explicou que este programa busca favorecer que as persoas maiores, dependentes ou con mobilidade reducida poidan permanecer nos seus fogares, garantindo unha alimentación equilibrada e adaptada ás súas necesidades. Ademais, destacou que tamén supón un importante apoio para as familias ao reducir a carga dos coidados. O servizo ofrece menús sema-



nais a domicilio, distribuídos os mércores en envases individuais preparados para conservar en frío e quentar no momento do consumo. As persoas usuarias que non dispoñan de neveira ou microondas poden solicitar o préstamo gratuítu destes electro-

domésticos.

O alcalde, Fran Cajoto, lembrou que o programa iniciou a súa actividade en 2020 con dez usuarios e destacou o seu crecemento. O financiamento é compartido entre a Xunta, o Concello e as persoas beneficiarias.

O PP critica a falta dun plan de rozas e denuncia o estado das zonas verdes en Fazouro



O Grupo Municipal do Partido Popular de Foz volveu reclamar ao Goberno local a elaboración dun plan de rozas que permita programar os traballos de mantemento das zonas verdes do municipio e evite, segundo sostén, os problemas que se repiten cada verán nas parroquias e nas áreas recreativas.

Desde a formación popular lembran que esta proposta foi presentada nos últimos plenos municipais, onde, aseguran, foi rexeitada polo executivo encabezado polo alcalde Fran Cajoto. Ao seu xuízo, a ausencia dunha planificación está a provocar unha falta de conservación en distintos espazos públicos.

Como exemplo desta situación, o PP sinala o estado no que se atopa a parroquia de Fazouro, onde, segundo denuncia, a vexetación medrou de forma considerable en diferentes zonas de lecer. Entre elas citan unha cancha deportiva e un parque infantil, espazos nos que consideran que a herba alta dificulta o seu uso e prexudica a imaxe do municipio.

Os populares insisten en que unha programación periódica dos desbroces permitiría actuar de maneira preventiva e manter en mellores condicións tanto as parroquias como as áreas recreativas durante os meses de maior afluencia de veciños e visitantes.

Os fallos estruturais obrigan a manter pechada a pasarela peonil entre A Rapadoira e Llas



O viaduto de madeira que une as praias da Rapadoira e Llas, en Foz, permanecerá pechado durante todo o verán tras detectarse un avanzado deterioro na súa estrutura. Os informes técnicos revelan unha importante corrosión nos soportes metálicos que sosteñen as vigas transversais, o que impide garantir a seguridade das persoas usuarias e obrigou a clausurar o paso.

O peche produciuse hai dous meses e coincide co reforzo das inspeccións en pasarelas litorais de todo o Estado despois do accidente rexistrado en marzo en Santander, onde o derrubamento dunha estrutura provocou a

morte de seis persoas.

Ante esta situación, o alcalde de Foz, Fran Cajoto, mantivo unha reunión co xefe da Demarcación de Costas de Galicia, Carlos Gil, para analizar o estado da infraestrutura. Tras avaliar o risco, acordouse manter a pasarela inhabilitada mentres se estuda a solución máis axeitada para a súa reparación. Polo momento non existe unha data prevista para a reapertura, xa que os técnicos deben definir o tipo de intervención estrutural necesaria. Como alternativa, o Concello habilitou un itinerario seguro que permite conectar ambas praias sen utilizar o tramo afectado.

O BNG denuncia o abandono e a saturación no Punto Limpo

O grupo municipal do BNG de Foz denunciou o estado no que se atopa a zona de acopio de restos vexetais do Punto Limpo, que, segundo asegura, presenta unha acumulación de refugallo fóra do espazo habilitado debido ao colapso das instalacións. A formación considera que esta situación ofrece unha imaxe de deixadez e evidencia a falta de mantemento por parte do goberno local.

Os nacionalistas lembran que xa advertiran desta problemática no pleno do pasado mes de marzo, sen que, ao seu xuízo, se adoptasen medidas para corríxila. Pola contra, aseguran que a situación empeorou e que os restos de poda e xardinería continúan amoreados na explanada próxima ás instalacións da protectora de animais, en lugar de permanecer dentro do recinto destinado a este fin.

O BNG recorda tamén que foi a propia formación a que impulsou en 2022 a creación deste espazo para ordenar a xestión dos residuos vexetais. Por este motivo, critica a falta de operatividade do executivo municipal e reclama a retirada inmediata dos materiais acumulados, así como unha xestión ambiental máis eficaz, sostible e continuada no tempo.

O Concello reforzará o servizo de Madrugadores con novas axudas

O Concello reforzará o servizo de Madrugadores nos tres colexios públicos do municipio mediante unha nova liña de subvencións dirixida ás ANPAS, co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral. O alcalde, Fran Cajoto, e a concelleira de Educación, Elena Martínez Pena, mantiveron unha reunión cos representantes das asociacións dos centros Fondo Nois, CEIP Número 1 e O Cantel para coordinar a organización do servizo de cara ao próximo curso.

Por primeira vez, os orzamentos municipais incorporan unha partida específica para este programa dentro das subvencións nominativas. O Concello destinará 13.500 euros, distribuídos en tres achegas de 4.500 euros para cada ANPA, co propósito de que o servizo resulte accesible para todas as familias.

A concelleira destacou o importante labor que desenvolven as asociacións na xestión desta iniciativa e explicou que a reunión tamén



serviu para abordar os trámites administrativos e coñecer outras necesidades dos centros educativos, comprometéndose o Concello a seguir colaborando na súa mellora. Pola súa banda, o alcalde lembrou que a colaboración municipal co servizo comezou no seu primeiro mandato grazas ao impulso das ANPAS e do entón concelleiro Héctor Moris, e asegurou que este modelo permitirá consolidar un recur-

so que considera esencial para as familias.

Cajoto defendeu ademais que este servizo debería estar financiado pola Xunta de Galicia, como administración competente en materia educativa, e aproveitou para reclamar investimentos pendentes no CEIP O Cantel, especialmente a renovación da marquesiña do centro, que presenta un avanzado estado de deterioro.

Veciños das Torres reclaman solucións ante os balóns, danos en coches e intrusions



Un grupo de veciños da zona das Torres, a rúa Concello de Sarria e a urbanización Lagoas, en Foz, reclama ao Concello medidas que poñan fin aos problemas que, segundo denuncian, está a provocar a pista multideporte e o parque infantil situados nas inmediacións das súas vivendas. Os afectados explican que é habitual que os balóns utilizados na pista rematen nas súas terrazas, xardíns e propiedades privadas, unha situación que, segundo afirman, se intensificou este verán. Sinalan tamén que os impactos alcanzan con frecuencia os vehículos estacionados na zona e que, nalguna ocasión, chegaron a provocar a rotura do cristal dun coche.

Aseguran que non están en contra destas instalacións nin da práctica deportiva, pero consideran necesario adoptar medidas que permitan compatibilizar o seu uso co dereito ao descanso e ao respecto da propiedade privada. Entre as solucións que propoñen figura aumentar a altura dos peches da pista ou instalar sistemas que impidan que os balóns saian continuamente do recinto.

Os veciños relatan que os problemas van máis alá dos balóns. Segundo indican, atopáronse con adolescentes e outros usuarios chamando aos timbres das vivendas para recuperalos e, nalgúns casos, saltando os peches perimetrais ou accedendo ás parcelas sen autorización. Tamén denuncian que algunhas persoas utilizan a estrutura de acceso aos garaxes subterráneos para recuperar os balóns, unha práctica que consideran perigosa polo risco de accidente.

Esta situación, afirman, condiciona a súa vida diaria, xa que moitos evitan utilizar con tranquilidade as terrazas por temor a recibir un impacto. Ademais, alertan dos danos ocasionados nos vehículos.

Os afectados aseguran que xa trasladaron esta problemática ao Concello de Foz e presentaron unha denuncia ante a Policía Local durante o mes de xullo. Con todo, lamentan que aínda non se adoptasen medidas e insisten en que a súa petición non busca eliminar a pista, senón garantir unha convivencia adecuada entre os usuarios das instalacións e a veciñanza.

As Noites de Foz amplían a súa programación coa estrea do Laser Tag

O Concello de Foz continúa impulsando o programa As Noites de Foz, unha iniciativa de lecer alternativo dirixida á mocidade que volverá ofrecer durante o verán unha ampla programación de actividades deportivas e recreativas para participantes a partir dos 10 anos. O obxectivo é fomentar hábitos saudables e crear espazos de convivencia a través do deporte e do entretemento.

A programación desenvolverase principalmente na praia da Rapa-daira e no Polideportivo do Campo da Cabana. Como principal novidade desta edición, incorpórase unha sesión de Laser Tag, unha actividade de estratexia e habilidade ao aire libre que se suma á oferta de ocio nocturno para os máis novos.

O calendario completárase co tradicional torneo de vólei praia, que

se celebrará do 11 ao 13 de agosto; o fútbol praia, previsto entre o 17 e o 19 de agosto; e o campionato de baloncesto 3x3, que pechará a programación do 24 ao 26 de agosto.

Todas as actividades serán gratuítas, aínda que será necesario realizar inscrición previa enviando un correo electrónico a asnoites@concellodefoz.es ata o día anterior á celebración de cada proposta.



O punto limpo móbil continuará o seu percorrido

O Concello de Viveiro continúa coa programación do punto limpo móbil de 2026, un servizo itinerante que percorre as parroquias do municipio para facilitar a correcta reciclaxe dos residuos domésticos especiais e fomentar unha xestión máis sostible.

Durante o mes de agosto, o punto limpo permanecerá en Covas, xunto ao colexio, ata o 14 de agosto, e trasladarase posteriormente á Misericordia, nas inmediacións do IES María Sarmiento, onde estará dispoñible do 17 ao 31 de agosto.

O calendario continuará en setembro con dúas novas localizacións: Area, ao carón da igrexa, do 1 ao 15 de setembro, e Celeiro, na Piscina Municipal, do 16 ao 30 de setembro. O percorrido concluirá en Viveiro, no aparcadoiro da Variante, entre o 1 e o 15 de outubro.

Antes destas paradas, o servizo xa visitou Magazos, San Andrés de Boimente, San Pedro, Galdo, Landrove e Valcarría. O Concello lembra que o punto limpo móbil permite depositar residuos que non deben ir aos colectores convencionais e anima á veciñanza a utilizalo para contribuír ao coidado do medio ambiente e á correcta separación dos residuos.

O folclore internacional volverá tomar as rúas

Viveiro celebrará entre os días 5 e 9 de agosto a XLVI Mostra Folclórica Internacional, unha das citas culturais máis consolidadas do verán na cidade. Durante cinco días, a Praza Maior converterase no escenario principal dun evento que reunirá agrupacións de distintos países para achegar ao público a riqueza da música, a danza e os traxes tradicionais de diversas culturas.

A programación transformará o centro histórico nun espazo de encontro e intercambio cultural, favorecendo a convivencia entre participantes e espectadores a través do folclore internacional. A Mostra volverá reunir tanto á veciñanza como aos visitantes que elixen Viveiro para desfrutar das súas vacacións estivais.

Con esta nova edición, Viveiro reafirma o seu papel como un referente na promoción do patrimonio inmaterial e na difusión das expresións culturais de diferentes pobos, convertendo unha vez máis a Praza Maior no corazón da música e da danza tradicional durante o verán.

O BNG lamenta o rexeitamento das súas propostas para a contorna portuaria de Viveiro

O BNG de Viveiro criticou a decisión de Portos de Galicia de desestimar as alegacións presentadas ao proxecto de renovación e ampliación da concesión do supermercado Gadis situado na zona portuaria. A formación aclara que apoia a continuidade da actividade comercial e a modernización das instalacións, pero considera que esta actuación debería aproveitarse para acometer unha mellora integral dun espazo estratéxico da cidade.

A portavoz nacionalista, Iria Coteló, lembra que o inmoble se sitúa nun enclave privilexiado xunto á ría e ao casco histórico, mentres que o concelleiro Seve Salgueiro explica que as alegacións propoñían unha mellor integración da edificación na contorna, a renovación da urbanización, a creación de novas zonas verdes e a reorganización dos espazos, mantendo as actuais prazas de estacionamento.

O BNG tamén censura a resposta ofrecida por Portos de Galicia, ao considerar que reproduce os argumentos da empresa concesionaria e perde a oportunidade de impulsar unha rehabilitación da fachada



marítima. Os nacionalistas sosteñen que tanto o aparcadoiro do peirao como a contorna do Casino presentan un evidente estado de deterioro.

A pesar de que a maioría das súas propostas foron rexeitadas, a formación destaca que as súas alegacións permitiron incorporar ao proxecto un punto de recarga para vehículos eléctricos e melloras para favorecer o acceso en bicicleta, aínda que consideran estas medidas insuficientes. Ademais, lamentan a falta de implicación do goberno municipal nunha actuación que consideran clave para a transformación desta zona de Viveiro.

As Festas de San Roque encherán a vila de música

O municipio presentou a programación das Festas de San Roque 2026, que se celebrarán entre o 14 e o 18 de agosto cunha proposta que combinará música en directo, gastronomía e actividades pensadas para persoas de todas as idades.

A programación musical abrirase o venres 14 de agosto coa actuación da orquestra Suavecito, acompañada por Alana e o dúo Lina e Lola, nunha primeira noite que dará o pistoletazo de saída ás festas.

O sábado 15 de agosto será unha das citas máis destacadas do programa, coa presenza sobre o escenario do grupo Vivarium, Los Coleguitas e do cantante David Civera, un dos nomes máis coñecidos desta edición. A música continuará o domingo 16 coa actuación da orquestra Fuego e do grupo Niños Bravos, completando así tres noites consecutivas de concertos e verbena.

A programación reservará tamén espazo para outras propostas tradicionais. O luns 17 de agosto celebrarase a habitual sardiñada popular, unha actividade que cada ano reúne a numerosas persoas arredor dun dos



actos máis participativos das festas. As celebracións concluirán o martes 18 de agosto cunha xornada especialmente pensada para os máis pequenos. O Día da Cativada ofrecerá actividades de lecer e animación para que os nenos e nenas tamén sexan protagonistas do peche das Festas de San Roque.

Así mesmo, coñeceuse que a pregoeira será Mari Carmen López Gómez, coñecida como "Mari Carmen Chipe", profesora, promotora do folclore, fundadora de Bagoas da Terra, creadora da Mostra Folclórica Internacional e figura destacada da Semana Santa de Viveiro.

A Banda de Música O Landro crea a súa Banda Xuvenil

A Banda de Música O Landro presentou a súa nova Banda Xuvenil, un proxecto co que busca reforzar a formación das novas xeracións e garantir o relevo da agrupación nos próximos anos. A iniciativa pretende facilitar a incorporación progresiva de nenos, nenas e mozos á actividade musical, ao tempo que promove valores como o compañeirismo, o compromiso, a responsabilidade, o respecto e o traballo en equipo.

No acto de presentación tamén se fixo referencia á reunión mantida esta semana coas familias dos integrantes da Banda Xuvenil, tanto dos novos membros como dos que xa participaban na formación. Durante o encontro abordáronse aspectos relacionados coa organización dos ensaios, a importancia da asistencia e da implicación das familias, así como o coidado do material e das instalacións. Segundo a entidade, a acollida do proxecto foi moi positiva.

Ademais, realizouse un balan-



ce do obradoiro de construción de instrumentos musicais con material reciclado celebrado en xuño, que acadou unha valoración media de 4,98 sobre 5 entre as familias participantes. Todas as persoas enquisadas aseguraron que recomendarían esta actividade.

O Concello de Viveiro destacou o papel da Banda de Música O Landro na promoción da educación musical e da participación da mocidade, e anunciou que colaborará coa entidade na organización dun novo obradoiro durante o mes de setembro para dar continuidade a este proxecto formativo.

Os ríos Fontecova, Traspota e Pé de Boi contan con sinalización sobre o risco de inundación

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, instalou 27 paneis informativos en zonas con risco de inundación dos ríos Fontecova, Traspota e Pé de Boi, ao seu paso por Viveiro. A actuación busca informar á cidadanía sobre os riscos asociados ás chuvias intensas, así como difundir medidas preventivas e pautas de actuación ante posibles desbordamentos.

En concreto, colocáronse 7 paneis no río Fontecova, 14 no Traspota e 6 no Pé de Boi, áreas incluídas no Plan de Xestión de Risco de Inundación (PXRI) como zonas de alta perigosidade. A sinalización forma parte do Plan estratéxico de divulgación das áreas de risco potencial significativo de inundación (Pedarpsi), co obxectivo de mellorar a concienciación sobre a dinámica natural dos ríos e reforzar a seguridade da poboación.

A actuación, que supuxo un in-



vestimento superior aos 10.000 euros, inclúe paneis adaptados a diferentes públicos, entre eles materiais específicos para a infancia. Ademais, Augas de Galicia desenvolve obradoiros en centros educativos próximos ás áreas de risco para fomentar entre as novas xeracións o coñecemento sobre as inundacións e a importancia da protección das contornas fluviais.

O PSOE denuncia o estado de abandono da Atalaia de Celeiro

O Grupo Municipal Socialista de Viveiro levou ao último pleno unha batería de rogos para reclamar ao Goberno local actuacións de mellora en diferentes instalacións municipais e espazos públicos do concello. A formación asegurou que estas peticións respondían ás demandas trasladadas pola veciñanza e denunciou diversas carencias en materia de conservación, limpeza e mantemento que, ao seu xuízo, afectan á imaxe e ao correcto uso de distintos equipamentos municipais. Un dos principais asuntos fixo referencia á parroquia de Vieiro, onde o PSOE alertou do estado do Campo das Douradas. Os socialistas sinalaron que os vestuarios presentan portas deterioradas e paneis danados, mentres que o parque infantil do Souto da Feira e a súa contorna amosan un evidente abandono, con céspede moi deteriorado, vexetación acumulada e zonas que precisan ser acondicionadas. Tamén reclamaron a limpeza dos noiros próximos ao recinto deportivo e a retirada de materiais almacenados no interior do campo.

Entre as súas peticións figurou tamén a retirada das tubaxes de gran diámetro depositadas no aparcadoiro do Campo das Douradas, sobre as que solicitaron información acerca do seu destino e do tempo que permanece-



rán nese lugar. Ademais, instaron ao Executivo a retirar os montes de terra acumulados nun espazo onde proximamente se celebrará unha festa, así como a repoñer un poste de formigón e a rede existente.

Outra das iniciativas centrouse no Parque Pernas Peón, onde denunciaron o mal estado dos aseos públicos debido ás pintadas e aos actos vandálicos. A maiores, expresaron a súa preocupación pola situación do estanque dos patos, con pouca auga, sucidade, algas e mesmo un pato morto que, segundo indicaron, levaba varios días sen ser retirado. Por iso, reclamaron unha limpeza inmediata e a posta en marcha dun plan de mantemento periódico.

O PSOE tamén considerou insuficientes os traballos realizados recentemente na Atalaia de Celeiro, ao entender que aínda existen zonas con maleza e que as escaleiras de acceso continúan precisando reparacións.

Finalmente, solicitou información sobre as actuacións previstas no grupo de vivendas da Cabana, onde asegurou que persisten problemas derivados da vexetación e da falta de mantemento das zonas comúns. Ademais, preguntou polo estado do plan municipal de limpeza anunciado polo Goberno local, defendendo que un mantemento continuado resulta esencial para garantir a seguridade, a conservación e a boa imaxe dos espazos públicos de Viveiro.

O Concello dá un paso decisivo cara o novo PXOM



O Concello deu un novo paso no proceso para dotar ao municipio dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). O pleno aprobou inicialmente o documento por unanimidade de todos os grupos políticos, unha vez completados os informes preceptivos necesarios para continuar coa súa tramitación.

A alcaldesa destacou que a aprobación deste instrumento urbanístico responde á necesidade de contar cun marco de planificación actualizado que permita ordenar o territorio e favorecer o desenvolvemento económico e urbanístico de Viveiro. A rexedora agradeceu o traballo realizado polos técnicos municipais, o equipo redactor e todas as persoas que participaron na elaboración e revisión do documento, salientando a colaboración que fixo posible alcanzar esta fase.

Durante a sesión plenaria tamén se lembrou que o PXOM recibiu un total de 523 alegacións ao longo da súa tramitación. Ademais, Gueimunde recordou que a primeira aprobación do plan se remonta ao ano 2011.

Este punto deu lugar a un intercambio de opinións entre os distintos grupos da corporación. A portavoz do PSOE, María Lourei-

ro, defendeu que os atrasos acumulados durante estes anos non foron responsabilidade do Concello, senón que responderon á demora doutros organismos, como Augas de Galicia e a Xunta, na emisión dos informes necesarios. Pola súa banda, a voceira do BNG, Iria Coteló, advertiu de que o documento aínda deberá superar novos trámites administrativos e considerou probable que a Xunta introduza observacións ou solicite modificacións antes da súa aprobación definitiva.

Desde Por Viveiro, Bernardo Fraga respondeu ás intervencións socialistas lembrando que o anterior goberno municipal dispuxo de tempo suficiente para culminar o proceso, ao tempo que puxo como exemplo a aprobación do PXOM de Ribadeo, que saíu adiante cun goberno local do BNG e coa Xunta presidida polo PP.

Tras recibir a aprobación inicial do pleno, o documento será remitido agora á Xunta de Galicia para continuar coa súa tramitación ata a aprobación definitiva. O Concello confía en que este avance permita poñer fin a anos de provisionalidade urbanística e ofrecer ao municipio un instrumento que marque as liñas do seu desenvolvemento futuro.

A Romaxe do Bo Xantar volverá reunir tradición e gastronomía

A Romaxe do Bo Xantar de Naseiro celebrará unha nova edición entre os días 21 e 26 de agosto, convertendo un ano máis este recuncho de Viveiro nun dos grandes puntos de encontro festivos do verán galego. Declarada Festa de Interese Turístico de Galicia, a cita combinará gastronomía, tradición relixiosa e unha ampla programación musical pensada para públicos de todas as idades.

A apertura da romaría terá lugar o venres 21 de agosto coa celebración do tradicional Día do Polbo, unha das xornadas máis concorridas da festa, que estará acompañada pola actuación da batucada Kombarullo.

O sábado 22 de agosto, a programación incluírá, a partir das 13.30 horas, a misa na capela do campo da festa e a posterior procesión. Pola tarde e pola noite, a música correrá a cargo da orquestra Platinum e do grupo Pasión, que protagonizarán a



sesión vermú e a verbena.

Os actos relixiosos continuarán o domingo 23, tamén desde as 13.30 horas, cunha misa cantada pola Coral Alborada e a procesión. A xornada completárase coa actuación da orquestra La Ocaband e do grupo M3 Show.

A programación musical seguirá o luns 24 de agosto, cando a sesión vermú e a verbena estarán ameniza-

das pola orquestra Fuego e o grupo Arizona. Un día despois, o martes 25, será a quenda do Dúo Belinda e do grupo H3RMO, que porán ritmo á penúltima xornada da romaría.

A clausura chegará o mércores 26 de agosto coa celebración do Día do Neno, no que as atraccións do campo da festa ofrecerán prezos populares para facilitar a participación das familias.

A FAROLA
A FAROLA GALASTUR
Tu lugar de tapeo en Foz
Cocina tradicional gallega y asturiana

C/ MARINEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106

O PP denuncia o estado da recollida do lixo no municipio

O Partido Popular de Burela carga contra o servizo de recollida de residuos no municipio tras recibir unha queixa veciñal ao respecto, e aseguran que a situación está a repetirse en diferentes zonas da localidade.

Os populares sinalan como exemplo un colector situado na rúa Celso Emilio Ferreiro, que aparece completamente cheo e con bolsas de lixo depositadas na calzada ao seu carón, unha imaxe que, afirman, é extensible a outros puntos do concello.

Desde o PP censuran a xestión do goberno municipal nesta materia e sosteñen que a alcaldesa, Carmela López Moreno, respon-



sabiliza da situación á propia veciñanza. Os populares engaden ademais que, segundo denuncian, cando os veciños trasladan as súas queixas sobre o estado dos colectores, estes “desaparecen misteriosamente”.

O avance das obras reorganiza os accesos e o tráfico ao porto

As obras de canalización que se executan no porto de Burela obrigaron a reorganizar a circulación desde o pasado 20 de xullo, cando os traballos chegaron ao cruzamento da Moncloa, coñecido como a antiga Cruz Vermella. Este punto permanece pechado ao tráfico, polo que xa non é posible acceder ao recinto portuario desde a rúa Eijo Garay nin circular directamente entre o porto norte e o porto sur. O acceso ao porto norte realízase pola avenida da

Mariña, mentres que ao porto sur se chega a través da rotonda da avenida de Pomedá. Ademais, o tráfico procedente de Eijo Garay desvíase pola rúa Leandro Curny. Tamén permanece pechada a rotonda de ABSA ao tráfico xeral, aínda que se mantén o acceso ao varadoiro e ás instalacións de Armón. A previsión é que esta fase das obras se prolongue durante uns dous meses, coa posibilidade de habilitar un carril se o avance dos traballos o permite.

Nova edición de Verán Acuático con actividades para todos

O Concello de Burela puxo en marcha unha nova edición de Verán Acuático, unha iniciativa que pretende dinamizar o verán na localidade a través dun amplo programa de actividades de lecer vinculadas á auga e pensadas para persoas de todas as idades. A primeira das propostas celebrouse na Praia Urbana, onde nenos, nenas e familias participaron nunha tarde de xogos e entretemento nun dos espazos máis concorridos do municipio durante a tempada estival.

Esta cita marcou o inicio dunha programación que busca promover a convivencia, favorecer un ocio saudable e aproveitar os espazos públicos como lugares de encontro para veciñanza e visitantes ao longo dos meses de verán.

A oferta completárase con varias

saídas en kaiak previstas para os días 12 e 26 de xullo e 16 e 23 de agosto, unha actividade que permitirá achegarse ao litoral burelés desde unha perspectiva diferente e fomentar a práctica deportiva ao aire libre.

Como broche final, entre o 25 e o 28 de agosto, a praza do Concello e a praza da Mariña acollerán a instalación dun parque acuático, que converterá ambos espazos nun punto de diversión para o público infantil e familiar.

Desde o goberno local destacan que Verán Acuático forma parte da programación estival deseñada para ofrecer alternativas gratúitas de ocio, impulsar a vida social e crear espazos de convivencia mediante actividades accesibles, participativas e adaptadas.

O Concello aproba case 2 millóns para executar 27 actuacións

O Pleno extraordinario do Concello de Burela aprobou este luns unha modificación de crédito de 2.061.561,49 euros, financiada con cargo ao remanente de tesourería, para executar 27 actuacións orientadas á mellora de infraestruturas, equipamentos municipais, espazos públicos, zonas verdes, seguridade e servizos.

A maior partida, próxima aos 890.000 euros, dedicárase á renovación de infraestruturas, con actuacións como o asfaltado de varias rúas, o desenvolvemento do Plan de Orellas, o soterramento do cableado na praza da Mariña, melloras no Punto Limpo ou a expropiación de terreos xunto ao Hospital. Outros 500.000 euros destinaranse á reforma da biblioteca, á modernización das instalacións deportivas, á creación dunha cociña na praza de abastos, á mellora da eficiencia enerxética do local de Suafonte e a diferentes actuacións no Barco Museo. Ademais, preto de 400.000 euros permitirán remodelar parques e zonas verdes, incluíndo a reforma do parque Tíjola, unha tirolina en Suafonte e melloras no parque Rosalía de Castro e na praia da Marosa.



O expediente tamén contempla a substitución do semáforo do Campón, a adquisición de inmovilizados táser para a Policía Local, partidas para atrasos salariais, o convenio de Xantar na Casa e unha previsión para unha posible reclamación contractual relacionada coa taxa da auga. Segundo o goberno local, estas actuacións contribuirán á modernización de Burela e á mellora dos servizos municipais.

Pola súa banda, o Grupo Municipal do PP anunciou que adoptará medidas para, segundo afirma, “restituír

a legalidade subtraída”. O portavoz popular, Manuel Rouco, sostén que o expediente aprobado partía dun documento retirado anteriormente e que debía volver someterse á decisión do Pleno. Os populares consideran que a alcaldesa asumiu competencias que non lle corresponden e denuncian tamén un incremento do gasto respecto ao expediente inicial e a existencia dunha duplicidade de partidas por uns 45.000 euros, que, segundo indican, foi corrixida tras as advertencias realizadas durante a Comisión Informativa previa.

Burela reforza a colaboración co Fogar San Aníbal Os Castros



A alcaldesa de Burela, Carmela López, e a concelleira de Servizos Sociais, Alejandra Fernández, visitaron o Fogar San Aníbal Os Castros, un centro de acollida para menores migrantes non acompañados xestionado pola Obra Social das Fillas do Divino Celo-Rogacionistas e concertado coa Xunta de Galicia. Durante o percorrido coñeceron o funcionamento deste recurso, operativo desde marzo, e reforzaron a colaboración entre o Concello e a entidade, que tamén xestiona outros servizos sociais na vila.

Na visita compartiron un encontro cos 14 menores, de entre 14 e 18 anos, procedentes de Gambia,

Mali, Marrocos, Senegal e Mauritania. As responsables municipais interesáronse pola súa adaptación e polo proceso de integración na comunidade, despois de que a maioría chegasen a España tras un complexo percorrido migratorio e fosen derivados desde Canarias e Ceuta.

Segundo explicaron os responsables do centro, en apenas catro meses os mozos avanzaron de forma significativa na súa integración. Todos están escolarizados na comarca e compaxinan os estudos coa aprendizaxe do idioma e, nalgúns casos, cun emprego. Na actualidade, oito deles xa traballan.

O Recuncho Multicultural impulsa unha ‘playlist’

O Recuncho Multicultural impulsou a creación dunha playlist colaborativa para poñer en valor a diversidade cultural do municipio a través da música. A selección, dispoñible na páxina web municipal, reúne cancións propostas por asociacións e colectivos locais que representan as distintas comunidades que conviven na vila.

A lista combina artistas galegos como Ortiga, Fillas de Cassandra, Tanxugueiras, Baiuca, Xabier Díaz ou Leilía con temas procedentes de países como Cabo Verde, Senegal, Perú ou Marrocos, ofrecendo un percorrido polos diferentes sons e tradicións presentes. O tenente de alcaldesa, Mario Pillado, destacou que este proxecto contribúe a dar visibilidade á pluralidade cultural da localidade e agradeceu a implicación das asociacións.

A *playlist* permanece aberta á participación cidadá, polo que tanto persoas a título individual como colectivos poderán propoñer novas cancións de forma presencial ou a través do correo electrónico habilitado polo Concello.

Un robot asumirá as rozas nas zonas máis complexas do municipio

O Concello incorporou ao seu parque de maquinaria un robot desbrozador destinado aos labores de limpeza e mantemento de parcelas, unha actuación coa que pretende reforzar os recursos dos servizos municipais e optimizar os traballos de desbroce. O novo equipamento facilitará unha intervención máis rápida e eficaz, ao tempo que reducirá os riscos aos que se enfronta o persoal encargado destas tarefas.

A principal vantaxe desta máquina é a súa capacidade para operar en terreos con fortes pendentes, evitando que os operarios teñan que realizar manualmente os traballos nas zonas de maior dificultade. Ademais, dispón dun sistema que permite regular a altura de corte entre os 20 e os 150 milímetros e pode efectuar o desbroce en ambos os sentidos sen necesidade de realizar manobras, o que incrementa o seu rendemento.

O concelleiro de Obras, Ramiro



Fernández, destacou que este novo recurso “permitirá facer os traballos moito máis rápido e con moita máis seguridade, evitando que os operarios teñan que expoñerse a riscos en zonas de gran pendente”.

A adquisición realizouse mediante un procedemento de licitación pública que partía dun orzamento inicial de 48.400 euros. Ao pro-

ceso concorreron catro empresas e a adxudicación final supuxo un aforro de 8.000 euros respecto ao importe previsto.

Fernández incidiu en que o Concello continuará apostando pola incorporación de novas tecnoloxías para seguir mellorando a prestación dos servizos públicos e ofrecer unha atención máis eficiente á veciñanza.

Burela aposta por reforzar o Servizo de Axuda no Fogar cun novo contrato

O Concello aprobou o novo contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), unha medida coa que o Goberno municipal pretende reforzar a atención ás persoas en situación de dependencia e mellorar o apoio que reciben tanto elas como as súas familias.

A nova licitación incrementará a capacidade do servizo, pasando de 35.000 a 44.000 horas anuais de atención, o que permitirá responder ao aumento da demanda e adaptar a prestación ás necesidades actuais da poboación. O contrato garante tamén a continuidade do persoal mediante a subrogación das 30 auxiliares, da coordinadora e da axudante de coordinación.

Entre as principais novidades destaca a creación dunha bolsa anual para adquirir axudas técnicas e prestar servizos complementarios. Esta partida permitirá facilitar camas articuladas, colchóns anties-

caras, cadeiras de rodas, cadeiras de ducha ou grúas de mobilización ás persoas usuarias. Ademais, incorporaranse accións formativas dirixidas ás familias e ás persoas coidadoras para mellorar a atención domiciliaria.

O contrato inclúe tamén criterios de mellora, como a prestación de horas adicionais de servizo ou a realización de limpeza extraordinarias nos fogares que o precisen. Así mesmo, manterase unha oficina operativa en Burela, potencia-rase a formación continua do persoal, implantaranse ferramentas tecnolóxicas para o seguimento da atención e garantirase a dotación de equipos de protección individual e medidas específicas de prevención de riscos laborais.

Desde o Goberno local subliñaron que esta contratación permitirá consolidar un SAF máis amplo, estable e adaptado á realidade do municipio.

O Verán Bonito levará máis de trinta concertos aos locais hostaleiros

O Concello burelés e a Asociación de Hostalaría impulsaron a segunda edición de Verán Bonito, un programa que levou música en directo aos establecementos hostaleiros da vila ata o 30 de agosto, cunha programación de máis de trinta actuacións de diferentes estilos.

Tras a boa acollida da primeira edición, a iniciativa regresou co obxectivo de dinamizar a vida social e cultural durante o verán, ao tempo que apoia a actividade da hostalaría e ofrece alternativas de lecer tanto á veciñanza como ás persoas que visitan o municipio.

O concelleiro de Turismo, Ramiro Fernández, amosou a súa satisfacción pola resposta obtida nesta nova edición e sinalou que o programa contribúe a crear ambiente nas rúas e a animar á cidadanía a desfrutar da oferta hostaleira local, polo que anima a veciños e visitantes a colaborar. O edil incidiu tamén na repercusión económica da iniciativa, ao considerar que a programación musical favorece a actividade dos negocios, xera movemento económico e reforza o atractivo turístico de Burela durante a tempada estival, consolidando a vila como un destino con ampla oferta de lecer e cultura.

A prospección do castro de Cabo entra na súa primeira fase de investigación



Burela iniciou a primeira fase da prospección xeofísica prevista na Punta do Cabo, unha actuación dirixida a estudar e cartografiar o castro de Cabo co fin de coñecer con maior precisión a súa estrutura e dimensión. Os traballos, autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, desenvolveranse mediante técnicas non invasivas, mentres continúan os trámites para autorizar os voos de dron incluídos nesta fase.

A alcaldesa mantivo unha reunión informativa coa veciñanza da contorna para explicar o alcance da intervención e resolver dúbidas sobre os traballos previstos. Segundo informou o Concello, non se realizarán modificacións no terreo, xa que a actuación limitárase á colocación de pequenas estacas de madeira para xeorreferenciar os puntos de estudo,

á prospección xeofísica e aos voos de dron destinados á recollida de datos. Unha vez analizados os resultados obtidos, estudarase a posibilidade de acometer unha segunda fase na que podería empregarse maquinaria de maior tamaño, aínda que tampouco se prevén afeccións sobre o solo.

A intervención foi adxudicada o pasado mes de febreiro á Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) por un importe de 12.947,21 euros. Desde entón, o Concello tramitou os permisos necesarios e contactou coas persoas propietarias das parcelas afectadas, xa que será preciso acceder aos terreos e realizar algúns labores de limpeza. A reunión coa veciñanza completou o proceso de información pública antes do desenvolvemento dos traballos.

Un campionato da oca pecha o ciclo ‘Xogo e Xente’

O Goberno local celebrará os días 10 e 11 de agosto o campionato da oca, a última das citas incluídas no programa ‘Xogo e Xente’, unha iniciativa coa que o municipio recupera os xogos tradicionais como espazo de encontro e convivencia.

A actividade terá lugar na Praza da Mariña a partir das 20.30 horas e permitirá á veciñanza participar nunha nova edición destes torneos sociais, pensados para persoas de todas as idades.

As persoas interesadas aínda poden formalizar a súa inscrición na Casa do Concello ou a través do correo electrónico cultura@burela.org. As bases da convocatoria están dispoñíbles na páxina web municipal.

Desde o Concello destacan que ‘Xogo e Xente’ busca converter o lecer nunha ferramenta para fomentar a participación, as relacións entre xeracións e a recuperación dos xogos de sempre como punto de encontro durante o verán.

ACADEMIA
A Mariña

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

Burela: Carmen López Moreno

“A accesibilidade está transformando a vila e é un dos proxectos que máis desfruto”



“Quero ser útil, traballar con honestidade e escoitar moito para que Burela siga avanzando”

DATOS

HABITANTES: 9.547.

PARROQUIAS: 1.

EXTENSIÓN: 7,78 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Viveiro.

CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PSOE, 5 do PP, 2 do BNG e 1 de Son Burela.

ALCALDESA: Carmen López Moreno do Partido Socialista.

VOCEIRO PP: Manuel Rouco López.

VOCEIRO BNG: Mario Pillado Mon.

VOCEIRO SON: Alberto Eiroá Pérez.

“O mellor é ver que unha idea acaba converténdose nunha realidade para os veciños”

A alcaldesa analiza o seu percorrido político, os principais retos do municipio e debulla os proxectos cos que aspira a seguir transformando a vila de cara ás vindeiras eleccións

Explíquenos como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
Sempre tiveron unha forte implicación en Burela a través das asociacións dende que son unha nena. Sempre entendín a política como unha ferramenta que axuda a mellorar a vida da xente e sempre me chamou e decidín dar un paso adiante cando se me propuxo. E ao PSOE porque comparto os seus valores de xustiza social, igualdade e defensa dos servizos públicos.

Como deu o salto para ser alcaldesa?
Foi un paso natural. Viña de ser concelleira e o anterior alcalde decidiu retirarse e propuxéronme para ser a alcaldable. Como tiña ganas e rodeei dun equipo moi comprometido pois asumín a responsabilidade con moito respecto e ilusión.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Supón menos tempo para familia e amizades, e incluso para unha mesma. Significa estar dispoñible as 24 horas. Pero vaga a pena.

E beneficios?
O maior é ver que o traballo consegue transformar Burela, melloras reais para os veciños. Creo que ir paseando e ver que un proxecto que tiñas na cabeza ou que costou moito sacalo adiante, se fixo realidade. Ou atopar a alguén que che de as grazas por solucionarlle o seu problema.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?
Ser útil. Traballar con honestidade e escoitar moito. Que Burela siga avanzando.

E como Goberno de cara á próxima lexislatura?
Quero consolidar proxectos moi importantes, quero seguir mellorando os servizos públicos, atraer investimentos, quero traer empregos para que a xente vela a vivir, quero seguir facendo de Burela unha vila cómoda,

accesible, atractiva, etc. Quero que os veciños estean igual de cómodos nas rúas, nas prazas e nos espazos públicos, que na súas casas.

Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable?
Estou a favor dos acordos cando serven para mellorar a vida da cidadanía. Creo que a política require capacidade para atenderse e sempre desde o respecto e poñendo por diante o interese xeral.

Cales son as principais liñas do seu programa?
Sempre defendín a accesibilidade, a mobilidade, mellorar os servizos públicos, apostar pola economía local, o deporte, a cultura, por un Concello próximo e que resolva problemas.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
A vivenda é un dos grandes retos, igual que seguir xerando oportunidades laborais e continuar mellorando infraestruturas. Pero para seguir co crecemento de Burela necesitamos que se poida vivir nela. Pero xa non so en Burela senón en toda a comarca en xeral.

De que proxectos se sente máis orgullosa?
Vénzeme a cabeza a relación de postos de traballo. Sinto me moi orgullosa dese traballo colectivo que se fixo de vinte anos. Tamén da integración da unidade de drogodependencias ao Sergas, e temos que seguir en esa liña con atención temperá. Síntome orgullosa da inversión de outras administracións en Burela, como Costas do Estado, coa mellora na accesibilidade das praias, ou a inversión importantísima para a nova Edar. Tamén estou moi orgullosa dos proxectos que fixemos na recuperación de espazos públicos. A accesibilidade para min é moi importante e conseguir que as persoas podan vivir na rúa, e pasear pola rúa con comodidade. E todos os proxectos que teñen que ver con iso, con parques accesibles, prazas, espazos, beirarrúas,



cruces... O plan de mobilidade, para min, foi moi importante. Aínda nos queda moitísimo por facer, pero está transformando Burela. Esa realidade, encántame. É un proxecto que desfruto moitísimo. Vendo todos os recunchos, e convertendo algúns espazos en zonas peonís, sendas verdes, facilitar a vida aos comercios, con esas paradas como ás das farmacias, estudar os carga e descarga e onde se poden colocar e os horarios, aparcamentos disuasorios ... Para min é un traballo moi

estimulante.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcaldesa?
Que son unha persoa próxima, traballadora e accesible. Que me poden falar pola rúa igual que no despacho, que sempre vou intentar darlles solucións sempre que existan.

Como é a súa relación coa oposición?
Diría que canda un entende a política da súa maneira. Eu prefiro dedicar o tempo a resolver problemas antes que a crear polémicas.

EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar.
44 anos, casada e nai de 2 fillos de 14 e 17 anos.

Formación e profesión.
Estudei informática pero traballei sempre na administración de empresas.

E si non fora administradora de empresas que lle gustaría ser?
Gustaríame ser promotora de proxectos que transformen o territorio.

Que quería ser de maior.
Quería ser mestra.

Que fai para desconectar?
Saio polo paseo marítimo e polo monte a camiñar e correr.

Unha virtude e un defecto
Son moi positiva, e como defecto bastante auto existente, e tamén un pelín impuntual.

Un consello para compartir.
Escoitar moito máis do que falas.

Un libro.
Estou lendo ‘Ciudad clickbait’ de Vicet Molins.

Unha película.
La Vida es bella.

Un grupo de música/cantante.
Baiuca.

Unha afección.
Viaxar.

Un lugar que visitar.

Cabo Verde.

Unha comida e unha bebida.
Bonito de Burela e un viño da Ribeira Sacra.

Unha personaxe admirada.
Nelson Mandela.

Unha posesión prezada.
Fotos antigas da miña familia,

Un desexo.
Que os meus fillos medren nun mundo un pouco mellor.

Algo para esquecer.
Todas as inxustizas que se ven nos telexornais todos os días.

Que é o que máis valora nunha persoa?
Que sexan honestos.

Como equilibra a vida pública e a privada?
Intento aproveitar ao máximo cada momento.

Usa redes sociais e Whatsapp?
Si, son ferramentas de traballo moi útiles.

Un desafío pendente.
Conseguir que máis xente nova poida desenvolver o seu proxecto de vida aquí.

Onde se ve en cinco anos?
Véxome en Burela e sendo alcaldesa, e traballando coa mesma ilusión e a mesma responsabilidade.

A construción da residencia da Pontenova entra na súa fase final

A Deputación deu un novo impulso á construción do Centro de Atención a Maiores (CAM) da Pontenova ao aprobar na Xunta de Goberno un conxunto de medidas destinadas a desbloquear definitivamente un proxecto que levaba meses interrompido. Entre os acordos adoptados figura o encargo á empresa pública Tragsa para asumir os traballos pendentes e culminar unha infraestrutura chamada a reforzar a atención ás persoas maiores na comarca. A decisión chega despois de que a empresa adxudicataria inicial, Jesús Naray Construcciones SL, entrase en concurso de acredores, unha situación que obrigou a deter os traballos cando o edificio se atopaba executado aproximadamente nun 70 %. A paralización atrasou a apertura dun servizo moi demandado pola veciñanza da Pontenova e dos municipios da contorna.

Xunto coa encomenda a Tragsa, a institución provincial aprobou a liquidación da obra e do convenio de colaboración subscrito co Concello da Pontenova, adaptando o marco administrativo á situación actual do proxecto. Ademais, iniciará unha reclamación por danos e prexuízos contra a empresa responsable do in-



cumplimento contractual, co propósito de reclamar os custos derivados da paralización da actuación.

Segundo o estudo técnico e económico elaborado por Tragsa, será necesario un investimento de 2.032.800,44 euros para completar a residencia. Os traballos previstos inclúen a finalización integral do edificio, a reparación dos elementos deteriorados durante o tempo que permaneceu inacabado e a instalación dos equipamentos imprescindibles para a súa posta en funcionamento, como o sistema de chamada enfermeira-paciente, o ascensor para padiolas ou as instalacións de ventilación, calefacción e produción de auga quente sanitaria.

A Deputación explica que o orzamento foi actualizado para adaptarse ao incremento dos custos da construción rexistrado desde a redacción do proxecto inicial en 2019. Neste período, o aumento acumulado do Índice de Prezos ao Consumo condicionou o importe necesario para executar a fase final das obras.

Coa encomenda á empresa pública, a institución provincial confía en retomar os traballos con maior axilidade e garantir a súa execución con todas as garantías técnicas. O obxectivo é que a Pontenova poida contar o antes posible cun Centro de Atención a Maiores plenamente equipado e preparado para prestar servizo á veciñanza.

Novos investimentos permitirán mellorar servizos e infraestruturas

O Concello da Pontenova continúa avanzando en distintas actuacións destinadas a mellorar os servizos e as infraestruturas municipais. Entre os proxectos previstos figura a renovación do alumado público en Vilaemil, San Paio e Vilarxubín, unha intervención que contará cun investimento de 30.000 euros para incrementar a eficiencia enerxética da rede e reducir o consumo eléctrico.

Esta actuación foi un dos asuntos abordados durante o encontro institucional mantido entre o alcalde, Darío Campos, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, no que tamén se repasou o estado doutras iniciativas en marcha no municipio.

Nos últimos anos, A Pontenova vén desenvolvendo diferentes proxectos de mellora das súas infraestruturas básicas. Entre eles atópanse a modernización do alumado público en Vilaboa,



Couso, Barreiriñas e Vilarmide, así como a renovación da fosa séptica de Vilar de Conforto, actuacións que permitiron reforzar os servizos en distintos núcleos rurais.

Outro dos investimentos destacados é o acondicionamento da rede viaria municipal entre Pacios e Labrada, unha obra que conta cun orzamento próximo aos 48.400 euros e que busca mello-

rar a seguridade e as comunicacións nesta zona do municipio. Durante a reunión, ambas administracións intercambiaron impresións sobre as principais necesidades da localidade e analizaron posibles vías de colaboración para seguir impulsando actuacións que contribúan á mellora da calidade de vida da veciñanza e ao desenvolvemento do territorio.

Aberto o prazo para solicitar o Servizo de Madrugadores

O Concello da Pontenova abriu o período de presentación de solicitudes para acceder ao Servizo de Madrugadores correspondente ao curso escolar 2026/2027. O prazo permanecerá aberto ata o vindeiro 20 de agosto, co obxectivo de facilitar ás familias a tramitación deste recurso de conciliación antes do inicio das clases. As persoas interesadas xa poden consultar as bases reguladoras do servizo na sede electrónica municipal, onde tamén se atopa dispoñible a documentación necesaria para formalizar a solicitude.

O Concello informa de que o modelo oficial de instancia, correspondente ao Anexo I, poderá obterse tanto nas oficinas municipais como na propia sede electrónica. A presentación da documentación poderá realizarse de maneira presencial no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00 horas, ou por vía telemática a través da sede electrónica.

Ademais, tamén se admitirán as solicitudes presentadas por calquera dos procedementos previstos na normativa administrativa vixente.

Natureza e astronomía únense para seguir a eclipse solar total

A Pontenova acollerá unha actividade especial para seguir a eclipse solar total desde o miradoiro das Penas do Castelo, organizada polo colectivo Carro Tarabelo. A iniciativa combinará unha ruta de sendeirismo, divulgación científica e observación segura deste fenómeno astronómico nun dos espazos naturais máis destacados do municipio.

A xornada comezará ás 18.30 horas na Praza dos Fornos, onde se concentrarán os participantes e se repartirán as lentes homologadas para observar a eclipse con seguridade. A continuación iniciárase unha andaina de dificultade media-alta ata o miradoiro.

Unha vez alí, ofreceranse explica-

cións sobre as características das eclipses solares, os distintos tipos que existen e as medidas de protección necesarias. Ademais, realizaranse demostracións con caixas esteno-peicas para observar o fenómeno de forma indirecta, especialmente pensadas para os máis pequenos.

O momento de máxima totalidade producirase ás 20.28 horas, cunha duración de 1 minuto e 44 segundos. A actividade rematará tras a posta do sol, co regreso á Praza dos Fornos. A participación é gratuíta, aínda que limitada a 40 persoas, sendo necesaria inscrición previa. A organización recomenda levar calzado axeitado, roupa de abrigo, auga, comida e unha lanterna para a volta.

A Pontenova convértese nunha aula ao aire libre para formar futuros gandeiros

A Pontenova acolle parte da formación práctica da primeira edición da Escola de Pastores de Galicia, un programa creado para favorecer a incorporación de novos profesionais ao sector do ovino e caprino e impulsar o relevo xeracional nas explotacións gandeiras. Unha gandería local participa como explotación colaboradora, ofrecendo ao alumnado a oportunidade de coñecer de primeira man o funcionamento dunha granxa e as técnicas máis innovadoras da gandería extensiva.

Nesta primeira convocatoria participan 25 alumnos, seleccionados en-

tre 44 solicitudes. O programa combina 250 horas de formación teórica, incluído o Curso de Aptitude Empresarial Agraria especializado en ovino e caprino, con 320 horas de prácticas en explotacións colaboradoras.

Entre as actividades desenvolvidas na explotación pontenovesa figura unha sesión dedicada ao uso de valados virtuais para o manexo do gando cabrún, unha tecnoloxía que permite delimitar as zonas de pastoreo sen instalar peches físicos. A formación continuará cunha nova xornada centrada no traballo con cans de pastoreo.

As obras da Avenida de América renovarán redes, beirarrúas e iluminación

As obras de remodelación da Avenida de América xa avanzan en Ribadeo cun investimento de 350.000 euros, financiado pola Xunta de Galicia, para renovar unha das principais entradas á vila e mellorar o acceso ao futuro centro de saúde.

O alcalde, Dani Vega, destacou que se trata dunha actuación prioritaria para o municipio, destinada a solucionar as deficiencias existentes nas infraestruturas básicas. A intervención inclúe a renovación integral das redes de saneamento e abastecemento, que viñan rexistrando numerosas incidencias e constitúen unha das partes máis relevantes do proxecto.

Ademais da substitución das canalizacións, as obras contemplan a renovación do pavimento, a construción dunha nova rotonda, a instalación de iluminación máis eficiente, a creación de beirarrúas e a colocación de mobiliario urbano, transformando a imaxe deste acceso ao casco urbano.

O rexedor subliñou que a actuación permitirá mellorar a mobilidade e adecuar a contorna do futuro centro sanitario, aproveitando o financiamento autonómico para executar unha obra considerada estratéxica para Ribadeo.

En canto á circulación, o Concello recoñece que os traballos ocasionarán molestias temporais, aínda que asegura que se minimizarán. Durante a xornada laboral pecharase unicamente o carril de saída cando sexa necesario, recuperándose a circulación ao remate de cada día. Ademais, os venres pola tarde o tráfico quedará completamente restablecido.

O Concello lembra que existen itinerarios alternativos para entrar e saír da vila e solicita comprensión á veciñanza mentres duren as obras, insistindo en que os inconvenientes serán puntuais fronte á mellora permanente que suporá esta actuación para o municipio.

Licitada por 320.000 euros a lavandería e a cociña do Hospital Asilo de Ribadeo

O Concello de Ribadeo sacou a licitación as obras e o equipamento da lavandería e da cociña do Hospital Asilo, un contrato valorado en 320.000 euros e financiado integramente pola Xunta de Galicia. As empresas interesadas poderán presentar as súas ofertas ata o 13 de agosto.

O alcalde, Dani Vega, destacou que esta actuación permitirá retomar un proxecto paralizado tras o concurso de acredores da anterior empresa adxudicataria, Naray. Segundo explicou, esta nova fase permitirá completar a tramitación administrativa e iniciar os traballos nunhas instalacións consideradas prioritarias para o centro.

O rexedor lembrou que o Concello rescindiu o contrato coa empresa incumplidora, unha decisión avalada polos informes dos servizos xurídicos, técnicos e económicos municipais e aprobada polo Pleno. Ademais, anunciou que a administración local recorrerá

á vía xudicial para reclamar máis de 300.000 euros polos prexuízos ocasionados, ao considerar que a empresa incumpriu as súas obrigas. Vega recordou que a quebra de Naray tamén afectou a outros municipios lucenses, como A Pontenova, Guitiriz e Riotorto. Nesta fase, a licitación céntrase na execución da lavandería, da cociña e das instalacións asociadas, mentres o Concello continúa buscando financiamento para completar o 13 % da obra que quedou pendente, un importe que se viu incrementado polo encarecemento dos materiais de construción.

Dani Vega agradeceu o apoio económico da Xunta de Galicia e asegurou que o Goberno local seguirá traballando para culminar a reforma do Hospital Asilo, defendendo os intereses municipais e impulsando un proxecto considerado esencial para mellorar os servizos e as instalacións da residencia.

Veciños de Ribadeo denuncian a poda “agresiva” de tres árbores

Veciños de Ribadeo manifestaron o seu desacordo coa poda realizada o pasado 15 de xullo sobre tres árbores do municipio, ao considerar que a intervención foi excesiva e supuxo a eliminación completa da copa dos exemplares. As críticas céntranse tanto na intensidade dos traballos como no momento escollido para executalos, en plena época estival.

Segundo explican, as árbores afectadas son pradairos comúns (*Acer pseudoplatanus*), unha especie moi empregada en rúas e paseos urbanos pola súa capacidade para proporcionar sombra, mellorar a paisaxe e contribuír a reducir a temperatura durante os meses de máis calor. Os residentes consideran que a actuación non responde a unha poda de mantemento nin de formación, senón a unha intervención que podería comprometer o desenvolvemento futuro dos exemplares.

Un dos aspectos que máis preocupa aos veciños é que os traballos se realizasen en xullo, cando as árbores se atopan en plena actividade vexetativa. Lembran que as follas desempeñan un papel esencial na fotosíntese e que a eliminación da copa reduce drasticamente a capacidade da planta para producir alimento. Isto, aseguran, obriga a consumir as



súas reservas, podendo provocar un debilitamento xeral, afectar ao sistema radicular e aumentar a vulnerabilidade fronte a enfermidades e pragas. Ademais, sinalan que as altas temperaturas propias desta época dificultan a cicatrización das feridas ocasionadas polos cortes.

Outro dos veciños afectados cualificou a actuación de “decapitación”, ao entender que non responde aos criterios dunha poda de saneamento ou estrutural e que incluso podería comprometer a supervivencia das árbores.

Os residentes destacan tamén o valor ambiental destes exemplares no espazo urbano. Ademais de ofrecer sombra, lembran que contribúen á

creación de microclimas máis frescos e favorecen o confort nas rúas durante o verán. Engaden que, cun mantemento axeitado, estas especies poden compatibilizar o seu crecemento coa proximidade das vivendas e coa iluminación pública, mantendo tamén o seu valor ornamental.

Por todo iso, reclaman que as futuras intervencións sobre o arborado urbano se leven a cabo seguindo criterios técnicos e respectando os ciclos biolóxicos de cada especie. Ao seu xuízo, resulta fundamental preservar estas árbores como parte da paisaxe e como un recurso natural que axuda a facer fronte ás altas temperaturas.

A eclipse nas Catedrais enfronta ao Concello e ao BNG pola organización

A eclipse solar do vindeiro 12 de agosto provocou un enfrontamento político en Ribadeo arredor das actividades previstas nas inmediacións da praia das Catedrais. Mentres o Concello defende o dispositivo especial preparado para garantir a seguridade e divulgar o fenómeno astronómico, o BNG considera que a programación prevista resulta incompatible coa protección deste espazo natural.

O Goberno local anunciou o peche da praia durante toda a xornada do 12 de agosto e ata as 7.30 horas do día seguinte, suspendendo tamén a expedición de pases de acceso ao areal. Segundo explicou o alcalde, Dani Vega, a observación realizarase desde o aparcadoiro, onde se instalará unha pantalla xigante para seguir as explicacións do astrónomo José Ángel Docobo sobre o eclipse e as Perseidas. O rexedor destaca que Ribadeo será un dos mellores lugares da Península



para contemplar o fenómeno e considera que o operativo permitirá compatibilizar seguridade e divulgación científica.

Pola súa banda, o BNG critica que Concello e Xunta impulsen un modelo baseado na promoción masiva, con pantalla xigante e actuacións musicais, nun enclave catalogado como Monumento Natural e integrado na Rede Natura 2000. Os nacionalistas consideran

que o eclipse debería aproveitarse para desenvolver actividades de carácter científico e con aforo limitado, trasladando os eventos de maior formato ao casco urbano.

A formación tamén reclama a posta en marcha do Plan Especial de Protección das Catedrais, aprobado en 2020, para regular definitivamente os accesos e garantir a conservación deste espazo.

O BNG denuncia o aumento do déficit e das facturas pendentes no Concello



O BNG de Ribadeo criticou a xestión económica do Goberno municipal ao considerar que a situación financeira do Concello continúa deteriorándose e que o incremento das obrigas pendentes de pagamento evidencia a necesidade dun cambio na política orzamentaria. A formación nacionalista asegura que as facturas sen aboar medraron de maneira continuada nos últimos anos, pasando de 269.783 euros en 2022 a 636.627 en 2023, 662.590 en 2024 e 794.539 euros ao remate de 2025.

Os nacionalistas sosteñen que esta evolución responde á forma de xestionar os recursos municipais e sitúan o déficit correspondente a 2025 en 781.000 euros. Ao seu xuízo, resulta necesario reorientar o gasto cara aos servizos públicos e ás necesidades da cidadanía.

Entre as partidas cuestionadas polo

BNG figuran 190.000 euros destinados a propaganda, 30.000 euros en comidas e preto de 53.000 euros no alugueiro do camiión do lixo, investimentos que consideran incompatibles coa situación económica do Concello.

A formación tamén estendeu as súas críticas á xestión do rural, asegurando que a eliminación das fianzas contribuíu ao deterioro de numerosos camiños forestais. Ademais, afirma que o Concello non executou a tempo os traballos de roza previstos para o verán de 2025, circunstancia que, segundo indica, provocou a perda dunha subvención destinada a esas actuacións.

O BNG considera que estas circunstancias responden a unha mesma política de xestión e reclama unha planificación económica máis rigorosa.

A Plataforma da Ría reclama ao alcalde que se posicione sobre o proxecto das Figueiras



A Plataforma pola Defensa da Ría de Ribadeo criticou o que considera un “silencio cómplice” do alcalde, Dani Vega, ante o proxecto de construción dun dique na zona das Figueiras, na marxe asturiana do estuario. O colectivo denuncia que, máis dun mes despois de solicitar formalmente ao Concello o seu apoio ás alegacións presentadas contra esta actuación, segue sen recibir resposta.

Segundo a Plataforma, esta falta de posicionamento evidencia unha escasa implicación do Goberno local na defensa dos intereses ambientais, patrimoniais e socioeconómicos de Ribadeo. Tamén reprocha ao rexedor que a súa boa relación coa Xunta non se traduce en peticións para revisar ou fiscalizar un proxecto que inclúe o dragado de miles de

metros cúbicos de sedimentos e que, ao seu xuízo, podería afectar á marxe galega da ría.

O colectivo sostén ademais que a actuación non contaría con todos os informes e consultas sectoriais necesarios no relativo aos movementos de sedimentos e extracción de materiais. Tamén alerta de que o dique, de máis de 180 metros de lonxitude, podería alterar de forma irreversible as correntes da ría, favorecer procesos de erosión e poñer en risco o patrimonio subacuático, incluído o coñecido Galeón de Ribadeo.

A Plataforma advirte igualmente das posibles consecuencias sobre os bancos marisqueiros e o emprego ligado ao sector pesqueiro. Finalmente, insta ao alcalde a facer pública a súa postura e aclarar se apoia as alegacións presentadas contra o proxecto.

Ribadeo celebrará San Roque con dúas xornadas de tradición e música

Ribadeo celebrará as Festas de San Roque os días 15 e 16 de agosto cun programa que combinará música, tradición e actos relixiosos para todos os públicos. As celebracións comezarán o 15 de agosto cunha gran verbena desde as 23.00 horas, protagonizada polo Dúo Xilo & Carlos, xunto ás sesións musicais de The Sound Project e DJ Traka, que animarán a noite ata a madrugada.

O 16 de agosto, festividade de San Roque, a programación arrancará ás 10.00 horas coa tirada de bombas de palenque. Unha hora máis tarde, os cabezudos percorreren as rúas acompañados polo cuarteto tradicional Illa Pancha. Ao mediodía celebrarase a misa solemne e a procesión na honra do santo, seguidas dun concerto da Banda Municipal de Ribadeo.

A partir das 14.00 horas, o Dúo Venus amenizará a sesión vermú. Pola tarde actuarán Untopic, ás 18.30 horas, e o gaiteiro Carlos Núñez, que ofrecerá un concerto na igrexa parroquial ás 20.45 horas, converténdose nun dos momentos máis destacados da programación.

As festas concluírán cunha nova verbena nocturna a cargo do Dúo Venus e o grupo En Punto, seguida do fin de festa con The Sound Project e DJ Etainer, poñendo o broche final a dous días de intensa actividade festiva.

O PSdeG destaca a mellora da estrada entre Cedofeita, Arante e Regocorto

O PSdeG de Ribadeo mostrou a súa satisfacción tras a aprobación, pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da adxudicación das obras de rehabilitación da estrada provincial LU-P-5204, unha actuación que contará cun investimento de 193.963 euros e que permitirá renovar un dos principais eixos de comunicación das parroquias de Cedofeita, Arante e Regocorto.

O proxecto contempla a mellora dun tramo superior aos tres quilómetros, entre os puntos quilométricos 3+600 e 6+770, cun prazo de execución estimado de catro meses. As actuacións previstas inclúen a renovación do firme e outras intervencións destinadas a mellorar as condicións de circulación e incrementar a seguridade viaria nesta estrada provincial.

Desde a agrupación socialista consideran que esta obra responde a unha demanda histórica da

veciñanza das parroquias rurais e subliñan que permitirá ofrecer unhas comunicacións máis cómodas e seguras tanto para os desprazamentos diarios como para a conexión coa rede viaria da contorna.

O PSdeG tamén puxo en valor o traballo desenvolvido para trasladar esta necesidade á Deputación de Lugo e agradeceu a resposta da institución provincial, destacando que a colaboración entre administracións e representantes locais permite converter as demandas da cidadanía en actuacións concretas. Os socialistas lembran que a LU-P-5204 conecta Cedofeita coa estrada LU-P-5203, atravesando a parroquia de Arante e continúa ata Regocorto, onde enlaza coa LU-132, polo que consideran que a súa modernización repercutirá directamente na mobilidade e na seguridade de centos de usuarios.

Santa Cruz renova a súa imaxe con nova iluminación e melloras na estrada de acceso

O monte de Santa Cruz presenta unha imaxe renovada tras a finalización de varias actuacións destinadas a mellorar a iluminación, o pavimento e a posta en valor dos seus principais elementos patrimoniais e recreativos. O Concello de Ribadeo destaca que estas intervencións permiten reforzar o carácter turístico, cultural e natural dun dos espazos máis emblemáticos do municipio.

Os traballos incluíron a renovación das luminarias existentes e a instalación de novos puntos de luz nas zonas que carecían deles. A actuación permitiu mellorar a visibilidade da área recreativa e do parque infantil, favorecendo o seu uso tamén durante as horas nocturnas.

A nova iluminación esténdese ademais a varios lugares representativos de Santa Cruz. Entre eles figuran o monumento ao

Gaiteiro, realizado polo escultor ourensán Faílde como homenaxe á música tradicional, a cruz, o miradoiro e a fonte, que tamén foi reparada e iluminada.

As melloras completáronse coa renovación do firme da estrada de baixada desde Santa Cruz, que presentaba un importante deterioro. A vía conta agora cun novo pavimento de aglomerado, o que facilita a circulación e mellora as condicións de acceso.

Estas actuacións súmanse a outros traballos realizados nos últimos tempos, como o rareo da masa forestal e a eliminación de especies invasoras. Desde o Concello avanza que continuarán impulsando novas intervencións para conservar e mellorar un enclave que consideran un referente para a veciñanza de Ribadeo e un dos principais atractivos naturais e culturais do municipio.

Guillermo Cruzado regresa cun concerto homenaxe na igrexa parroquial

O pianista ribadense Guillermo Cruzado ofrecerá o próximo 14 de agosto, ás 21:15 horas, un concerto na igrexa parroquial de Ribadeo, unha actuación especialmente emotiva ao coincidir co décimo aniversario do falecemento da súa nai. O recital suporá o seu quinto concerto en solitario na vila desde 2016 e converterase nun novo reencontro co público da súa terra. O programa incluírá obras de Bach, Beethoven, Schumann, Chopin e Albéniz, nun percorrido por grandes composicións do repertorio clásico europeo e español. Cruzado destaca que actuar en Ribadeo sempre ten un significado especial pola proximidade da familia, a contorna e a acústica do templo, e anima á veciñanza e aos visitantes a asistir a unha velada pensada para emocionar. As entradas poderán adquirirse desde finais de xullo na Casa de El Viejo Pancho.

Cervo encara agosto coas festas da Maruxaina, o Ovo Frito e o San Roque

O municipio de Cervo vivirá un intenso mes de agosto cunha programación que combina tradición, música, gastronomía e actividades para todos os públicos, encabezada pola 41ª Festa da Maruxaina, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia, e polas tradicionais festas na honra da Nosa Señora, da Virxe do Carme e de San Roque.

A Maruxaina abrirá o calendario festivo con actividades previas entre o 3 e o 6 de agosto, cando se organizarán viaxes en barco aos Farillóns. O 7 de agosto celebrarase a Pre-Maruxaina, con chupinazo, degustacións populares, Cantos de Taberna e o nomeamento do Maruxain@ de Honra. O 8 de agosto chegará a xornada principal, con pasarrúas, xogos populares na praia do Torno, o tradicional desembarco da Maruxaina, o Xuízo Popular, fogos artificiais e a verbena co Grupo Elebe 2.0 e a Orquestra Arizona. O Concello habilitará un dispositivo especial de seguridade e un Punto Lila durante toda a celebración.

As festas patronais tomarán

o relevo entre o 14 e o 16 de agosto. O día 14 celebrarase a XIX Festa do Ovo Frito, organizada por Airiños do Xunco e Cabaleiros da Bidueira, con reparto de racións desde as 20.00 horas e animación da Charanga DGT e da Discomóvil Conxuro. O 15 de agosto, festividade da Nosa Señora, haberá misa solemne, procesión, sesión vermú e verbena co grupo Euphoria e o Dúo Caramelo. O 16 de agosto, día de San Roque, repetirase a programación relixiosa, mentres que a Orquestra Galaxia amenizará a sesión vermú e a verbena, ademais de instalarse inchables para a cativada na Praza do Souto.

A programación pecharase o 22 de agosto co Mercado Tradicional e a XLVIII Queimada Popular, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia. A alcaldesa, Dolores García Caramés, destacou o labor das asociacións e do voluntariado, animando á veciñanza e aos visitantes a participar nunhas celebracións que contribúen a manter vivas as tradicións e a dinamizar a actividade social e económica do municipio.

A Veiga estrea un novo xardín xerófilo grazas a unha xornada de voluntariado



A asociación A Rebolaxe, co apoio do plan de acción de Alcoa, impulsou en Cervo unha nova xornada de voluntariado que permitiu crear un xardín xerófilo de inspiración xaponesa na Veiga. Na iniciativa participaron voluntarios de Alcoa, membros da asociación e representantes do Concello, entre eles a alcaldesa, Dolores García Caramés, e a concelleira de Medio Ambiente, Mali Méndez. O novo espazo, duns 70 metros cadrados,

incorpora especies adaptadas ao clima costeiro e de baixo consumo de auga, favorecendo un modelo de xardinaría sostible e de fácil mantemento. O Concello destacou a importancia da colaboración entre administracións, empresas e asociacións para mellorar os espazos públicos e avanzar cara a un municipio máis verde e respectuoso co medio ambiente.

As Cabanas contará cunha nova rede de saneamento e depuración

O Concello de Cervo iniciou os traballos para dotar ao núcleo de As Cabanas, na parroquia de Rúa, dunha nova infraestrutura de saneamento que permitirá mellorar a xestión das augas residuais e ampliar os servizos básicos no rural. A alcaldesa, Dolores García Caramés, visitou o comezo das obras acompañada polo concelleiro de Zona Rural, Adrián Arias, e polo pedáneo de Rúa, Ramón Elmparte.

A actuación, que conta cun investimento próximo aos 50.000 euros e está cofinanciada pola Xunta de Galicia, contempla a instalación dunha rede de saneamento conectada a un sistema de depuración autónoma, deseñado especificamente para responder ás características deste núcleo de poboación.

Coa execución deste proxecto, as

augas residuais serán conducidas ata unha estación depuradora independente, unha solución que permitirá ofrecer un servizo máis eficiente e adaptado ao contorno, ao tempo que contribuirá á protección ambiental e á mellora das condicións de vida da veciñanza. Durante a visita, a alcaldesa subliñou que o Concello continúa traballando para estender as infraestruturas básicas a todos os lugares do municipio, independentemente do seu número de habitantes. Neste sentido, lembrou que o acceso a servizos como o saneamento resulta esencial para garantir a igualdade de oportunidades entre a veciñanza e para favorecer a conservación do medio natural. Dolores García Caramés incidiu tamén en que o goberno local manterá a súa liña de investimentos destinada á modernización

da rede municipal de servizos, co obxectivo de que todos os núcleos dispoñan das mesmas prestacións e dunha mellor calidade de vida.

A rexedora aproveitou ademais para agradecer a colaboración da Xunta de Galicia no financiamento desta actuación, destacando a importancia da cooperación institucional para facer realidade proxectos que repercuten directamente no benestar da cidadanía e na mellora das infraestruturas municipais.

Esta intervención forma parte da estratexia impulsada polo Concello de Cervo para reforzar os servizos no medio rural, avanzar cara a un modelo de desenvolvemento máis sostible e contribuír á protección do medio ambiente, ao tempo que se favorece a permanencia da poboación nos distintos núcleos do municipio.

O talento de Arruguiñas toma a Casa da Cultura de Cervo



O histórico quiosco de Juana volvé abrir as súas portas no corazón de San Cibrao, reconvertido nun punto de información turística interactivo impulsado polo Concello de Cervo. A actuación recupera un espazo emblemático da vila para promocionar o patrimonio, a cultura e os principais atractivos do municipio, mantendo ao mesmo tempo o valor sentimental que durante décadas o converteu nun lugar de referencia para a veciñanza.

Na inauguración participaron a propia Juana, responsable do quiosco desde 1969, a alcaldesa Dolores García Caramés e representantes da corporación municipal, que puxeron en valor a recuperación dun símbolo da memoria colectiva de San Cibrao.

A intervención respectou a estética orixinal da instalación e incor-

porou paneis interactivos e unha plataforma web accesible desde dispositivos móbiles, permitindo consultar información sobre o patrimonio histórico, a oferta cultural, as tradicións locais e outros recursos turísticos. Ademais, inclúe contidos dedicados á historia do propio quiosco e ao seu papel social ao longo de máis de medio século.

O proxecto contou cun investimento de 33.750 euros, financiado a través do Grupo de Desenvolvemento Rural Asociación Terras de Miranda no marco do programa LEADER. Con esta iniciativa, o Concello continúa apostando pola conservación do patrimonio local e pola súa posta en valor, combinando memoria e innovación para fortalecer a identidade de San Cibrao e impulsar a promoción turística.

Aberto o prazo de inscrición de Cervo Madruga

O Concello puxo en marcha unha nova edición de Cervo Madruga, un programa dirixido a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral coincidindo co inicio do curso escolar 2026-2027. As familias interesadas xa poden formalizar a súa inscrición para acceder a este servizo, que volverá desenvolverse coa colaboración das ANPAS do CEIP Península da Paz e do CEIP de Cervo.

A iniciativa ofrece un espazo de atención previo á entrada nas aulas, no que os nenos e nenas poderán permanecer nun ambiente seguro, educativo e adaptado ás súas necesidades mentres agardan polo comezo da xornada lectiva.

O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata o vindeiro 1 de setembro. A documentación poderá entregarse tanto nas dependencias do Concello de Cervo como na Casa da Cultura.

Está previsto que Cervo Madruga inicie a súa actividade o 9 de setembro, coincidindo co arranque do calendario escolar. O programa consolídase un ano máis como unha ferramenta de apoio ás familias do municipio, ofrecendo unha alternativa que facilita a organización diaria dos fogares e contribúe á conciliación durante o período lectivo.

As obras en Figueirido reforzan a seguridade e a accesibilidade

A alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, e a pedánea de Figueirido, Lidia Galdo, visitaron as obras de mellora que se están a executar na rede viaria desta parroquia, unha actuación financiada con 30.819 euros a través do Plan Único e destinada a reforzar a seguridade, a accesibilidade e a mobilidade da veciñanza.

Os traballos inclúen a renovación de varios treitos do viario, adaptando cada intervención ás necesidades do lugar. No acceso principal substitúese o firme deteriorado por un novo pavimento de formigón con acabado desactivado, ao tempo que se corri xen as pendentes para mellorar a evacuación da auga e evitar futuros problemas de drenaxe.

Outra das actuacións céntrase no acceso peonil á fonte pública e ao lavadoiro, onde se realizará unha limpeza integral mediante chorro de auga para eliminar o musgo acumulado, mellorando tanto a imaxe da contorna como a seguridade das persoas usuarias. Pola súa banda,



no acceso ao Rego de Figueirido estase a executar un novo pavimento de formigón que substitúe o antigo camiño de terra, facilitando o tránsito e aumentando a accesibilidade. O proxecto contempla tamén a creación dun espazo máis funcional para a colocación dos colectores de residuos, favorecendo tanto a súa utilización pola veciñanza como o labor do servizo de recollida. Ademais, instálase novo mobiliario urbano para dotar de maiores pres-

tacións unha área de uso frecuente. Durante a visita, García Caramés destacou que o Concello segue apostando pola mellora das infraestruturas nos núcleos rurais, dando resposta ás necesidades da veciñanza. Segundo sinalou, esta actuación permitirá ofrecer accesos máis cómodos e seguros ás vivendas, ás parcelas e a espazos públicos como a fonte e o Rego de Figueirido, contribuíndo a mellorar a calidade de vida da parroquia.

Os venres de setembro encheranse de contos co regreso de “De Cobo a Xunco”

O Concello volverá apostar este setembro polo Festival de Narración Oral “De Cobo a Xunco”, que celebrará a súa segunda edición tras a boa acollida acadada no seu debut. A iniciativa manterá o formato que caracterizou a primeira convocatoria, levando contos e historias a distintos puntos do municipio co obxectivo de achegar a cultura á veciñanza e reforzar o valor da tradición oral.

A programación desenvolverase ao longo dos venres de setembro en diferentes espazos e parroquias, cun calendario que combinará sesións dirixidas ao público infantil, denominadas regato, e propostas para persoas adultas, coñecidas como río. O festival concluirá cunha gala final que servirá de peche á edición deste ano. Durante a presentación da iniciativa, a alcaldesa, Dolores García Caramés destacou a vontade do Concello de continuar impulsan-

do unha proposta que permite descentralizar a oferta cultural e levala a todos os recunchos do municipio.

A rexedora incidiu en que o éxito da primeira edición confirmou o interese da cidadanía por este tipo de actividades, que, ademais de ofrecer alternativas culturais para todas as idades, favorecen a convivencia entre a veciñanza e contribúen a preservar unha das manifestacións máis representativas do patrimonio inmaterial galego.

O festival toma o seu nome dos ríos Cobo e Xunco, que atravesan o municipio de Cervo, converténdose nun símbolo da unión entre parroquias a través da palabra e da cultura. Desde o Concello animan á veciñanza e ás persoas visitantes a reservar os venres de setembro para participar nun evento que volverá combinar tradición, narración oral e identidade local.

O Vicedo impulsa un concurso fotográfico e novos cursos tecnolóxicos para a mocidade

O Concello puxo en marcha dúas iniciativas coas que pretende promover, por unha banda, a riqueza paisaxística e patrimonial do municipio e, por outra, reforzar a formación dixital da infancia e da mocidade. Así, xa está aberto o prazo para participar na IX edición do Concurso Fotográfico Turismo O Vicedo e tamén para inscribirse na nova programación de actividades da Aula CeMIT.

O certame fotográfico está dirixido tanto a profesionais como a afeccionados e terá temática libre, coa única condición de que as imaxes estean realizadas no termo municipal do Vicedo. Cada participante poderá presentar un máximo de tres fotografías, orixinais e inéditas, en cor ou branco e negro, sempre que non fosen premiadas nin difundidas anteriormente. As obras deberán entregarse impresas e en formato dixital antes do 17 de agosto ás 14.00 horas, mentres que o fallo do xurado darase a coñecer o día 18 durante un acto na Casa da Cultura no que tamén se proxectarán todas as imaxes

participantes. O concurso repartirá 600 euros en premios, con 300 euros para o primeiro clasificado, 200 para o segundo, 100 para o terceiro e un galardón especial de 50 euros destinado á mellor fotografía xuvenil, para autores de entre 16 e 30 anos.

CEMIT. Paralelamente, o Concello abriu a inscrición para unha nova oferta formativa da Aula CeMIT, orientada a achegar as novas tecnoloxías á mocidade mediante actividades prácticas. O programa inclúe cursos de mecanografía, robótica educativa, ofimática e programación con Scratch para participantes a partir dos oito anos, ademais dunha proposta sobre uso do croma e edición de vídeo destinada a maiores de dez anos. Desde o Concello explican que estas accións buscan fomentar as competencias dixitais e ofrecer alternativas de lecer educativo adaptadas aos intereses actuais da infancia e da mocidade. As prazas serán limitadas e cubriranse por orde de inscrición.

O pavillón municipal de O Vicedo xa leva o nome de Jesús Manuel Bellas “Kubala”



O pavillón municipal de O Vicedo leva desde agora o nome de Pavillón Municipal Jesús Manuel Bellas “Kubala”, tras un acto institucional no que participaron familiares, amizades e representantes municipais e no que se descubriu a placa conmemorativa. O Concello quixo así render homenaxe á traxectoria e ao compromiso de “Kubala” co deporte local.

O Goberno municipal destacou a súa implicación durante décadas no impulso da actividade deportiva, especialmente no fútbol sala, colaborando de maneira

altruísta coa mocidade e contribuíndo á formación das primeiras xeracións de xogadores. Tamén lembrou o seu papel como socio fundador do equipo de fútbol sala de O Vicedo a finais dos anos noventa.

Ao longo da súa carreira deportiva formou parte de numerosos clubs da comarca e da contorna. Para o Concello, a nova denominación do pavillón recoñece a súa contribución ao deporte e os valores de compañeirismo, esforzo e convivencia que transmitiu ao longo da súa vida.

O PSdeG critica a negativa do PP a debater un plan de conservación

O Grupo Municipal Socialista criticou o desenvolvemento do último pleno ao denunciar que o Goberno local do PP impediu o debate da súa moción para crear un Plan Municipal de Conservación e Mantemento dos Espazos Públicos mediante unha emenda á totalidade. A voceira, Verónica Canoura, acusou ao alcalde de manter unha actitude autoritaria e de interromper de forma continuada as intervencións da oposición.

O PSdeG propoñía un plan periódico para o mantemento de pasarelas, beirarrúas, mobiliario urbano e a limpeza regular dos contedores. Tamén cuestionou que a falta de persoal xustifique estas actuacións e criticou a modificación de crédito para construír unha pista multideportiva no colexio sen planificación previa. Nos rogos, reclamou actualizar o blog da Casa da Cultura, ampliar a programación cultural, corrixir o inventario municipal e convocar a toda a Corporación aos actos institucionais. Ademais, interesouse polo Centro de Día, o PXOM, a brigada contra incendios, o servizo de socorrismo e o reparto das lentes para a eclipse.

Barreiros reúne tradición, folclore e motor nun intenso mes de agosto



Barreiros afronta un intenso mes de agosto cunha programación que combinará tradición, cultura, gastronomía e motor, consolidando ao municipio como un dos principais focos de actividade estival da Mariña. Entre as citas máis destacadas figuran o Festival Folclórico Internacional do Emigrante, a Romaría de San Caetano e Festa da Tortilla e a Concentración Retroclásicos, tres propostas que atraerán a centos de participantes e visitantes.

O calendario abrírase o 8 de agosto co XLIII Festival Folclórico Internacional do Emigrante, que terá lugar ás 21.30 horas no Campo de Fútbol As Valgas, en San Miguel de Reinante. Declarado Festa de Interese Turístico de Galicia, o evento contará nesta edición coa participación do grupo Ngwao Letshwao Performing Arts, de Botswana; da Philippine Performing Arts Company, de Filipinas; e da asociación folclórica O Arco da Vella, anfitriño do encontro.

A programación continuará coa Romaría de San Caetano e a XXIX Festa da Tortilla, en Celeiro de Mariñaos. As actividades arrancarán o 9 de agosto co pregón de Francisco Javier Fraga Fernández. O día grande será o 15 de agosto,

cun amplo programa que incluíra o tradicional concurso de tortillas, misa e procesión, sesión vermú, degustación gastronómica, espectáculos infantís, xogos tradicionais e verbena co grupo Toxo Guayaba, ademais do Baile do Farolillo e dunha chocolatada popular. O 16 de agosto celebrárase o concurso Máster Tortilla, no que seis parellas competirán pola mellor elaboración e pola máis rápida, poñendo o broche final a unha das festas gastronómicas máis representativas do municipio.

O programa estival culminará o 22 de agosto coa VIII Concentración Retroclásicos, que reunirá na Praia de Coto vehículos históricos e de colección procedentes de diferentes puntos de Galicia e doutras comunidades. O prazo de inscrición para os propietarios permanecerá aberto ata o 19 de agosto, con prazas limitadas. A cita pretende divulgar o patrimonio automobilístico e ofrecer un espazo de encontro para afeccionados ao motor clásico.

Con estas iniciativas, Barreiros reforza a súa oferta turística e cultural, apostando por eventos capaces de dinamizar a economía local e atraer visitantes durante todo o mes de agosto.

Reforzan os servizos con novos investimentos en infraestruturas

Barreiros desenvolverá nos próximos meses varias actuacións destinadas a mellorar as infraestruturas, os servizos municipais e a formación para o emprego. Entre os proxectos máis destacados figura a rehabilitación integral do CEIP San Miguel de Reinante, actualmente en execución cun investimento próximo aos 373.500 euros, que permitirá modernizar as instalacións e adaptalas ás necesidades da comunidade educativa. No eido laboral, o municipio

participa xunto con Ribadeo no obradoiro dual 'Constrúe en Verde II', unha iniciativa dirixida a unha vintena de persoas desempregadas que combina formación teórica e práctica en construción, xestión de residuos e limpeza de espazos e edificios. Ademais, Barreiros recibirá unha achega de 72.000 euros para reforzar os servizos básicos municipais e acometer melloras en infraestruturas e equipamentos do concello.

O PP cualifica de “incomprensible” o peche da biblioteca municipal

O Grupo Municipal do PP de Barreiros criticou o peche da biblioteca municipal entre o 1 e o 24 de xullo e reclamou ao Goberno local que adopte medidas para evitar a interrupción deste servizo durante o verán. O voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, considera que a decisión prexudica á veciñanza e resulta especialmente inadecuada nunha época na que, segundo afirma, aumenta a demanda de lectura, actividades culturais e espazos de estudo.

Os populares destacan que o peche afecta especialmente aos estudantes e opositores, xa que coincide cun período de preparación de exames. Segundo sinalan, moitas persoas utilizan a biblioteca como o único espazo público do municipio acondicionado para estudar en silencio, polo que a súa clausura obrígaas a desprazarse a outras localidades ou a preparar as probas en



condicións menos favorables. O PP tamén solicita ao Executivo local que explique os motivos polos que as instalacións permaneceron pechadas durante esas semanas e reclama unha mellor planificación para garantir a continuidade do servizo. Entre as alternativas propostas figura a contratación de persoal de substitución ou a adopción doutras medidas organizativas que per-

mitan manter aberta a biblioteca. Gómez Puente sostén que un servizo público destas características non debería interromperse durante o período estival e defende que o Concello debe buscar solucións que compatibilicen a cobertura do persoal co mantemento dun espazo que considera esencial para a formación, a cultura e o acceso ao estudo da veciñanza.

O Concello ofrecerá quince visitas guiadas para descubrir o patrimonio barreirense

O Concello volverá apostar este verán pola divulgación do seu patrimonio coa posta en marcha da sexta edición do programa de visitas guiadas “Barreiros queda en ti”, unha iniciativa que se desenvolverá durante os meses de xullo e agosto co obxectivo de achegar á veciñanza e ás persoas visitantes a riqueza natural, cultural e histórica do municipio.

A programación inclúe un total de 15 visitas repartidas en seis propostas temáticas, deseñadas para descubrir diferentes espazos e aspectos que conforman a identidade barreirense. As actividades estarán guiadas por persoas coñecedoras do territorio, que compartirán cos participantes a historia, as curiosidades e os valores de cada enclave.

Entre as actividades figura “A vida aos pés do Mar Pequeno”, un percorrido pola ría durante a baixamar para descubrir a súa riqueza ambiental e cultural. O programa tamén incorpora visitas ás gandarías Mantoño Holstein, en San Xusto de Cabarcos, e Cid, en Vilamartín Pequeno, onde os asistentes poderán

achegarse ao traballo diario das explotacións leiteiras, unha actividade estreitamente vinculada á economía e á historia do municipio.

Outra das novidades será a incorporación da ruta xeolóxica “A forza das ondas, a forma da costa”, entre as praias de Remior e San Bartolo, centrada na evolución do litoral. Ademais, repeterase o itinerario “Entre furnas e pregues”, que percorre o sector comprendido entre Fontela-Valea e A Pasada para interpretar algunhas das formacións xeolóxicas máis singulares da costa barreirense.

A programación completárase coa visita “San Miguel de Reinante, pasado moi presente”, un paseo que permitirá coñecer a evolución histórica desta parroquia a través do seu patrimonio, con especial protagonismo para as vivendas indianas e outros elementos que conservan a memoria do pasado.

Todas as actividades serán gratuítas e requirirán inscrición previa a través da páxina web municipal de turismo.

‘A Voltas cos Contos’ levará o teatro e a narración ao rural durante agosto

A campaña estival ‘A Voltas cos Contos’ continuará durante o mes de agosto achegando propostas de teatro e humor aos núcleos do rural mariñán. A iniciativa, impulsada polo departamento de dinamización local, busca levar a cultura a diferentes espazos do municipio e converter locais sociais, escolas e teleclubs en puntos de encontro para a veciñanza.

As actuacións comezarán sempre ás 20.30 horas e serán de acceso gratuíto. A primeira cita xa foi o domingo 2 de agosto na Rilleira, e continuará o 9 de agosto na escola de Vilamartín Pequeno, onde Xarope Tulú presentará a proposta ‘Vicio houbo sempre’, unha actuación baseada no humor e a narración. A clausura da edición deste ano terá lugar o 23 de agosto en Celeiro de Mariñaos coa compañía Hermanager Producións, que levará ao escenario o espectáculo ‘Sonchistorias’.

Desde a organización destacan a boa resposta das edicións anteriores e animan á veciñanza e visitantes a participar nunha programación pensada para dinamizar o rural e ofrecer alternativas culturais durante o verán.

“Manter a romaría é manter o legado dos nosos antepasados”

A Irmandade San Caetano leva case catro décadas impulsando unha festa que une tradición, gastronomía e participación veciñal nun enclave histórico

Por Ana Somoza

A romaría de San Caetano é moito máis ca unha festa no calendario de Celeiro de Mariñaos. É unha tradición que atravesa xeracións, un punto de encontro para a veciñanza e tamén un símbolo da defensa do patrimonio e da cultura local. Detrás desa continuidade está a Irmandade San Caetano, unha asociación que naceu no ano 2007, pero que recolle o traballo iniciado anos antes pola Comisión Veciñal para a Defensa de San Caetano.

Segundo explica Xabier López, presidente da Irmandade San Caetano, aquela primeira mobilización xurdiu no ano 2000 ante “un intento de usurpación dos terreos públicos e da capela por parte dun particular”. A partir dese momento, un grupo de veciños decidiu organizarse para protexer un espazo que consideraban fundamental para a parroquia. “O obxectivo, tal e como recollen os estatutos, é a defensa dos intereses veciñais de Celeiro de Mariñaos, da súa cultura e do seu patrimonio”, sinalan.

Na actualidade, a Irmandade conta con arredor de 50 socios e unha directiva formada por sete persoas. Porén, a súa actividade vai moito máis alá da organización da romaría. Durante todo o ano, nas Escolas de Celeiro de Mariñaos desenvolven propostas culturais e sociais como teatro, música, charlas divulgativas, clases de música tradicional ou actividades infantís.

“Queremos agrandar a asociación con máis socios e colaboradores”, explican, xa que consideran que existe unha demanda crecente de actividades de lecer e cultura. De feito, anuncian que tras o verán preparan unha pequena “revolución” para aproveitar mellor un espazo que consideran “idóneo” para acoller novas iniciativas.

PATRIMONIO. A relación da parroquia coa capela de San Caetano vén de lonxe. Para os integrantes da Irmandade, forma parte da memoria colectiva dos veciños e veciñas desde a infancia. “A zona de San Caetano era un espazo de lecer para toda a rapazada”, lembran.

A propia historia do lugar reforza ese vínculo. A capela pertenceu ata 1913 ao pazo homónimo situado ao seu lado. Ese ano, dona Cruz Miranda Magdalena cedeu a capela á parroquia de Celeiro de Mariñaos xunto cunha franxa de

terreo ao redor do templo.

A romaría, pola súa banda, mantén unha tradición que se remonta ao século XVII. Para a Irmandade, conservar esta celebración significa “manter o legado dos nosos antepasados” e reafirmar “o apego ao noso, á nosa identidade”. A festa forma parte desa “intrahistoria que dá razón á nosa existencia como pobo”, indican, ademais de manter viva a devoción de moitos fregueses por San Caetano.

TRADICIÓN. A organización moderna da romaría comezou en

“Case 40 anos
despois seguimos
fieis ao palco de lona
e ao chan de herba”



1987 e desde entón a festa foi evolucionando, aínda que sempre cunha idea clara: non perder a esencia dunha celebración tradicional. “Levamos case 40 anos sendo fieis ao palco de lona e ao chan de herba”, destacan desde a asociación.

Para eles, eses elementos representan o espírito dunha romaría baseada na comunidade, na cooperación e na participación. “Non queremos desvirtuar o que é unha romaría tradicional con to-

dos os valores que implica: veciñanza, música, gastronomía, merendas e convivencia”, explican.

Ao longo destas décadas, por San Caetano pasaron numerosos grupos musicais e artistas. A lista inclúe nomes como Xurxo Souto e Os Tres Trebóns, Festicultores, O Sonoro Maxín, Toxo Guayaba ou formacións tradicionais da comarca como Arco da Vella, Tumba e Dalle ou Xaramolo.

Tamén lembran con especial cariño a presenza de orquestras como Bahía nos anos noventa ou aquela primeira actuación da Orquesta Capitol en 1987. “Eramos

“A tortilla converteuse
nun símbolo de
convivencia e
creatividade”



COMUNIDADE. A veciñanza é, segundo a Irmandade, a peza fundamental para que a romaría continúe viva. “É a parte máis importante”, aseguran. As persoas da parroquia colaboran economicamente e tamén participan no traballo necesario para sacar adiante o evento.

Ese espírito colectivo está tamén detrás da creación da Festa da Tortilla, unha das actividades máis recoñecidas da celebración. A idea xurdiu coa intención de darlle un novo impulso á romaría nun momento no que as festas gastronómicas comezaban a multiplicarse por Galicia.

Xabier lembra que a idea da Festa da Tortilla naceu coa intención de darlle un novo impulso á romaría nun momento no que as exaltacións gastronómicas comezaban a gañar presenza en Galicia. Con humor, desde a organización confesa que a orixe foi “un soño dunha noite de verán duns rapaces de Celeiro de Mariñaos ás tantas da madrugada” na antiga discoteca A Xógara de Foz. “Ao día seguinte puxémonos mans á obra”, lembran.

A cita chega este ano á súa XXIX edición e mantén dous concursos diferentes. O primeiro celébrase coa participación de tortillas elaboradas na casa polos romeiros, que son valoradas por un xurado segundo criterios como tamaño, sabor, presentación ou orixinalidade.

O segundo é o Máster Tortilla, no que as parellas participantes elaboran as súas propostas no propio recinto da festa cos ingredientes e utensilios facilitados pola organización. A valoración céntrase no tempo empregado e no resultado final.

MÚSICA. A programación de San Caetano combina tradición, cultura e diversión para todas as idades. A festa comeza coa misa e procesión na capela, continúa cunha sesión vermú con música tradicional e charanga, e inclúe tamén un pasamerendas musical, espectáculos infantís, xogos populares e verbena nocturna.

A música ocupa un papel central. “Non entendemos unha festa sen música en directo”, afirman

desde a Irmandade. Para eles, contratar un grupo significa “contratar a alma da festa”, polo que defenden que todas as formacións teñan o mesmo protagonismo.

Por iso aplican unha norma pouco habitual nos carteis: todos os grupos aparecen “co mesmo tipo e tamaño de letra”. “Non se poden discriminar os grupos na súa representación gráfica”, explican, xa que consideran que todas as propostas musicais merecen o mesmo respecto.

FUTURO. Manter o equilibrio entre tradición e renovación é un dos grandes retos da organización. A clave, segundo explican, está en que a festa poida ser compartida por todas as xeracións. “Na festa teñen que poder convivir todos, non se pode excluír a ninguén”, sinalan.

O escenario tamén contribúe a ese carácter especial. San Caetano está situado nun enclave histórico no que conflúen a capela, o pazo e restos arqueolóxicos vinculados á orixe da parroquia. “Ao pé da festa está o castro de onde naceu Celeiro de Mariñaos”, destacan.

Para a Irmandade, continuar coa romaría supón “moito traballo”, pero tamén “moito orgullo”. É a satisfacción de manter unha tradición que outras persoas comezaron moitos anos atrás e que hoxe continúa grazas ao compromiso veciñal.

Para Xabier López, presidente da Irmandade San Caetano, o principal valor da festa segue sendo a capacidade de reunir á xente arredor dunha mesma identidade. “O obxectivo é facer comunidade”, resume, defendendo unha celebración na que tradición, música e convivencia continúan indo da man.

A mensaxe final para quen aínda non coñeza San Caetano é clara: achegarse, participar e descubrir unha festa na que tradición, gastronomía e música van da man. “San Caetano sempre”, conclúen desde a organización, resumindo nun lema o espírito dunha celebración que segue reunindo cada agosto a veciñanza e visitantes ao redor dunha mesma identidade.

Conde Santo desvela o cartel musical das festas de 2026

A Asociación Conde Santo presentou o cartel das festas, que volverán converter Vilanova de Lourenzá nun punto de encontro para veciños e visitantes entre os días 28 e 31 de agosto.

Os festexos abriranse o venres 28 de agosto coa representación da tradicional Lenda do Conde Santo, un dos actos máis identificativos destas festas. A organización anunciou ademais unha actuación musical que será desvelada

proximamente, polo que o cartel aínda incorporará novidades.

A música continuará o sábado 29 coa presenza de Claxxon e D-Kriss, mentres que o domingo 30 será a quenda das formacións Cinema e Mar de Arousa, encargadas de poñer ritmo a unha das xornadas centrais da celebración.

O programa pecharase o luns 31 de agosto coa actuación do Dúo Epo-K, que despedirá esta edición.

O PP denuncia atrasos nos pagos e cuestiona a xestión económica

O grupo municipal do Partido Popular de Lourenzá volveu cargar contra a xestión do Goberno local ao denunciar unha situación que cualifica de preocupante tanto no ámbito económico como no administrativo. A formación considera que o Concello acumula atrasos no pagamento de diferentes obrigas e advirte de que esta situación repercute na confianza da veciñanza e no funcionamento dos servizos municipais.

Entre as cuestións expostas polos populares figura o atraso no abono dos premios do desfile de Entroido celebrado en febreiro, xa que, segundo indican, varios participantes continúan sen percibir as contías que lles corresponden. Tamén aseguran que existen facturas pendentes con comerciantes e autónomos locais, algunhas delas do pasado exercicio, así como débedas con antigos traballadores municipais.

O PP sostén que a propia administración tivo que recorrer ao remanente de tesourería para facer fronte a pagos atrasados, unha circunstancia que, ao seu xuízo,



evidencia problemas na xestión económica. Ademais, critica que o Concello aínda non aprobara os orzamentos de 2026, malia contar coa maioría suficiente para facelo, e denuncia que transcorreran sete meses sen a convocatoria dun pleno ordinario, motivo polo que presentou unha queixa ante a Valedora do Pobo.

A formación tamén apunta á existencia de licenzas urbanísticas pendentes de resolver desde 2024, á caducidade de contratos de servizos como o de axuda no fogar, á perda

de subvencións por deficiencias na tramitación de expedientes e ás sancións recibidas no punto limpo. Entre outras cuestións, os populares mencionan o estado das pistas de pádel, as indemnizacións asumidas polo Concello derivadas do mantemento de infraestruturas e a obriga de readmitir unha traballadora por resolución xudicial. O PP considera que estes feitos evidencian unha falta de planificación e reclama maior transparencia, seguridade xurídica e eficacia na xestión dos recursos públicos.

riotorto



Entregan dúas vivendas de promoción pública

A Xunta de adxudicou en réxime de alugamento senllas vivendas de promoción pública situadas nos municipios de Riotorto e Viveiro. Ambas contan con tres dormitorios e a primeira dispón ademais de garaxe e trasteiro.

O delegado territorial, Alfonso Villares, destacou durante o acto de entrega en Riotorto a aposta do Goberno galego por facilitar o acceso á vivenda, “ampliando o parque públi-

co coa construción de novas promocións, abrindo o abano de posibles adxudicatarios ou con axudas directas, entre outras accións”.

Neste sentido, lembrou que ata o 15 de outubro está aberto o prazo para solicitar apoios para a adquisición de vivendas protexidas ou situadas en cascos históricos. “En tres meses abonáronse os 2 millóns de euros iniciais da convocatoria, distribuídos entre 188 beneficiarios”, explicou.

Santa Comba da Órrea celebrará as súas patronais os días 7, 8 e 9

A parroquia de Santa Comba da Órrea celebrará as súas festas na honra de Santa Comba e San Antón os días 7, 8 e 9 de agosto comezando o venres cunha gran churrascada a partir das 21.30 horas, organizada por ReyMa. Ao remate, celebrarase unha verbena co dúo Ángel América. Os tickets para participar estarán á venda ata o día 5 de agosto na taberna de Montse a un prezo de 20 euros para adultos e de 15 para nenos de 6 a 15 anos. Os pequenos non pagan. O sábado 8, a xornada arrancará coa

misa solemne ás 13.00 horas, seguida da procesión, o pregón a cargo de Marité do Val e a sesión vermú co Trío Rosel. Pola tarde, ás 18.30 horas, disputarase un torneo de bolos. Xa pola noite, a verbena contará coa actuación do trío Rosel e do dúo Ángel América. As festas concluírán o domingo 9 cunha misa solemne ás 13.45 horas, seguida da procesión e dunha sesión vermú co Dúo Venus. Durante os tres días haberá sorteos, inchables para a cativada e o recinto festivo contará con campo cuberto.

O BNG presenta un plan de investimentos para mellorar os servizos municipais

O grupo municipal do BNG de Lourenzá presentou unha batería de propostas para incorporar aos vindeiros orzamentos municipais co obxectivo de reforzar os servizos públicos e responder ás principais necesidades da veciñanza. A concelleira nacionalista Belén Fanego defende que as futuras contas deben priorizar investimentos que teñan un impacto directo na calidade de vida da cidadanía e contribúan a un desenvolvemento equilibrado de todas as parroquias do municipio.

Entre as medidas expostas figura a adquisición dunha nova motobomba para mellorar a capacidade de resposta ante incendios forestais e outras situacións de emerxencia, reforzando a protección das persoas, das vivendas e do patrimonio natural. Ademais, o BNG reclama ampliar a rede de abastecemento de auga potable aos núcleos rurais que aínda carecen deste servizo esencial, unha demanda que considera histórica e que xa trasladou en anteriores sesións plenarias.

A formación nacionalista tamén aposta por avanzar na eliminación

das barreiras arquitectónicas existentes nos edificios públicos municipais para garantir a accesibilidade universal e facilitar o acceso de toda a cidadanía ás instalacións.

No ámbito deportivo, o grupo propón incrementar as partidas destinadas ao mantemento das instalacións e ao apoio económico e técnico dos clubs locais, coa finalidade de promover a práctica deportiva e fomentar hábitos de vida saudables entre a poboación.

Outra das iniciativas céntrase no tecido asociativo. O BNG solicita reforzar o respaldo económico ás asociacións culturais, deportivas e veciñais e simplificar os trámites administrativos para a concesión das subvencións, evitando que os colectivos teñan que adiantar recursos propios para organizar as súas actividades. Todas estas propostas serán levadas ao pleno mediante unha moción coa que a formación nacionalista pretende abrir o debate sobre as prioridades dos futuros orzamentos municipais e impulsar investimentos que respondan ás necesidades reais da veciñanza.

O Verán na Praza encara a súa recta final con novas actividades

O Concello continuará durante a segunda quincena de agosto coa programación de “Verán na Praza”, que ofrecerá unha ampla variedade de propostas culturais, deportivas e de lecer para todos os públicos. As actividades retomaranse o 13 cunha exhibición de danza protagonizada por Uganda Sticks e os Tambores de Ruanda, baixo o lema “Música para salvar vidas”. Ao día seguinte, o 14, a Asociación Conde Santo celebrará a tradicional Festa da Piscina.

O 15 de agosto, a Asociación Patrimonio Laurentino organizará a presentación dun libro de Manuel Canosa, mentres que o 19 haberá unha sesión de zumba ao aire libre.

Entre o 20 e o 26 de agosto, a vila será sede da décima edición do Asturias Festival Contact, encontro internacional de Contact Improvisación. O 27 de agosto, o Mago Antón ofrecerá un espectáculo de maxia. A programación pecharase coas Festas do Conde Santo, do 28 ao 31 de agosto, coincidindo coa celebración do Día da Bici o día 28 e do Festival Folclórico Osorio Gutiérrez o día 29.

alfoz do castrodouro

O PP alerta do estado de varias pontes provinciais e reclama actuacións

O Partido Popular de Alfoz reclamou á Deputación unha actuación urxente en varias pontes da rede viaria provincial ao considerar que presentan deficiencias que comprometen a seguridade. Tras visitar as infraestruturas xunto a representantes locais, os populares denunciaron o deterioro de pontes situadas nas estradas LU-P-0203, LU-P-0206 e LU-P-0207. Entre as incidencias sinalan os danos nun piar dunha ponte da LU-P-0203, a presenza de vexetación que dificulta a visibilidade na LU-P-0206 e problemas en dúas pontes da LU-P-0207, unha delas con varandas danadas durante máis dun ano. Ademais, critican o estado xeral das estradas provinciais, reclamando máis labores de limpeza, desbroce manual nas zonas de maior risco e a poda de árbores que invaden a calzada e dificultan o paso de vehículos de gran tamaño. O PP atribúe estas carencias á falta de mantemento por parte do goberno provincial.


O Castelo acollerá a presentación do novo caderno “Seis Pintores”

O Castelo do Castrodouro, en Alfoz, converterase o vindeiro 8 de agosto nun punto de encontro para a cultura coa presentación do caderno número 18 editado polo Seminario de Estudos do Valadouro (SEVA). O acto dará comezo ás 20.00 horas e permitirá descubrir unha nova publicación centrada na creación artística.

Baixo o título “Seis Pintores”, o novo volume reúne contidos dedicados a seis artistas, continuando coa liña de investigación e divulgación que o SEVA desenvolve desde hai anos para preservar e difundir o patrimonio histórico, cultural e artístico da comarca.

A presentación celebrarase nun escenario de especial valor patrimonial como é o Castelo do Castrodouro, un espazo que acolle con frecuencia actividades culturais e que se consolida como un referente para a organización de iniciativas vinculadas á historia e á identidade do territorio. Desde o Seminario de Estudos do Valadouro animan á veciñanza e ás persoas interesadas na arte e na cultura a asistir a este encontro, que servirá para achegar ao público unha nova publicación e fomentar o coñecemento sobre a riqueza artística da comarca.

A RAG destaca o valor da toponimia na recuperación de Alfoz do Castrodouro



A Real Academia Galega (RAG) dedica un novo episodio da serie audiovisual O Seminario de Onomástica responde a explicar os motivos que avalan a recuperación do nome oficial Alfoz do Castrodouro, aprobado pola Xunta de Galicia en 2026. O académico Antón Santamarina, coordinador do Seminario de Onomástica, expón o proceso de investigación que permitiu concluír que a denominación histórica do municipio incluía a referencia ao Castrodouro. O estudo comezou coa información recompilada na plataforma Galicia Nomeada, onde se comprobou que a forma completa seguía presente no uso oral da comarca. Posteriormente realizáronse entrevistas a informantes locais e analizouse unha ampla documentación histórica que confirma o emprego continuado de Alfoz do Castrodouro desde o século XIX.

Entre as fontes consultadas figuran boletíns oficiais, censos, o dicionario de Pascual Madoz, estudos xeográficos e obras etnográficas, así como documentos do século XVIII nos que xa aparece a antiga xurisdición de Alfoz de Castro de Ouro.

A RAG considera que o conxunto destas evidencias históricas e lingüísticas xustifica plenamente a recuperación da denominación tradicional, motivo polo que trasladou a proposta á Xunta, que a aprobou o 30 de marzo de 2026. Desde entón, Alfoz do Castrodouro é o nome oficial do municipio. A Academia lembra que a forma abreviada Alfoz seguirá sendo habitual na fala cotiá da veciñanza, pero a denominación completa deberá utilizarse na documentación administrativa, na sinalización, na cartografía e nas publicacións oficiais.

A Peña Pardo de Cela celebra o ascenso do Deportivo cunha multitudinaria xuntanza



A Peña Deportivista Pardo de Cela reuniu preto de 200 persoas no seu tradicional xantar de confraternidade celebrado en Alfoz, unha cita que este ano estivo marcada polo recente ascenso do RC Deportivo á Primeira División. Socios, simpatizantes e afeccionados compartiron unha xornada festiva na que tamén participaron representantes da vida pública e do fútbol, entre eles a alcaldesa Efigenia Maseda, o escritor Lionel Rexes, o xogador do Fabril Kike Teijo e

varios futbolistas da categoría cadete do club coruñés con vínculos familiares na comarca. A directiva da peña, presidida por Enrique Lorenzo, agradeceu a elevada participación e a colaboración de veciños e entidades na organización do encontro. Tras o xantar, a celebración continuou cunha sesión musical e de baile amenizada por Son's Varadero de Foz e o artista Charly, prolongando o ambiente festivo ata a tarde.

o valadouro

O folclore tradicional volverá encher de música o Valadouro



A XXXVI Mostra Folclórica do Valadouro celebrarase o 22 de agosto, ás 19:30 horas, no Parque Concepción Arenal, reunindo un ano máis a música e o baile tradicional. Organizada pola Asociación Cultural Amado Lar, coa colaboración do Concello, contará coa participación da agrupación anfitriñoa e do Grupo Folclórico Brisas de Aguilar, de Muros de Nalón (Asturias). O

encontro servirá para fomentar o intercambio cultural entre Galicia e Asturias e poñer en valor o patrimonio etnográfico de ambos territorios. Con máis de tres décadas de traxectoria, esta cita consolídase como unha das principais referencias da programación estival do municipio e un escaparate para a conservación e difusión do folclore tradicional.

A oposición reclama explicacións sobre as contas do Concello

Os grupos municipais do PSdeG e do BNG no Valadouro solicitaron a celebración dun Pleno extraordinario para que o Goberno local informe sobre a situación económica do Concello e o cumprimento das súas obrigas coas distintas administracións. Entre os asuntos que se abordarán figura a inclusión do municipio na relación de entidades incumplidoras do Ministerio de Facenda, así como a elaboración do Plan Económico-Financeiro, os atrasos nos pagamentos a provedores e a recadación dos servizos municipais. A voceira socialista, María Xosé Barreira, reclamou ao alcalde que

compareza con toda a documentación necesaria para explicar as causas desta situación e as medidas previstas para corríxila, defendendo o dereito da veciñanza a coñecer a xestión dos recursos públicos.

A sesión celebrarase o 18 de agosto, despois de que o rexedor non a convocase dentro do prazo legal tras a solicitude rexistrada pola oposición o 22 de xullo. Ademais, o Pleno incluírá o debate dunha moción contra o peche de camas no Hospital da Costa, pendente desde a sesión ordinaria de xullo.

O CIM móbil ofrecerá atención especializada o vindeiro día 10

O Centro de Información á Muller (CIM) móbil fará parada o 10 de agosto no Valadouro, co obxectivo de achegar servizos de información, orientación e atención especializada á veciñanza.

A unidade itinerante prestará servizo no Parque Concepción Arenal (dian- te do Antigo Matadoiro), en horario de 10:00 a 14:00 horas, facilitando un punto de atención accesible e gratuíto para a cidadanía.

Este recurso está atendido por profesionais especializadas que ofrecen

asesoramento en diferentes ámbitos relacionados coa igualdade e coa prevención da violencia de xénero. Entre os servizos dispoñibles inclúense orientación psicolóxica, apoio social e asesoramento xurídico.

Ademais, o CIM móbil tamén proporciona información sobre cuestións vinculadas á igualdade de oportunidades, os roles de xénero e a sensibilización fronte á violencia, coa finalidade de promover a prevención e reforzar a atención ás persoas que poidan precisar recursos.

A Deputación inicia a mellora de tres estradas



A Deputación comezou os traballos de acondicionamento en varias estradas provinciais ao seu paso polo municipio de Xove, unha intervención que conta cun orzamento de 810.216 euros destinado a modernizar o trazado e optimizar o tránsito diario de vehículos.

O proxecto céntrase en tres vías específicas que requiren unha renovación urxente. Por unha banda, actuarase na LU-P-2601, que enlaza co Portiño de Morás, onde se acometerá o ensanche e reforma de algo máis de dous quilómetros para completar a renovación case total desta ruta. Así mesmo, os operarios mellorarán os primeiros tres quilómetros da LU-P-2604, que conecta coa zona de Valcarría por Monte. A planificación de obra complétase

coa reparación íntegra dos preto de tres quilómetros da LU-P-2605, o traxecto que une os núcleos da Tronca e Tarolo por Vila. As tarefas de modernización teñen un prazo de execución estimado de seis meses. Os traballos técnicos incluírán a limpeza e o revestimento con formigón das cunetas para asegurar unha óptima drenaxe da auga, a pavimentación asfáltica en quente e a renovación completa de toda a sinalización. Estas reformas forman parte dun convenio máis de maior envergadura asinado entre a institución provincial e o consistorio de Xove, dotado con 1,63 millóns de euros, polo cal a administración local asumirá a titularidade de dez estradas cando finalicen todas as melloras pactadas.

Vilachá estreará unha área recreativa máis segura e renovada

O Concello de Xove acometerá nas próximas semanas a renovación da área recreativa de Vilachá cunha actuación destinada a mellorar tanto a seguridade como a imaxe deste espazo de lecer, que presenta un importante deterioro debido ao paso do tempo. O proxecto contará cun investimento de 18.062,88 euros, financiado a través dunha axuda concedida por Turismo de Galicia.

Demetrio Salgueiro, alcalde de Xove, sinala que a intervención centrarase principalmente na substitución do peche perimetral da área, situada moi preto do núcleo urbano de Vilachá e nun punto de paso habitual para as persoas que percorren o itinerario cara ao faro da Roncadoira. O obxectivo é ofrecer unhas instalacións máis coidadas, seguras e resistentes para veciños e visitantes, favorecendo tamén unha mellor integración paisaxística do conxunto.

Os traballos contemplan a renovación de arredor de 50 metros de valado en dous dos laterais do recinto. O peche actual será substituído por un novo elaborado en plástico reciclado con acabado que imita a madeira, un material



que require menos mantemento e ofrece unha maior resistencia fronte ás condicións meteorolóxicas e ao desgaste provocado polo uso continuado, prolongando así a súa vida útil.

A actuación incluírá tamén a reposición de parte do mobiliario urbano deteriorado, coa instalación de dúas mesas e novas papeleiras que substituirán ás existentes, debido ao seu avanzado estado de desgaste. Ademais, búscase mellorar a funcionalidade deste espazo para o desfrute de familias, sendeiristas e visitantes durante todo o ano.

Segundo o rexedor, Demetrio Salgueiro, o prazo de execución establece que a intervención deberá estar completamente rematada antes do vindeiro 3 de novembro. Con esta mellora, o Goberno local busca recuperar as condicións dun espazo recreativo moi utilizado tanto pola veciñanza como polas persoas que visitan esta contorna costeira, reforzando ao mesmo tempo a conservación dun enclave situado nun dos accesos ao coñecido faro da Roncadoira e contribuíndo a poñer en valor un dos espazos naturais máis frecuentados do municipio.

O BNG reclama unha mellor planificación das rozas nas pistas municipais

O BNG de Xove levará ao pleno ordinario de setembro unha moción para reclamar ao Goberno local unha mellor planificación e coordinación dos traballos de desbroce nas pistas municipais. A formación nacionalista considera que o mantemento destas vías é unha competencia directa do Concello e defende que os labores deben organizarse con criterios claros para optimizar os recursos públicos e responder ás necesidades da veciñanza.

Os nacionalistas subliñan que a súa proposta non pretende aumentar o número de actuacións, senón mellorar a súa distribución, establecendo prioridades e un calendario que non estea condicionado pola celebración de festas ou outros eventos puntuais. Ao seu xuízo, a cidadanía, como principal usuaria das pistas municipais, debe situarse no centro da planificación.

O BNG tamén reclama unha maior atención aos espazos de interese natural, cultural e arqueolóxico, como a Ruta dos Muíños da Rigueira, a Ruta da Costa ou o xacemento de San Tirso, en Portocelo. Considera que estes recursos, promocionados polo propio Concello, deben manterse en boas condicións para ofrecer unha imaxe axeitada aos visitantes e facilitar o seu acceso.

Ademais, critica o que cualifica de contradición do PP, ao esixir noutras administracións maior dilixencia nos desbroces mentres, segundo afirma, non aplica o mesmo criterio á xestión municipal. Finalmente, lembra que o Concello asumirá novas estradas provinciais, polo que considera imprescindible garantir antes unha planificación eficaz do mantemento das vías que xa son da súa competencia.

O PSdeG urxe ao Goberno local a actuar sobre o abastecemento e a biomasa

O PSdeG vén de reclamar ao Goberno local medidas para mellorar tanto o abastecemento de auga como a prevención de incendios no municipio, ao considerar que ambas cuestións evidencian unha falta de planificación e mantemento por parte do Executivo.

En relación coa subministración de auga, os socialistas pronunciáronse tras a mobilización dunha cisterna municipal para encher o depósito de Penas Agudas, na parroquia de Monte. Segundo afirman, a situación era previsible debido á seca e ao estado dunhas instalacións construídas nas décadas dos 80 e 90 que, aseguran, non recibiron investimentos de modernización. Tamén denuncian o abandono das captacións da Pasada do Lobo, rodeadas de maleza e con accesos deteriorados, e lembran que levan anos reclamando ac-

tuacións para mellorar a rede de abastecemento. Ao seu xuízo, recorrer a cisternas cada verán non resolve un problema que, ademais, se ve agravado polos efectos do cambio climático.

Por outra banda, o grupo socialista presentou unha solicitude para reforzar a prevención de incendios mediante a inspección das parcelas que poidan incumprir a normativa de xestión da biomasa. Sinalan como exemplo varios terreos da rúa Pedride e outros situados nas proximidades de depósitos de auga e centros de transformación eléctrica, onde a acumulación de vexetación incrementa o risco de lume. O PSdeG pide que os servizos municipais revisen estas parcelas, requiran a súa limpeza cando sexa necesario e, de persistir o incumprimento, apliquen as medidas previstas na lexislación.

Aberto o prazo para solicitar as axudas municipais ao estudo

O Concello de Xove abriu o prazo para presentar as solicitudes das axudas municipais ao estudo, unha convocatoria dirixida a apoiar economicamente ás familias do municipio nos gastos derivados da escolarización.

As subvencións contemplan tres modalidades de apoio: comedor escolar, estancia e transporte, co obxectivo de facilitar o acceso á educación e contribuír a aliviar parte dos custos que asumen as familias ao longo do curso académico.

As persoas interesadas dispoñen de prazo para formalizar a súa solicitude ata o vindeiro 11 de agosto.

Os impresos necesarios para tramitar a petición poden recollerse tanto no Rexistro Municipal como no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Xove, onde tamén se ofrece información sobre os requisitos e a documentación que debe achegar cada solicitante.

Reforzan os servizos municipais cunha nova desbrozadora

O Concello continúa avanzando na mellora dos seus servizos municipais coa incorporación dunha nova desbrozadora trituradora semilateral para tractor, ao tempo que volve reclamar á Consellería do Medio Rural a dotación dunha nova motobomba para reforzar o servizo municipal de prevención e primeira intervención en incendios forestais.

A nova maquinaria de desbroce supuxo un investimento de 16.504,34 euros, financiado a través do Fondo de Compensación Ambiental. O equipamento foi adquirido en Talleres Cancelos, empresa do propio municipio, unha decisión coa que o goberno local tamén pretende apoiar o tecido económico local.

A desbrozadora permitirá mellorar os traballos de conservación e mantemento que o Concello realiza ao longo do ano, tanto nas estradas municipais asfaltadas como nos camiños de terra, incrementando a eficacia das actuacións e facilitando unha resposta máis áxil ás necesidades da veciñanza.

O alcalde, Rubén García, destacou que a renovación da maquinaria municipal forma parte da estratexia



de modernización dos servizos públicos, co obxectivo de ofrecer unha atención máis eficiente e adaptada ás demandas do municipio.

Paralelamente, o rexedor remitiu un novo escrito á Consellería do Medio Rural para solicitar a substitución da motobomba empregada nas primeiras intervencións contra os incendios forestais. A petición cobra especial relevancia tras o lume rexistrado esta semana no Alto do Picato, na parroquia de Vilapena, onde os operarios municipais foron os primeiros en actuar para frear o avance das lapas ata a chegada do resto dos efectivos.

Segundo explica o Concello, esta demanda xa fora trasladada en 2024 debido ao avanzado desgaste do vehículo, unha situación que se agravou co paso do tempo. Rubén García sinala que o Concello leva anos asumindo reparacións constantes e que incluso resulta difícil atopar pezas para manter operativo o camión.

O alcalde subliña que Trabada conta cunha ampla superficie forestal e numerosos núcleos dispersos, polo que considera imprescindible dispoñer de medios modernos que garantan unha resposta rápida e segura para protexer á poboación, as vivendas, as explotacións agrarias.

A reparación do pavillón de Trabada colle impulso coa chegada de novos fondos

O Goberno local avanza na recuperación do pavillón polideportivo municipal tras o incendio rexistrado o pasado mes de xaneiro grazas á concesión dunha subvención da Xunta de Galicia de 36.000 euros, que permitirá acometer a renovación da cuberta do edificio que alberga os vestiarios e o ximnasio.

A actuación suporá un investimento superior aos 51.000 euros, dos que a administración local achegará máis de 15.000 euros con fondos propios. Os traballos centraranse na substitución da cuberta e da estrutura de vigas dos vestiarios, unha primeira fase dunha rehabilitación completa valorada en preto de 160.000 euros.

O alcalde, Rubén García, destacou que o Concello buscou distintas vías de financiamento para afrontar unha intervención que considera prioritaria. Tras non prosperar unha solicitude de colaboración extraordinaria coa Xunta, o goberno local optou

por presentar o proxecto a unha convocatoria ordinaria de axudas, coa que conseguiu o financiamento necesario para iniciar as obras. Ademais, avanzou que xa solicitou un novo convenio extraordinario para completar a reparación dos danos causados polo lume.

Durante unha visita ás instalacións, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, puxo en valor a importancia desta actuación nun pavillón empregado tanto polo alumnado do CEIP Celso Currás como polos clubs e a veciñanza.

Villares tamén repasou outras actuacións da Xunta no municipio, como a substitución da caldeira do colexio, cun investimento de 17.500 euros, a mellora da iluminación pública en varios núcleos, dotada con 26.600 euros, e a adquisición dunha nova desbrozadora municipal por 16.500 euros, financiadas a través do Fondo de Compensación Ambiental.

Novas actuacións melloran a contorna de San Miguel e outras infraestruturas locais

Trabada continúa impulsando a mellora das súas infraestruturas municipais con novas actuacións en diferentes parroquias e co inicio da transformación do complexo deportivo, dous proxectos cos que o Concello busca reforzar os servizos, incrementar a seguridade e crear novos espazos de convivencia e lecer.

Unha das intervencións máis destacadas desenvólvese na contorna da capela de San Miguel, en Vilapercide, onde se está a acondicionar un dos principais puntos de encontro da parroquia. Os traballos inclúen a construción dun novo muro de contención, a instalación dunha varanda de protección, a rehabilitación da fonte e a ampliación do campo da festa, actuacións financiadas mediante un convenio coa Deputación de Lugo.

Ademais, renováronse varandas en varias pontes de Trabadela, instalouse unha nova protección xunto á igrexa de Sante e colocouse un peche no pozo de incendios de San Martiño, na Ría de Abres, para mellorar a seguridade destas infraes-



truturas.

Paralelamente, o Concello iniciou as obras de remodelación do complexo deportivo municipal. O proxecto contempla o traslado da pista de pádel, a creación dunha área de autocaravanas con todos os servizos, un novo local multiusos nos antigos vestiarios e a mellora da zona de descanso. O alcalde, Rubén García Freije, destacou que estes investimentos permitirán modernizar os servizos públicos, potenciar o turismo e seguir mellorando a calidade de vida da veciñanza.

O PP critica o atraso nas tarefas de limpeza e roza municipais



O Partido Popular de Trabada cuestionou a xestión do Goberno local no mantemento dos espazos públicos ao considerar que, mediado o mes de xullo, aínda permanecen sen completar os traballos de roza e limpeza en distintas áreas de descanso e outros puntos do municipio. A formación popular sostén que estas tarefas deberían terse executado antes do inicio da tempada estival para garantir un estado axeitado das zonas de uso público durante os meses de maior afluencia.

Segundo o PP, as actuacións realizadas nos últimos días evidencian unha falta de planificación e responden a intervencións de última hora, cando o mantemento do municipio debería desenvolverse me-

diantes unha programación estable ao longo de todo o ano. Os populares consideran que unha correcta organización permitiría conservar en mellores condicións as infraestruturas e os espazos verdes.

Neste contexto, defenden que a veciñanza demanda unha xestión baseada na previsión e na continuidade, máis aló da difusión da actividade institucional. Ao seu xuízo, o importante é que os traballos estean executados no momento oportuno e non cando o verán xa está avanzado. Por iso, reclaman ao executivo municipal unha maior planificación das tarefas de conservación para evitar que estas actuacións se concentren unha vez iniciada a época estival.

A Festa do Verán de O Picato volverá reunir á veciñanza

A Asociación Cultural O Picato organiza unha nova edición da Festa do Verán. A cita terá lugar o 21 de agosto, entre as 17.00 e as 20.00 horas, no pavillón municipal.

A programación reunirá diferentes actividades dirixidas ao público familiar. Os máis pequenos poderán divertirse nun gran inchable infantil, mentres que outro dos principais atractivos da xornada será un toro mecánico, pensado para poñer a proba o equilibrio e garantir momentos de diversión entre os asistentes.

A música tamén terá un papel destacado durante toda a celebración, contribuíndo a crear un ambiente animado no recinto deportivo. Ademais, a organización ofrecerá unha merenda gratuíta para todos os nenos e nenas, unha iniciativa coa que busca favorecer a participación das familias e converter a cita nun espazo de convivencia.

A festa completárase cun servizo de bar no que se poderá degustar chocolate quente con biscoitos, ademais doutras consumicións, permitindo aos asistentes desfrutar dunha tarde de verán con propostas para todas as idades.

A educación que medra ao aire libre colle forza en Mondoñedo

O proxecto educativo consolida unha nova etapa baseada no respecto á infancia, o xogo libre, a creación de redes comunitarias e as familias

Por Ana Somoza.

Nenea leva máis dunha década desenvolvendo proxectos de educación na natureza que, segundo explican as súas impulsoras, transformaron profundamente a súa maneira de entender a infancia e o proceso educativo. A experiencia acumulada durante estes anos en contornas naturais marcou un antes e un despois na evolución do proxecto.

As súas responsables lembran que foron anos de traballo continuado entre bosques, formacións e acompañamento a familias. “Dez anos dan para moito”, sinalan, e destacan que a vivencia da escola no bosque non só tivo impacto nas crianzas, senón tamén no propio equipo educativo. “Transformounos a nós tamén”, engaden, ao explicar que o modelo foi evolucionando cara unha visión máis ampla da educación.

O proxecto naceu coa intención de ofrecer unha alternativa baseada no contacto directo coa natureza e no xogo libre como ferramentas fundamentais de aprendizaxe. Co paso do tempo, esa idea inicial foi medrando ata converterse nun modelo máis complexo que integra tamén formación, asesoramento pedagóxico e creación de redes comunitarias.

MONDOÑEDO. Mondoñedo convértese agora no novo punto de referencia do proxecto. A decisión de establecer alí a sede responde tanto a razóns persoais como profesionais. Unha das integrantes do equipo, natural da cidade, explica que o vínculo co territorio foi determinante na elección. “Xa levaba tempo instalada aquí mentres viaxabamos impartindo formacións”, relata, ao tempo que recoñece que o ritmo de traballo itinerante fixo evidente a necesidade de contar cun espazo estable. “Foi un ano moi intenso, pero tamén nos fixo ver que necesitabamos un lugar onde botar raíces sen deixar de movernos”, engade. A resposta recibida na cidade foi, segundo o equipo, moi positiva. “Mondoñedo abriunos as portas”, explican, destacando tanto a implicación das familias como a acollida institucional. Esa combinación fixo posible consolidar unha nova etapa que consideran clave no futuro do proxecto.

LABORATORIO. Laboratorio For-
mativo Nenea é actualmente o eixo central do proxecto. Trátase dun equipo de innovación edu-

cativa que traballa desde unha perspectiva integral baseada no pensamento, a experiencia e o acompañamento emocional. As súas responsables defínenlo como un espazo no que se busca impulsar procesos de aprendizaxe e transformación pedagóxica. “Traballamos desde o pensar, o sentir e o experimentar”, explican, ao describir unha metodoloxía que combina formación, asesoramento e deseño de experiencias educativas. Entre as súas principais liñas de

“A experiencia de educar na natureza cambia a forma de mirar á infancia e tamén a nós como adultos”



traballo destacan a pedagogía dos coidados, a educación na natureza e o acompañamento respectuoso. O obxectivo, segundo sinalan, é ofrecer ferramentas tanto a profesionais da educación como a familias que buscan novas formas de acompañar á infancia. Nos próximos meses teñen previsto desenvolver unha semana formativa centrada na pedagogía dos coidados e da natureza, ademais

dun foro internacional no que se abordarán experiencias e modelos educativos vinculados aos coidados.

INFANCIA. Nenea mantén unha liña de traballo directa coa infancia a través da escola no bosque e de actividades ao aire libre, aínda que nesta nova etapa esta parte do proxecto terá un desenvolvemento máis pausado. A filosofía educativa segue sendo clara. “A infancia necesita xogar en liberdade, fóra das paredes e en contac-

“A escola no bosque non é só unha experiencia educativa, é unha vivencia que cambia tamén a quen acompaña”



APRENDIZAXE. Nenea defende que a educación na natureza ofrece beneficios amplamente observados na práctica. As súas impulsoras explican que o acompañamento respectuoso permite un desenvolvemento emocional máis estable, baseado na seguridade e na confianza.

No ámbito social, destacan o papel do xogo libre como ferramenta fundamental de relación. “É no xogo onde as crianzas aprenden a convivir, a resolver conflitos e a desenvolverse en grupo”, explican. No plano académico, consideran que o currículo pode traballarse de forma flexible e adaptada ao contexto natural. A natureza é definida como “o maior espazo de aprendizaxe posible”, onde a curiosidade infantil xoga un papel clave.

TECNOLOXÍA. O uso da tecnoloxía na infancia é outro dos puntos de reflexión do proxecto. O equipo non rexeita a súa presenza, pero defende que debe ser progresiva e equilibrada. “Canta máis tecnoloxía, máis natureza”, lembran citando ao escritor Richard Louv, unha das súas referencias no ámbito da educación ambiental. Ao mesmo tempo, advirten de que a exposición temperá ás pantallas pode afectar ao desenvolvemento infantil. A súa proposta pasa por priorizar o contacto co medio natural durante os primeiros anos de vida e introducir a tecnoloxía de maneira progresiva en etapas posteriores.

CAMBIO EDUCATIVO. Nenea considera necesario avanzar cara unha transformación profunda do sistema educativo. Entre as principais demandas destacan a redución de ratios nas aulas, a mellora das condicións laborais do profesorado e a introdución de modelos máis flexibles. “Temos grandes profesionais, pero moitas veces traballan en condicións que non permiten desenvolver todo o seu potencial”, explican. Por iso propoñen un sistema máis aberto ao traballo por proxectos e ao movemento dentro e fóra das aulas.

FORMACIÓN. A formación continua é outro dos piares fundamentais do proxecto. O equipo considera que o cambio educativo só é posible se o profesorado conta con espazos permanentes de actualización e reflexión. Cada vez máis centros educativos, explican, solicitan formacións específicas para avanzar cara modelos máis innovadores. “Hai unha necesidade real de cambio”, apuntan, destacando o interese crecente por estas propostas.

FAMILIAS EN REDE. Un dos proxectos máis recentes é “Familias en Rede”, unha iniciativa que naceu a partir das demandas de familias da A Mariña interesadas en novos modelos de crianza. O obxectivo é crear espazos de encontro, formación e acompañamento. “Hai moita soidade na crianza actual”, explican, e consideran necesario xerar comunidade e apoio mutuo. O proxecto inclúe obradoiros, xornadas familiares e actividades na natureza, co obxectivo de fortalecer os vínculos entre familias e profesionais da educación.

COMUNIDADE. Nenea entende a educación tamén como unha ferramenta de desenvolvemento comunitario. Segundo explican, o proxecto pode contribuír a fortalecer o territorio e xerar redes sociais máis sólidas. A educación, engaden, pode ser clave para fixar poboación e dinamizar a vida local. Por iso apostan por crear espazos de colaboración entre familias, profesionais e comunidade educativa.

FUTURO. O obxectivo a medio prazo é consolidar Mondoñedo como un referente na formación pedagóxica e seguir ampliando o alcance da escola na natureza. “Gustaríanos que Nenea sexa un referente en formación de adultos e que a escola no bosque siga medrando”, conclúen, abrindo unha nova etapa centrada na consolidación e no crecemento sostible do proxecto.

O PSOE pide explicacións polo vehículo de Protección Civil

O PSOE de Mondoñedo denunciou que o vehículo de Protección Civil do municipio estaría circulando coa ITV caducada, unha situación que, segundo indican, puideron comprobar directamente e sobre a que pedirán explicacións ao goberno local do PP na vindeira sesión plenaria.

Desde a formación socialista aseguran que a inspección técnica do vehículo caducou no mes de maio, tal e como figura na propia pegatina do coche. Ademais, sinalan que o vehículo acudiu o pasado 12 de xuño á revisión correspondente, obtendo un resultado desfavorable. A pesar diso, denuncian que o coche continuou sendo utilizado posteriormente.

O PSOE vincula esta situación co accidente rexistrado o 13 de xuño en Maariz, no que faleceu unha peregrina. Segundo indican, a Xefatura de Tráfico requiriu o servizo de Protección Civil para trasladar a Lugo ao acompañante da vítima, pero este servizo non chegou a realizarse. Os socialistas cuestionan a capacidade de resposta do dispositivo de emer-



xencias e preguntan pola súa eficacia se, segundo aseguran, non pode cumprir a súa función debido á falta de control sobre os medios dispoñibles.

A formación tamén puxo en valor que nese caso o Concello optase por poñer un taxi á disposición do acompañante, unha medida que consideran unha alternativa segura ante a situación existente.

Os socialistas sosteñen ademais que este non sería un caso illado e lembran outras dúas incidencias an-

teriores relacionadas co mesmo vehículo: unha sanción por exceso de velocidade e outra situación na que, segundo a súa versión, o concelleiro de Obras deu positivo nun control de alcoholemia mentres conducía o coche municipal.

Para o PSOE, estes feitos evidencian un patrón de descontrol na utilización dun recurso público e consideran especialmente preocupante que, mentres se incumpren obrigas legais, o vehículo continúe empregándose para outras actividades.

Prohibido temporalmente o baño na área recreativa da Fervenza

O Concello de Mondoñedo prohibiu temporalmente o baño na área recreativa da Fervenza tras detectar as últimas análises da auga unha contaminación microbiolóxica superior aos límites permitidos. Segundo informou a Consellería de Sanidade, as mostras recollidas o 26 de xullo no río Tronceda, á altura do Coto da Recadeira, rexistraron máis de 2005 NMP por cada 100 mililitros tanto de *Escherichia coli* como de enterococos intestinais, superando os valores establecidos pola normativa para as augas de baño. Ante esta situación, o Concello procedeu ao peche da zona e instalou sinalización informativa para advertir da prohibición, que se manterá ata que novas análises confirmen que a calidade da auga volve ser apta para o baño. Ademais, Sanidade instou á administración local a investigar a orixe da contaminación e adoptar as medidas necesarias para eliminala. O Concello agradeceu a colaboración da veciñanza e lembrou que a reapertura dependerá dos resultados das próximas análises.

Agosto terá música, teatro, mercados e para toda a familia

Mondoñedo afronta o mes de agosto cunha completa axenda de actividades culturais, festas e de lecer pensada para todos os públicos. A programación combina concertos, espectáculos infantís, tradición, festas populares e citas consolidadas como o Mercado Medieval ou o Festival Bal y Gay, convertendo a cidade nun dos principais focos de actividade do verán na comarca.

O calendario arrancará os días 1 e 2 de agosto coas festas de Masma e Mañiz, e continuará o 5 de agosto cun concerto de Vox Luminis, incluído no Festival Bal y Gay, unha das citas musicais de maior prestixio do verán galego. Ao día seguinte, o protagonismo será para o público infantil coa celebración de Pequemedieval e un espectáculo de contacontos na praza do Concello.

Entre o 7 e o 9 de agosto, Mondoñedo viaxará varios séculos atrás coa celebración do seu tradicional Mercado Medieval, que encherá as rúas de postos, ambientación histórica e actividades. Como complemento,

o sábado pola noite actuará a banda Mekanika Rolling Band, que ofrecerá un concerto na praza do Concello.

As propostas continuarán o 16 de agosto coa festividade de San Roque, que incluírá misa e procesión na Catedral. Poucos días despois, o 19 de agosto, o Festival Bal y Gay regresará cun dos seus concertos máis destacados, protagonizado pola Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias no marco do certame.

O peche da programación estival chegará o 31 de agosto coa tradicional Festa Peche das Piscinas, unha cita que despedirá o verán antes de dar paso ás actividades previstas para setembro.

Con esta ampla oferta, o Concello de Mondoñedo busca dinamizar a vida cultural durante os meses de verán, ofrecer alternativas de ocio para veciñanza e visitantes e poñer en valor o patrimonio, as tradicións e a riqueza cultural da cidade a través dunha programación variada e repartida por diferentes espazos do municipio.

A tecnoloxía solar e a automatización modernizan as instalacións agroforestais



A formación profesional vinculada ao sector agroforestal avanza cara á dixitalización coa incorporación de novas ferramentas loxísticas na comarca. O IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo puxo en marcha durante este curso un novo invernadoiro tecnificado de alta eficiencia enerxética, deseñado co obxectivo de que o alumnado realice as súas quendas de traballo práctico nun contorno similar ao que demandan as actuais empresas do sector primario.

As novas instalacións destacan pola implantación de sistemas automatizados que regulan de forma autónoma tanto os mecanismos de ventilación coma as quendas do sistema de rega. Ademais, o espazo integra unha instalación de paneis fotovoltaicos e unha infraestrutura específica de recollida

de augas pluviais, o que permite ao complexo académico acadar a autosuficiencia hídrica e eléctrica durante o proceso de produción vexetal.

Esta dotación tecnolóxica complementa as titulacións que se imparten nas aulas deste centro, que abranguen os graos superiores de Xestión Forestal e do Medio Natural e de Paisaxismo e Medio Rural, así como ciclos medios e básicos de Conservación do Medio Natural e Xardinaría. Segundo os datos recollidos polos servizos municipais de Mondoñedo, estas especialidades manteñen unha constante demanda de emprego na contorna para cubrir postos de axente forestal, especialista en prevención e extinción de incendios, viveirista ou técnico en xardinería.

Un libro recupera a historia da traída de auga do século XVIII



Mondoñedo acolleu a presentación do libro *Enxeñería hidráulica do século XVIII na cidade de Mondoñedo*, editado polo Servizo de Publicacións da Vicepresidencia da Deputación. A obra, elaborada por Xurxo Lorenzo, Javi Fouz, Andrés G. Doural, Miguel Chao e Magdalena Domenech, analiza a antiga traída de auga que abasteceu a cidade durante máis de dous séculos, desde a súa construción en 1726 ata finais da década de 1920.

O volume recolle a historia desta infraestrutura e describe os seus principais elementos conservados, como galerías, alxibes e decantadores, apoiándose en mapas e documentación gráfica. Ademais, reivindica a necesidade de protexer este patrimonio hidráulico e incorpora un mapa histórico do trazado e varias rutas de sendeirismo para facilitar o coñecemento e a divulgación deste legado de Mondoñedo.

ourol

A Deputación de Lugo mellorará a accesibilidade da Casa da Cultura



A Xunta de Goberno provincial aprobou un convenio de colaboración co Concello de Oourol polo que a Deputación achegará máis de 60.000 euros para financiar integramente a mellora da accesibilidade da Casa da Cultura municipal. A actuación permitirá eliminar barreiras arquitectónicas e adaptar este equipamento público para convertelo nun espazo máis cómodo, funcional e inclusivo, facilitando que todas as persoas poidan participar nas actividades culturais e sociais que se desenvolven neste

centro. A Casa da Cultura de Oourol constitúe un dos principais puntos de encontro da vida social do municipio, tanto para o tecido asociativo como para a organización de propostas culturais e actividades abertas á veciñanza. García Porto sinalou que esta colaboración forma parte da liña de apoio da Deputación aos concellos da provincia, especialmente para impulsar actuacións que “en moitos casos non poderían asumir unicamente cos seus recursos propios”.

O Concello de Oourol aposta por un amplo programa para as Festas da Nosa Señora

O Concello xa deu a coñecer o programa das Festas Patronais 2026 na honra á Nosa Señora, unha celebración que volverá reunir á veciñanza e aos visitantes ao redor da música, a gastronomía e os actos tradicionais durante tres xornadas festivas, os días 8, 9 e 15 de agosto. A programación arrancará o sábado 8 de agosto cunha sesión vermú, a partir das 14.00 horas, amenizada pola orquestra Salsarena. Unha hora despois celebrase o tradicional xantar popular baixo unha carpa instalada na Praza do Concello e servido polo Catering Rochela de Vilalba. Para participar será necesario inscribirse previamente e retirar a correspondente tarxeta no Concello. As persoas empadroadas poderán asistir de balde, mentres que se establecerán diferentes prezos para os asistentes non empadroados segundo a idade. Tras a comida, a festa continuará cun baile de tarde protagonizado por José Manuel, exintegrante da Orquestra Abanico, antes dunha

das citas máis esperadas da fin de semana: a gran verbena nocturna, que reunirá sobre o escenario ás orquestras Salsarena e Grupo Máster. O domingo 9 de agosto, a celebración proseguirá cunha sesión vermú prolongada desde as 14.00 horas a cargo do grupo Euphoria, que poñerá ritmo á segunda xornada das festas. Os festexos culminarán o sábado 15 de agosto, festividade da Nosa Señora, cun programa no que a tradición relixiosa terá un papel protagonista. Ás 13.00 horas celebrase a misa solemne e a posterior procesión, actos que darán paso á sesión vermú amenizada polo Grupo Nuevo Ritmo. Xa pola noite, a mesma formación será a encargada de pechar as festas cunha nova verbena. Con esta programación, Oourol aposta por combinar o ambiente festivo coa tradición, ofrecendo actividades pensadas para todas as idades e reforzando unha das celebracións máis destacadas do calendario local.

vegadeo

O compromiso co municipio e co rural centra dúas grandes citas

Vegadeo vivirá un intenso outono marcado por dous importantes actos de recoñecemento ao compromiso social, educativo e comunitario. O municipio distinguirá á mestra xubilada Isabel Oliveros Martínez co Premio Vegadense do Ano e, ademais, converterase o vindeiro 15 de outubro na sede do Día da Muller Rural de Asturias 2026, unha xornada dedicada a poñer en valor a contribución das mulleres ao desenvolvemento do medio rural. O xurado do Premio Vegadense do Ano, promovido pola asociación Amigos de Vegadeo e o Concello, acordou conceder na súa XXVIII edición esta distinción a Isabel Oliveros pola súa extensa traxectoria profesional e polo seu compromiso coa vida social e cultural da localidade. Ao longo de máis de tres décadas exerceu como mestra, directora e formadora de profesorado, deixando unha fonda pegada no ámbito educativo. Entre outras responsabilidades, dirixiu o Colexio Público Jovelanos e impartiu docencia no antigo Liceo. A homenaxe recoñece tamén a súa



participación en numerosas iniciativas culturais e sociais, colaborando coa Biblioteca Pública Municipal e con entidades como Amas de Casa, Caridad Vegadense e Medalla Milagrosa, ademais de impulsar proxectos como o cine-fórum, a Feira de Mostras ou a publicación Vegadeo a sus Hijos Ausentes. Natural de El Franco, estableceu en Vegadeo o seu fogar e desenvolveu boa parte da súa vida persoal e profesional. A programación institucional continuará o 15 de outubro coa celebración do Día da Muller Rural de

Asturias, un encontro que reunirá no municipio a participantes de toda a comunidade para visibilizar o labor das mulleres no ámbito agrario, empresarial, asociativo e social. Coincidindo con esta cita, permenece aberto o prazo para presentar candidaturas á IX edición do Premio Muller Rural de Asturias, co que se pretende destacar a traxectoria de mulleres que contribúen ao progreso do territorio e promover referentes que impulsen a igualdade de oportunidades e o futuro do rural asturiano.

Pista Extra amplía o seu cartel con catro novas incorporacións

O festival Pista Extra continúa ampliando o cartel da súa edición de 2026 coa incorporación de Jarfalter, Crisix, Bestas Punk Folk e Jordi Panico, que se suman ás bandas xa confirmadas para a cita do 28 de novembro no recinto feiral da Veiga, en Vegadeo. Entre as novidades destaca Crisix, referente do thrash metal estatal, que regresará aos escenarios tras dous anos de parón cunha xira limitada. Tamén actuará Jarfalter, un dos artistas máis destacados do rap alternativo español, coñecido polo seu directo e polas súas letras de contido social. Desde Galicia chegarán Bestas Punk Folk, unha das bandas con maior proxección do punk galego, mentres que Jordi Panico, DJ residente do festival desde os seus inicios, volverá encargarse de enlazar as actuacións coa súa selección musical. Estas incorporacións únense a Soziedad Alkoholika, Narco, Manolo Kabezabolo e La Morgue, nun festival que contará con aforo limitado, zona de acampada gratuíta e novos artistas aínda por anunciar.

Vegadeo prepárase para unhas Festas do 15 con grandes concertos e espectáculos

As Festas Patronais “As do 15” volverán converter a vila nun dos grandes referentes festivos do verán cun programa que se desenvolverá entre o 7 e o 23 de agosto. A música será o principal atractivo dunha programación que reunirá artistas internacionais, orquestras e actividades tradicionais para todos os públicos. O inicio oficial terá lugar o 7 de agosto, ás 20.00 horas, co pregón desde o balcón do Concello a cargo de Sabino López García, encargado de abrir unhas celebracións que cada ano reúnen a centos de veciños e visitantes. A programación continuará o 8 de agosto coa tradicional Noite Celta, que incluírá un pasarrúas da Charanga A Pentamalla e as actuacións de Alejandro Martínez e do Grupo Nuevo Ritmo. O 14 de agosto celebrase unha das verbenas máis esperadas, protagonizada pola Orquestra Trébol e o Grupo Ideas, que volverá actuar en Vegadeo tras o éxito da edición anterior. A noite completase coa tradicional sesión de fogos artificiais. O 15 de agosto será a quenda do



cantante chileno Américo, que fará parada en Vegadeo coa súa xira europea World Tour 2026, interpretando os seus grandes éxitos. A continuación actuarán La Mecánica e a Macrodiscoteca Disquetoca. As festas seguirán o 16 de agosto coa actuación da Orquestra Olympus, que presentará o espectáculo Más alá do Olimpo. A noite completase coa Macrodiscoteca Euphoria e o DJ Pedro Bermúdez. A programación concluirá o 23 de agosto coa tradicional xira campestre no Noveledo, amenizada por Alejandro Martínez e o Dúo Impacto, poñendo o broche final.

DEPUTACIÓN

Combater a despoboación: a clave para a prevención dos lumes

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, destacou que combater a despoboación é unha ferramenta chave na prevención dos lumes. Unhas declaracións que realizou durante a presentación do Análise da relación entre despoboamento rural e cambio nos réximes de incendios do Sureste Europeo no Pazo de San Marcos. O informe, impulsado polo Eixo Atlántico e elaborado polo enxeñeiro Juan Picos, sinala a revitalización do territorio como unha das principais ferramentas para reducir o risco dos grandes lumes.

Carmela López destacou que “na provincia de Lugo sabemos ben do que falamos cando falamos de incendios forestais. Vímolos xa este verán e sufrímolos nos últimos anos, con lumes que deixaron unha fonda pegada, especialmente na Ribeira Sacra”.

“Este é o cambio de modelo que Galicia necesita. Non podemos conformarnos cun sistema que concentra os esforzos na extinción. A prevención debe ocupar o lugar central, con planificación, con recursos suficientes e cunha xestión activa do territorio durante os doce meses do ano”, argumentou.

Puxo sobre a mesa a presidenta que “a ciencia confirma o que o rural leva moito tempo advertindo: o abandono do territorio, a perda da actividade agraria e forestal e o despoboamento aumentan o risco e fan que os incendios sexan cada



vez máis difíciles de controlar. Esa realidade non admite improvisación, require políticas sostidas no tempo”. Sinalou que desde a Deputación “seguremos asumindo as nosas responsabilidades: colaborando cos concellos, investindo no rural e contribuíndo a manter vivo o territorio”, pero que “Galicia merece unha política forestal á altura do reto que ten por diante”.

O estudo, que presentaron o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao, e o propio autor, analiza a evolución demográfica e os incendios rexistrados entre 2016 e 2026 en máis de 4.400 unidades administrativas de España, Francia e Portugal. Os datos obtidos confirman a estreita relación que existe entre o abandono do medio rural, o envellecemento da poboación e

a proliferación dos grandes lumes forestais.

Segundo explicou Picos, o abandono da actividade agrícola, gandeira e forestal favorece a expansión das matogueiras, a acumulación de combustible vexetal e a perda da paisaxe en mosaico, un elemento clave para frear a propagación do lume. Factores aos que se suma o envellecemento, a perda de servizos básicos a diminución da capacidade de xestión do territorio ou o cambio climático, elevando o risco de incendios extremos.

As medidas propostas no texto para frear esta tendencia pasan pola recuperación da actividade no sector primario, a conservación das paisaxes diversificadas, o impulso do relevo xeracional ou unha xestión que limite a acumulación de biomasa.

Os incendios e a educación pública centraron o debate do pleno

O Pleno da Deputación aprobou a proposta do Goberno provincial a instar á Xunta de Galicia a impulsar un novo modelo de prevención e defensa contra os incendios forestais, adaptado á realidade actual e centrado na prevención como principal ferramenta para protexer o territorio, o rural e a poboación.

A presidenta da Deputación, Carmela López, indicou antes do inicio da sesión que se está afrontando un escenario marcado por lumes cada vez máis intensos e complexos, que obrigan a revisar as políticas públicas nesta materia. A iniciativa saíu adiante co apoio do BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

A Deputación de Lugo tamén mandará á Xunta de Galicia un en-

sino público de calidade, incluso, en galego e con recursos suficientes. A iniciativa socialista foi defendida polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen advertiu de que a educación pública constitúe un servizo esencial para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social, especialmente nunha provincia como Lugo, marcada pola dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e o despoboamento do rural.

A moción, aprobada co apoio do BNG e o deputado non adscrito, inclúe o apoio institucional da Deputación ao profesorado, ao persoal educativo, ao alumnado e ás familias, e insta á Xunta a garantir un ensino público suficientemente financiado, incrementar os cadros de persoal

docente e educativo, cubrir con axilidade as substitucións, reducir as ratios e evitar o peche de escolas no rural. Os votos de PSOE e BNG rexeitaron a proposta popular de que se tiveran en conta as demandas dos médicos para modificar o Estatuto Marco e rematar coas folgas que se reanudarán en setembro.

A portavoz do BNG, Iria Castro, denunciou a “involución” do PP respecto ao galego e reclamou recuperar o consenso político e social arredor da lingua acadado co Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004. A moción nacionalista, que foi aprobada, critica a proposta de actualización presentada pola Xunta. Tamén reclamou á Xunta medidas urxentes para apoiar o sector apícola.

A Deputación realizará 21 accións formativas para mil empregados

A Deputación está a impulsar unha Administración máis moderna e preparada a través dunha nova edición do Plan Agrupado de Formación Continua. Este programa que a institución provincial desenvolve desde 1995 está consolidada como unha ferramenta estratéxica para mellorar a capacitación do persoal das entidades locais e contribuír á mellora dos servizos públicos que recibe a veciñanza.

A presidenta da Deputación, Carmela López, valorou esta iniciativa “que nos permite apoiar aos concellos, especialmente aos de menor tamaño, poñendo á súa disposición recursos e oportunidades de formación que dificilmente poderían asumir con medios propios”. “Investir na capacitación do persoal é investir nuns servizos públicos de maior calidade. Unha Administración moderna non depende só da tecnoloxía; depende, sobre todo, das persoas que a fan posible cada día”, engadiu.

O Plan Agrupado de Formación Continua está dirixido aos 5.114 empregados públicos das administracións locais da provincia e oferta este ano un total de 664 horas lectivas e 975 prazas en 21 accións formativas que se desenvolven entre xuño e novembro.

Este programa, con máis de tres décadas de traxectoria, reflicte, en palabras da Presidenta, “a aposta sostida da Deputación por acompañar aos concellos na mellora da

súa capacidade de xestión, ofrecendo formación especializada que resulta especialmente valiosa para os municipios pequenos, que dificilmente poderían dispoñer dunha oferta destas características con recursos propios”.

A edición de 2026 reforza a aposta da Deputación de Lugo pola modernización da Administración Local incorporando materias de plena actualidade como a intelixencia artificial aplicada á xestión local, a ciberseguridade, as competencias dixitais avanzadas, a protección de datos, a contratación pública, a xestión orzamentaria, a atención á cidadanía ou a protección do medio ambiente, sen deixar de lado ámbitos esenciais para o funcionamento diario das entidades locais.

O Plan está deseñado para dar resposta ás necesidades de todas as escalas da Administración Local, tanto da Administración Xeral como da Especial, dando cobertura ao persoal técnico, de xestión, administrativo, auxiliar e subalterno, así como a colectivos específicos, entre eles as policía locais.

Outro dos piares desta iniciativa é facilitar o acceso á formación con independencia do concello no que desenvolva o seu traballo cada empregado. Por iso, a maior parte das accións impártense en modalidade en liña, complementadas con telepresenza e videoconferencia, reducindo desprazamentos e favorecendo a conciliación.

ASESORÍA XURÍDICA



O deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández Méndez, visitou a sede do Colexio da Avogadía de Lugo para coñecer o funcionamento do Servizo de Orientación e Asistencia Xurídica Penal (SOAJP), un programa dirixido a atender as necesidades xurídicas das persoas internas nos centros penais de Bonxe e Monterroso.

DEPORTES

O Campionato de Balinera de Trabada será o día 8 de agosto

O Concello de Trabada mantén aberto o prazo de inscrición para participar na II edición do Campionato de Balinera, que se celebrará o 8 de agosto, a partir das 10.30 horas, no Alto da Cadeira, coincidindo coa tradicional Xira da Cadeira. Tras o éxito da primeira edición, o Goberno local consolida esta actividade como unha das propostas de lecer do verán. As balineras serán facilitadas pola organización, polo que non se permitirá competir con vehículos propios. Ademais, os participantes de entre 14 e 17 anos deberán acudir acompañados por unha persoa adulta. A competición repartirá premios para os tres primeiros clasificados: unha carabina, unha desbrozadora e un maletín de ferramentas Irmo. O alcalde, Rubén García, agradeceu a colaboración de Adrián Lombardía, de Top 10 Ferretería, pola cesión dos premios e destacou a importancia do apoio do tecido empresarial para impulsar este tipo de iniciativas. O Concello anima á veciñanza e aos visitantes a sumarse a esta xornada de convivencia, diversión e competición.

Abertas as inscricións para a 47ª edición do Cross Popular Volta a Piantón de Vegadeo

O Concello de Vegadeo mantén aberto o prazo de inscrición para participar na 47ª edición do Cross Popular Volta a Piantón, unha das probas deportivas máis tradicionais, que se celebrará o 14 de agosto. A xornada arrancará ás 18.00 horas coas carreiras infantís, que se desenvolverán no Polideportivo Municipal e na área recreativa de Noveledo. Pola tarde, ás 20.30 horas, disputarase a carreira absoluta da Volta a Piantón, con saída desde o Parque de Medal e un percorrido que cada ano reúne a numerosos corredores e afeccionados. As inscricións permanecerán abertas ata o 11 de agosto ás 21.00 horas e deberán formalizarse a través do código QR habilitado no cartel oficial. A organización lembra que non se admitirán inscricións o mesmo día da proba. Con esta nova edición, Vegadeo reafirma o seu compromiso coa promoción do deporte e consolida unha cita que, tras case medio século de historia, continúa sendo unha referencia no calendario atlético estival.

O Iberdrola Surfing Day converterá Burela no epicentro do surf feminino



A praia da Marosa, en Burela, acollerá o 12 de setembro o Iberdrola Surfing Day, unha xornada dedicada ao surf feminino que combinará deporte, formación e actividades divulgativas. A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, reuniuse cos responsables da Federación Española de Surfing para avanzar na organización do evento, que busca promover a igualdade, o deporte e a proxección turística do litoral lucense. A programación estará encabezada por unha masterclass e un clinic impartidos pola surfista inter-

nacional Janire González Etxabarri, quen compartirá a súa experiencia coa canteira feminina galega. Ademais, ofreceranse bautismos de surf gratuítos para mulleres sen experiencia. A iniciativa incluírá tamén o encontro ‘Muller e Deporte’, unha mesa redonda sobre igualdade e o futuro do surf olímpico, así como actividades abertas ao público, música e propostas centradas na sustentabilidade e na protección do medio mariño, promovendo un modelo de turismo deportivo responsable.

A petanca volve ser protagonista en Foz coa segunda edición do Torneo Praia da Rapadoira

O Parque Uxío Novoneyra de Foz converterase o vindeiro 29 de agosto no punto de encontro dos afeccionados á petanca coa celebración da II Edición do Torneo de Petanca Praia da Rapadoira. A cita, organizada polo Club Praia da Rapadoira, reunirá a xogadores de diferentes clubs nunha xornada que combinará competición, convivencia e lecer. A organización xa remitiu aos distintos clubs o cartel oficial do torneo, no que se recollen as bases da competición, o importe da inscrición, os premios e o resto de información necesaria para participar nesta nova edición. As persoas interesadas poderán formalizar a súa inscrición ata o próximo 26 de agosto, data fixada como límite para confirmar a participación. Desde o club organizador animan aos xogadores a non agardar aos últimos días



para completar o proceso e garantir a súa presenza no torneo. A competición contará con premios en metálico e trofeos para as parellas mellor clasificadas, ademais dunha programación pensada para favorecer o bo ambiente entre os participantes. A xornada completarase con comida, música e diferentes sorpresas, nun evento que busca consolidarse como unha referencia para os afeccionados a esta disciplina deportiva.

O campo municipal Pepe Barrera acollerá tres trofeos de fútbol durante este mes



O Campo Municipal Pepe Barrera de Ribadeo acollerá este verán tres citas futbolísticas que reunirán a equipos masculinos e femininos durante o mes de agosto. A primeira delas será a VI edición do Trofeo Emma Cuervo Feminino, que se disputará o venres 7 de agosto, ás 19.00 horas. O encontro enfrontará ao Real Club Deportivo da Coruña e ao Real Sporting de Gijón. Un día despois, o sábado 8 de agosto, celebrarase o III Trofeo Feiraco, no que se medirán o CD Lugo e o Real Oviedo Vetusta.

O partido está previsto para as 18.30 horas. A programación completarase o xoves 13 de agosto coa 75ª edición do Trofeo Emma Cuervo Masculino, que terá como protagonistas ao Racing Club de Ferrol e ao Real Avilés. O encontro disputarase ás 19.00 horas no Pepe Barrera. Os tres partidos forman parte da programación futbolística do verán en Ribadeo e converterán o estadio municipal nun dos escenarios destacados da pretempada para varios equipos do fútbol galego e asturiano.

A Nocturna Rinlo-Ribadeo volverá iluminar a costa ribadense o 22 de agosto

Ribadeo volverá converterse este agosto nun punto de encontro para os afeccionados ao deporte coa celebración da VIII Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo, unha das probas máis singulares do calendario deportivo da comarca. A cita terá lugar o 22 de agosto e percorrerá unha distancia aproximada de nove quilómetros entre o porto de Rinlo e a praza do Concello de Ribadeo. O trazado discorrerá por algúns dos espazos máis representativos do municipio, como a Illa Pancha ou o Cargadoiro, ofrecendo aos participantes un percorrido marcado pola paisaxe costeira. A carreira absoluta dará comezo ás 21.45 horas e contará cun límite de participación de 700 corredores entre todas as categorías. Para garantir a seguridade durante o percorrido será obrigatorio o uso de frontal luminoso tanto na proba absoluta como



nas categorías infantil e cadete. A organización, a cargo do Club Atletismo Ribadeo, manterá tamén as categorías para menores e a modalidade handbike, ampliando así a participación a diferentes perfís de deportistas. Ademais, habilitarase un servizo de autobús entre Ribadeo e Rinlo para facilitar os desprazamentos dos participantes antes do inicio da proba.

Jansu-Ujeong, o taekwondo de Viveiro que transforma vidas

Entre tapices, *poomsaes* e horas de voluntariado, Jansu-Ujeong consolidouse como unha gran familia que axuda a transformar vidas a través do deporte

Por Ana Somoza.

Cando se fala de Jansu-Ujeong en Viveiro é importante entender que detrás do nome existen dúas realidades que traballan da man. Por unha banda está a Asociación Cultural Deportiva Ujeong, presidida por Amaya Vilar, e pola outra o Club Taekwondo Jansu-Ujeong, presidido por Felipe Fernández e Juan Carlos Quintana como director técnico. Son entidades diferentes, pero nadas dunha mesma filosofía e cun obxectivo común: utilizar o deporte como ferramenta de inclusión social.

A historia é recente. Apenas comezou a tomar forma en 2024. Pero en pouco máis dun ano o proxecto converteuse nun referente para dúas familias da comarca, especialmente para aquelas que atopan máis dificultades no día a día. Felipe explica que o actual club naceu da unión entre a asociación Ujeong e o antigo club Jansu, procedente de Vilalba. O nome non foi escollido ao azar. “Jansu é un dos *poomsaes* que existen en taekwondo”, comenta. E cando se lle pregunta que é exactamente un *poomsae*, explica que se trata dun combate imaxinario no que unha persoa executa movementos de defensa e ataque fronte a varios adversarios ficticios. “Todo está moi corrixido e é moi milimétrico”, sinala.

Pero Jansu tamén significa “auga corrente”, unha idea que encaixa coa filosofía de adaptación e movemento constante que inspira o proxecto.

No caso de Ujeong, a palabra significa amizade, familia ou grupo de amigos. “Como eramos unha asociación formada por persoas que viñan de sufrir diferentes situacións, pensamos que o mellor era unirnos como unha familia”, explica Amaya.

INCLUSIÓN. A realidade social que rodea ao proxecto é probablemente o que o fai diferente doutros clubs deportivos. Segundo explican os seus responsables, aproximadamente o 90 % dos seus membros son persoas neurodiverxentes. Entre eles hai nenos con TDAH, trastornos do espectro autista, dislexia ou diferentes dificultades de socialización. Tamén hai familiar que axudan á inclusión e coexistencia entre todos e outras que non posúen neurodiverxencias.

Tamén hai familias procedentes doutros países que chegaron á Mariña buscando unha oportunidade. Viveiro, como outros municipios

costeiros, recibiu nos últimos anos numerosas familias de Filipinas, Perú e distintos países sudamericanos vinculados ao sector pesqueiro. “Temos moitas familias monoparentais sudamericanas que chegaron aquí coa esperanza de atopar unha vida mellor”, comenta Felipe.

Moitas veces detrás destas historias existen situacións persoais complexas. Casos de violencia de xénero, menores que sufriron acoso escolar ou familias que atravesaron circunstancias traumáticas. “Temos nenos que sufriron *bullying*, violencia de xénero nas súas casas ou situacións moi difíciles”, explica. Por iso os primeiros pasos

me.

O obxectivo é que os nenos e nenas vaian descubrindo que son capaces de facer cousas que antes crían imposibles. Pouco a pouco comezan a coordinar movementos, a relacionarse cos compañeiros e a sentirse seguros dentro dun grupo. Esa transformación é, para os responsables do proxecto, tan importante como calquera medalla.

VOLUNTARIADO. Un dos aspectos máis sorprendentes de Jansu-Ujeong é que todo o traballo realizado se desenvolve de forma completamente altruísta. “Somos Acción Voluntaria, inscritos no Concello e Xunta”, afirman. Iso

“Non buscamos só formar deportistas, senón buscamos formar persoas que se integren na comunidade”

“O maior premio é ver como un neno cambia e supera as súas dificultades e recupera a confianza en si mesmo”



dentro do club non se centran tanto no aspecto deportivo como no emocional.

CONFIANZA. Amaya Vilar é a primeira persoa coa que adoitan contactar os menores cando chegan ao proxecto. O seu labor céntrase na adaptación inicial.

“Moitos chegan cunha autoestima moi baixa, sen confiar en si mesmos e con problemas de coordinación”, relata.

Por ese motivo o que realizan inicialmente non é exactamente taekwondo. Ela mesma o define como un “pre-taekwondo”.

Os exercicios céntranse na psicomotricidade, na repetición de movementos, na aprendizaxe de rutinas e na adquisición de confianza. “É cuestión de intentalo, animar, motivar, motivar e motivar”, resu-

significa que nin Amaya nin Felipe reciben ningún tipo de compensación económica. Nin salarios, nin dietas, nin gastos de desprazamento. “Pagámolo todo desde o Club e a Asociación, intentando que as familias teñan os mínimos gastos posibles”, aseguran. Afirmación que non queda nunha frase feita. Os desprazamentos a competicións, os acompañamentos a eventos deportivos e moitas actividades extraordinarias son financiadas directamente polos propios responsables.

“Aos nenos levámoslos aos campións cos nosos coches”, explica Felipe. A única achega económica obrigatoria é a licenza federativa e a cota socio do Club, que permite que todos os practicantes estean cubertos por un seguro deportivo e poder dispoñer das horas e loca-



lizacións de adestramento. Actualmente son 74 integrantes e todos están federados.

A pesar das dificultades económicas, teñen claro que non queren renunciar ao proxecto. “Non o facemos por cartos. Facémolo pola parte emocional”, asegura Amaya.

ACOMPANAMENTO. O labor da entidade vai moito máis alá das horas de adestramento. Nas familias monoparentais, especialmente cando as nais están traballando, o club convértese nunha auténtica rede de apoio. “Moitas veces imos recoller os nenos para que non queden sós”, explican.

As comunicacións coas familias son constantes. Avisan cando os menores chegan aos adestramentos, cando rematan e mesmo cando regresan ás súas casas. A seguridade é unha prioridade absoluta.

Tamén existen normas claras. Os menores deben avisar cando faltan, manter un comportamento adecuado e cumprir coas súas responsabilidades académicas. “Se baixan as notas, primeiro hai que estudar”, sinalan. Outra regra é que os pais non entren no pavillón durante os adestramentos. O motivo é fomentar a autonomía. “Queremos que aprendan a calzarse sós, a atarse o cinto e a resolver pequenas situacións por eles mesmos”, explican.

EVOLUCIÓN. Os resultados deste traballo comezan a verse con claridade. Segundo relatan Amaya e Felipe, diferentes profesionais da psicoloxía que atenden aos menores destacaron os avances acadados. “Viron unha gran evolución”, afirman.

Hai casos especialmente emocionantes. Nenos que permanecían illados nos recreos, menores con comportamentos agresivos ou dificultades graves para relacionarse que lograron integrarse.

Tamén lembran rapaces que non soportaban entrar nun pavillón deportivo e que agora participan en competicións oficiais. “Alguns conseguiron incluso medallas nos campionatos escolares galegos”, comentan con orgullo.

Pero insisten en que o importante

non son os resultados deportivos. “O importante é velos desfrutar e integrarse”, destacan. Esa satisfacción é precisamente o que os impulsa a seguir adiante malia as dificultades.

FUTURO. Actualmente adestran de martes a sábado e desenvolven a súa actividade principal nas instalacións do IES Vilar Ponte de Viveiro. Tamén teñen presenza en Burela, na aula multidisciplinar da Escola de Música, e en Vilalba, nun espazo cedido polo Concello.

Contan ademais co apoio técnico de Juan Carlos Quintana, adestrador nacional e director técnico da entidade. “Quintana é o que ensina realmente o taekwondo”, explican. É quen transmite os coñecementos sobre os *poomsaes*, os exames de grao, os nomes técnicos e a filosofía da arte marcial.

A curto prazo o principal reto é moi claro. “Manternos. Custe o que custe”, afirma Amaya. Ao mesmo tempo queren seguir medrando. Cada vez máis terapeutas recomendan o proxecto e o número de menores interesados aumenta constantemente. Porén, esa expansión tamén supón novos desafíos. “Necesitaríamos máis voluntarios”, recoñecen.

Porque detrás de cada clase hai moito máis que unha actividade deportiva. Hai acompañamento, apoio emocional, integración social e unha enorme dedicación persoal.

Por iso, cando algunhas familias lles din que están perdendo diñeiro, Amaya responde cunha reflexión que resume perfectamente o espírito de Jansu-Ujeong. “Non perdo nada. Eu gaño moito mental e emocionalmente”.

Quizais esa frase explique mellor ca ningunha outra por que un proxecto nacido hai tan pouco tempo conseguiu converterse nunha auténtica familia para decenas de nenos e nenas da Mariña. Un lugar onde aprender unha patada ou un *poomsae* é importante, pero onde o fundamental é descubrir que cada persoa pode atopar o seu sitio, confiar en si mesma e avanzar, paso a paso, cara a un futuro mellor.

MAR

A Asociación de Pesca Recreativa de Burela prepara un intenso mes de actividades



A Asociación de Pesca Recreativa de Burela continúa consolidando o seu proxecto catro anos despois da súa creación. A entidade vén de superar a cifra dos 150 socios, un fito que, segundo destaca a súa directiva, reflicte o interese crecente que esperta a pesca recreativa e o traballo desenvolvido para promover esta afección no municipio. Coincidindo con este crecemento, a asociación xa traballa na organización das súas próximas actividades estivais, que contan coa colaboración do Concello de Burela e da Fundación Expomar. A programación inclúe o I Concurso de Pesca Xuvenil, previsto para o 22 de agosto, unha iniciativa coa que se pretende fomentar a práctica desta disciplina entre a mocidade e achegar os máis novos ao mar e ao respecto polo medio mariño. Ao día seguinte, o 23 de agosto, celebrarase a tradicional comida de confraternidade de verán, unha

cita pensada para favorecer o encontro entre os socios e fortalecer os vínculos dunha entidade que segue medrando ano tras ano. Desde a Xunta Directiva tamén valoran moi positivamente a recente reunión mantida no Concello de Burela coa Fundación Expomar. Nese encontro, a entidade manifestou a súa vontade de contar coa Asociación de Pesca Recreativa de Burela para colaborar en futuras iniciativas relacionadas coa promoción do sector e das actividades vinculadas ao mar. A asociación agradece o respaldo recibido por parte dos seus socios, aos que dá a benvida aos novos integrantes, así como o apoio prestado polo Concello de Burela e pola Fundación Expomar. Desde a directiva aseguran que seguirán traballando para impulsar novas propostas e contribuír ao desenvolvemento dun proxecto que continúa gañando forza e participación.

Portos e Concello de Cervo avanzan nas melloras do porto

A presidenta de Portos de Galicia, Natalia Botana, e a alcaldesa de Cervo, Dolores García, mantiveron unha reunión de traballo para analizar as actuacións prioritarias que se prevén desenvolver no porto de San Cibrao. O encontro serviu para reforzar a colaboración entre ambas administracións e establecer as bases dunha coordinación que permita avanzar na mellora das infraestruturas portuarias do municipio. Durante a xuntanza, as dúas responsables abordaron distintas iniciativas encamiñadas a modernizar o recinto portuario e incrementar a calidade dos servizos que presta. Entre as cuestións tratadas figuraron posibles actuacións nas infraestruturas via-

rias e nos inmobles vinculados á actividade do porto, co obxectivo de optimizar o seu funcionamento e responder ás necesidades actuais. Botana e García coincidiron na importancia de manter unha liña de traballo conxunta que facilite a execución de novos proxectos e permita continuar mellorando un espazo estratéxico para o municipio. Neste sentido, ambas administracións destacaron o clima de colaboración existente e expresaron o seu compromiso de seguir coordinando esforzos para garantir a conservación das instalacións actuais e planificar futuros investimentos que contribúan ao desenvolvemento do porto de San Cibrao.

O porto de Burela gañará en seguridade cunha nova actuación

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, avanza nas obras de reforzo do dique de abrigo do porto de Burela, unha actuación na que inviste 1,8 millóns de euros co obxectivo de incrementar a resistencia da infraestrutura fronte aos temporais e adaptala ás previsións de aumento do nivel do mar de cara ao ano 2100. A conselleira do Mar, Marta Villaverde, acompañada pola presidenta de Portos de Galicia, Natalia Botana, visitou o desenvolvemento dos traballos, que contan cun prazo de execución de 22 meses e está previsto que conclúan durante o primeiro trimestre de 2027. Na actualidade xa se completou a fabricación dos 160 bloques de formigón que servirán para consolidar o dique. Estas pezas, de tres metros de lado e cun peso de 56 toneladas cada unha, permanecen acopiadas no porto á espera de iniciar a súa instalación. A intervención céntrase nas zonas máis afectadas pola acción



do mar, onde se produciron desprendementos e perdas de estrutura debido aos temporais. Aproximadamente a metade dos bloques colocaranse desde terra, mentres que para instalar o resto será preciso empregar unha pontona e unha grúa de gran capacidade, superior ás 500 toneladas, capaz de operar desde o mar. Segundo destacou a titular de Mar, esta mellora permitirá reforzar a seguridade e a operatividade dun porto estratéxico para Galicia, no que operan arredor dun cento de embarcacións e que

figura entre os principais peiraos autonómicos en volume de descarga de peixe fresco. Ademais, o porto burelés lidera a comunidade en valor económico das vendas de peixe. As obras tamén beneficiarán ao tráfico comercial do recinto portuario, facilitando as operacións de carga e descarga dos buques mercantes, especialmente os dedicados ao transporte de madeira, e mellorando as condicións de traballo dos profesionais que desenvolven a súa actividade diaria nestas instalacións.

A Confraría de Celeiro denuncia actos vandálicos



A Confraría de Pescadores de Celeiro denunciou novos actos vandálicos nas inmediacións das súas instalacións, que provocaron a rotura do cristal do terminal TICPESC, unha ferramenta esencial para que pescadores e armadores realicen trámites administrativos relacionados coa actividade pesqueira durante as 24 horas do día. Este sistema permite emitir documentos de transporte, certificados de orixe ou rexistros de actividade, entre outras xestións. A entidade explica que os danos afectan temporalmente ao fun-

cionamento dun servizo de uso habitual, aínda que xa se están realizando os traballos necesarios para recuperar a súa operatividade canto antes. Ademais, lembran que non é a primeira incidencia rexistrada, xa que hai poucas semanas o terminal aparecera con pintadas. Os actos vandálicos tamén ocasionaron a rotura dunha varanda metálica de acceso ao aparcadoiro da sede da confraría, edificio catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC). Os feitos xa foron comunicados aos organismos competentes.

A Federación de Confrarías de Lugo recibirá 96.000 euros

A Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo renovaron a súa colaboración mediante un convenio de 96.000 euros destinado a apoiar a actividade da entidade durante 2026. O acordo, asinado en Burela pola conselleira Marta Villaverde e o presidente Basilio Otero, reserva 80.000 euros para garantir o funcionamento ordinario da federación, incluíndo tarefas de representación, asesoramento e coordinación das confrarías lusesas. Os 16.000 euros restantes destinaranse a actuacións de modernización, como a mellora do arquivo da sede, a renovación do equipamento informático e a organización do Congreso de Pesca Artesanal do Cantábrico Noroeste, no que se analizarán os principais retos do sector. A Consellería do Mar enmarca este convenio na súa colaboración continuada coa federación para fortalecer a representación profesional e impulsar a competitividade da pesca. Desde 2020, o apoio económico da Xunta á entidade supera xa os 520.000 euros.

COLABORACIÓN

Escoitar Santiago

CULTURA



Rebeca Maseda

Esta semana escoitei ao meu bo amigo Fernando Buide tocar o órgano da Catedral de Santiago por primeira vez e foi súper emocionante! Obviamente aprecio moitísimo a Fer e, polo tanto, para min foi moi especial, pero é que ademais, é un organista, músico e compositor excelente. Facía moitos, moitos anos que non entraba á Catedral e a verdade é que me encantou a experiencia, malia a inxente cantidade de turistas, que tolería...! Sinceramente non era consciente do volume de persoas que visita o templo compostelán cada día, aínda que, non me sorprende nadiña. Unha vez dentro, resulta inevitable erguer a vista. Por moitas fotos que vexamos ou por moitas veces que nos contan a súa historia, hai algo na Catedral que só se entende estando alí. E boa parte desa sensación ten que ver co órgano. En realidade, a Catedral conta

con dous grandes órganos barrocos xemelgos, situados un fronte ao outro, cuxas espectaculares caixas foron deseñadas no século XVIII por Fernando de Casas Novoa, o mesmo arquitecto ao que lle debemos a fachada do Obradoiro. Ao longo dos séculos foron restaurados e adaptados ás necesidades de cada época, pero seguen conservando ese poder de encher cada recuncho do templo cun son que parece non rematar nunca. Escoitalos en directo é desas experiencias que poñen a pel de galiña, mesmo para quen non sabe distinguir un coral de Bach dunha muiñeira. A verdade é que impresiona pensar na cantidade de músicos que tocaron ese instrumento antes. Séculos de celebracións, peregrinacións, festas, momentos solemnes e tamén outros máis cotiáns. A música forma parte da identidade da Catedral tanto coma a propia pedra. E, por iso, ver a Fer sentado diante dese teclado, nun lugar con tanta historia ás costas, fíxome unha ilusión especial. Non era só un concerto; era a sensación de asistir a un pequeno anaco de historia que continúa escribindo-



se. Porque, se falamos da Catedral, estamos falando dun edificio que leva case mil anos medrando, transformándose e adaptándose ao paso do tempo. A construción do templo actual comezou no ano 1075, durante o reinado de Afonso VI, sobre outras igrexas anteriores levantadas para gardar o sepulcro que a tradición atribúe ao apóstolo Santiago. O núcleo principal responde ao estilo románico, e aínda hoxe se aprecia perfectamente na planta, nas naves

ou no Pórtico da Gloria, esa marabilla esculpida polo Mestre Mateo a finais do século XII. Co paso dos séculos fóronse engadindo capelas, torres, claustros e novas fachadas. O resultado é unha mestura sorprendentemente harmoniosa de románico, gótico, renacentista e barroco. De feito, a imaxe máis coñecida da Catedral, a fachada do Obradoiro, é bastante “nova” se a comparamos co resto do edificio: rematouse no século XVIII para protexer o antigo pórtico románico das inclemencias do tempo e, de paso, ofrecer esa monumental carta de presentación que hoxe todos identificamos con Santiago. Hai tamén pequenas historias que sempre me pareceron curiosas. Por exemplo, durante séculos os peregrinos tiñan por costume apoiar a man nunha columna do Pórtico da Gloria ao entrar no templo. O xesto repetido millóns de veces acabou desgastando a pedra ata deixar marcada a forma dos dedos. Hoxe xa non está permitido para garantir a conservación da obra, pero ese detalle dá unha boa idea da cantidade de persoas que pasaron por alí ao longo da

historia. Outro dos grandes protagonistas é o famoso botafumeiro, que ademais do seu simbolismo relixioso, tamén cumpría unha función bastante práctica nunha época na que miles de peregrinos chegaban ao templo despois de semanas de camiño... e sen demasiadas oportunidades para ducharse, precisamente. Agora ben, saín da Catedral cun sentimento un pouco contradictorio. Por unha banda, paréceme marabilloso que tanta xente queira coñecer un patrimonio que tamén forma parte da nosa historia. Sería absurdo pretender que un lugar así permanecese baleiro. Pero, ao mesmo tempo, pregúntome ata que punto é sostible recibir cada vez máis visitantes sen que a cidade perda parte da súa esencia. Santiago sempre foi un lugar de encontro, de intercambio e de hospitalidade, iso é precisamente o que a fai especial. O reto está, probablemente, en atopar un equilibrio para que quen chega poida gozala sen que quen vive nela teña a sensación de deixar de recoñecela. Porque conservar o patrimonio non consiste só en restaurar pedras; tamén implica co- dar a vida que acontece ao seu redor.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil :	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Historia, paisaxe e lendas: Camiño Real da Carba

O itinerario que atravesa Xermade conserva elementos históricos, paisaxes de montaña e espazos de gran valor

O Camiño Real da Carba é unha das rutas con maior valor histórico e paisaxístico do concello de Xermade. Antigamente comunicaba Mondoñedo, capital do antigo Reino de Galicia, con Ferrol, converténdose nun importante eixo comercial e de comunicación polo que transitaron durante séculos viaxeiros, mercadores e autoridades. Hoxe, este antigo camiño ofrece aos sendeiristas unha oportunidade para descubrir un territorio no que natureza e patrimonio conviven en perfecta harmonía.

O itinerario atravesa a Serra da Carba, integrada no Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) da Serra do Xistral. A maior parte do percorrido discorre por pistas de terra que permiten camiñar con comodidade ata alcanzar o Garba, o punto máis elevado da serra, con 909 metros de altitude. Desde este lugar, coroado por un vértice xeodésico, poden contemplarse amplas panorámicas da Terra Chá e da Serra do Xistral.

Ao entrar en Xermade pola parroquia de Lousada aparece un dos elementos máis singulares da ruta: a Casa Neveira. Este edificio de pedra utilizábase para almacenar a neve durante o inverno e conservala durante meses, nun tempo no que era un recurso moi apreciado. Pouco despois, o camiño atravesa a Fraga da Lagoa, un bosque de gran valor ecolóxico onde medran carballos e acivros centen-

narios e nace o río Trimaz. Neste espazo tamén existiu un antigo foxo empregado nas tradicionais batidas do lobo. A ruta continúa entre referencias históricas como a Cruz da Rega, o Campo da Feira e a igrexa de Santo André de Lousada, antes de chegar á Ponte dos Corvos, de orixe medieval. Moi preto situábase unha antiga capela dedicada a San Andrés, da que, segundo a tradición, procede a imaxe

que hoxe se venera en Cedeira. Un dos lugares máis coñecidos do percorrido é Abelleira, onde se conserva a pousada de Pepa da Loba. A tradición popular presenta este personaxe como unha antiga bandoleira que rexentaba unha hospedaxe sen abandonar os asaltos aos camiñantes, converténdose nunha das figuras lendarias máis coñecidas da zona. Xa en Roupar, o camiño pasa por

Os Fornos, onde antigamente se cocía pan para abastecer aos viaxeiros, pola Capela do Campo e pola igrexa de San Pedro Fiz. O percorrido conclúe en dirección a Aguillón, deixando atrás un itinerario que conserva séculos de historia e que converte o Camiño Real da Carba nunha das rutas máis completas para descubrir a riqueza natural e cultural de Xermade.



DATOS



3 horas



12 quilómetros



Dificultade fácil



CAP
TODOS LOS MESES

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Formación Bonificada

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05